

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO

# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

---

2023-2024

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>9</b>
<b>MARCO LEGAL</b>	<b>9</b>
<b>CONTEXTO EDUCATIVO</b>	<b>10</b>
<b>O DEPARTAMENTO DE FRANCÉS DA E.O.I DE LUGO</b>	<b>11</b>
<b>NIVEL BÁSICO A1</b>	<b>12</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>12</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>12</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>13</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	13
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	13
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	14
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	14
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	14
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>15</b>
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	15
ESTRATÉXICOS	15
FUNCIONAIS	16
DISCURSIVOS	17
SINTÁCTICOS	18
LÉXICOS	21
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	22
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>22</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	22
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	23
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	24
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	25
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	25
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>26</b>
<b>NIVEL BÁSICO A2</b>	<b>30</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>30</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>30</b>

<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>31</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	31
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	31
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	32
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	32
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	32
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>33</b>
SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS	33
ESTRATÉXICOS	33
FUNCIONAIS	34
DISCURSIVOS	35
SINTÁCTICOS	36
CONTIDOS GRAMATICAI	37
LÉXICOS	39
CONTIDOS FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	40
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>40</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	40
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	41
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	42
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>43</b>
<b>NIVEL BÁSICO A1-A2</b>	<b>48</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>48</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>48</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>49</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	49
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	49
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	50
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	50
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	50
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>51</b>
SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS	51
ESTRATÉXICOS	51
FUNCIONAIS	52
DISCURSIVOS	53
SINTÁCTICOS	54

CONTIDOS GRAMATICAIS	55
LÉXICOS	56
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	57
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>57</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	57
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	58
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	59
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>61</b>
<b>NIVEL B1</b>	<b>67</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>67</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>67</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>68</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	68
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	68
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	69
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	69
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	70
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>70</b>
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	70
ESTRATÉXICOS	70
FUNCIONAIS	71
DISCURSIVOS	73
SINTÁCTICOS	74
LÉXICOS	79
FONÉTICOS E ORTOGRÁFICOS.	80
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>81</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	81
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	82
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	84
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	85
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	86
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>87</b>
<b>NIVEL INTERMEDIO B2.1</b>	<b>92</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>92</b>

<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>92</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>93</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	93
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	93
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	94
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	94
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	95
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>95</b>
SOCIOCULTURAIS	95
ESTRATÉXICOS	96
FUNCIONAIS	97
DISCURSIVOS	98
SINTÁCTICOS	99
LÉXICOS	102
FONÉTICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	103
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>103</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS:	103
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:	104
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	106
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	107
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	109
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>110</b>
<b>NIVEL B2.2</b>	<b>122</b>
<b>DESCRIPCIÓN DO NIVEL</b>	<b>122</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>122</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>124</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	124
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	124
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	125
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	125
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	126
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>126</b>
SOCIOCULTURAIS	126
ESTRATÉXICOS	126
FUNCIONAIS	127

DISCURSIVOS	129
SINTÁCTICOS	130
LÉXICOS	133
FONÉTICO-FONOLÓXICOS E ORTOTIPOGRÁFICOS	134
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>135</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS:	135
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS:	137
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	139
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	140
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	142
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>143</b>
<b>NIVEL AVANZADO C1</b>	<b>154</b>
<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>154</b>
<b>OBXECTIVOS XERAIS</b>	<b>154</b>
<b>NIVEL C1.1</b>	<b>156</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>156</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	156
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	156
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	156
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	157
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	157
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>157</b>
SOCIOCULTURAIS E SOCIOLINGÜÍSTICOS	157
ESTRATÉXICOS	158
FUNCIONAIS	159
DISCURSIVOS	160
SINTÁCTICOS	161
GRAMATICAIS	162
FONÉTICOS E ORTOGRÁFICOS	167
LÉXICOS	168
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>169</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	169
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	170
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	172

ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	174
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	175
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>176</b>
<b>NIVEL C1.2</b>	<b>189</b>
<b>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS</b>	<b>189</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	189
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	189
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	190
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	190
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	191
<b>COMPETENCIAS E CONTIDOS</b>	<b>191</b>
SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS	191
ESTRATÉXICOS	191
FUNCIONAIS	193
DISCURSIVOS	194
SINTÁCTICOS	195
GRAMATICAI	195
ORTOGRÁFICOS E FONÉTICOS.	200
LÉXICOS	201
<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN: MÍNIMOS ESIXIBLES</b>	<b>202</b>
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	202
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS	203
ACTIVIDADES DE COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	204
ACTIVIDADES DE PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	205
ACTIVIDADES DE MEDIACIÓN	206
<b>TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>207</b>
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>220</b>
<b>METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DE ENSINANZA-APRENDIZAXE</b>	<b>220</b>
<b>DESENVOLVEMENTO DAS CLASES TELEMÁTICAS</b>	<b>222</b>
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>	<b>222</b>
IGUALDADE DE XÉNERO	222
PLAN LECTOR	222
CLUBES DE LECTURA	222

<b>ACTIVIDADES CULTURAIS</b>	<b>226</b>
<b>RECURSOS</b>	<b>228</b>
<b>HUMANOS</b>	<b>228</b>
<b>MATERIAIS</b>	<b>228</b>
<b>AVALIACIÓN</b>	<b>231</b>
<b>AVALIACIÓN INICIAL</b>	<b>231</b>
<b>AVALIACIÓN FORMATIVA E DE PROGRESO</b>	<b>231</b>
<b>AVALIACIÓN CERTIFICADORA</b>	<b>232</b>
ESTRUTURAS DAS PROBAS	233
ADMINISTRACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN	233
AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE CERTIFICACIÓN	234
<b>CURSOS DE PROMOCIÓN</b>	<b>235</b>
AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS DE PROMOCIÓN	235
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	236
PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS E PROCEDEMENTOS DE RECLAMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓNS	236
<b>ATENCIÓN A DIVERSIDADE</b>	<b>236</b>
<b>AUTOAVALIACIÓN</b>	<b>237</b>
<b>AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA</b>	<b>238</b>



# INTRODUCCIÓN

## Marco legal

A presente programación baséase na seguinte lexislación:

**A Lei orgánica 2/2006** establece que as ensinanzas de idiomas de réxime especial se organizan nos niveis básico, intermedio e avanzado e que os ditos niveis se corresponderán, respectivamente, cos niveis A, B e C do Marco Europeo Común de Referencia para as Linguas (MECRL), que se subdividen, á súa vez, nos niveis A1, A2, B1, B2, C1, e C2.

**O Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro**, fixa as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación e o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 dos idiomas impartidos nas escolas oficiais de idiomas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes.

**O Decreto 81/2018, do 19 de xullo**, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no seu artigo 6.2 que a consellería competente en materia de educación establecerá o procedemento para a elaboración das guías curriculares de cada idioma, que serán comúns para todos os centros e deberán desenvolverse mediante as correspondentes programacións didácticas.

De acordo co apartado **18 da Circular 3/2018**, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elaborou a presente guía curricular, que vai dirixida ao profesorado das escolas oficiais de idiomas e ten como finalidade servir de base para a elaboración das programacións didácticas do departamento e das programacións de aula.

O desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2022-2023 basearase nas **RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscripción, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23**.

Esta Programación será unha guía para todos os membros do departamento e os alumnos de francés e marcará as pautas de funcionamento e os contidos. Permitirá ao alumnado estar informado dos contidos esixidos en cada nivel e da maneira de avaliar.

O/A profesor poderá organizar as súas clases como considere, sempre que sexan respectados os contidos de cada curso, así como as indicacións desta programación.

### **Contexto educativo**

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo (código: 27015955) está situada na entrada sur da cidade, cunha gran densidade de poboación estudantil: alumnado dos Conservatorios Profesionais de Música e Danza, Campus Universitario (no que destaca a Facultade de Veterinaria), Escola de Arte e Deseño Ramón Falcón e varios centros educativos de educación secundaria e de formación profesional. Tanto o alumnado como o persoal destes centros está amplamente representado entre o noso alumnado. A esixencia dun nivel B1 de dominio dunha lingua estranxeira ao remate de moitas carreiras universitarias e un mercado laboral cada vez máis globalizado que supón, en moitos casos, manter contactos con empresas no estranxeiro ou mesmo ter que emigrar, en particular aos países do norte de Europa, (Alemania, Reino Unido, Suíza e Francia) para conseguir un emprego, son tantos motivos para iniciar ou afondar o estudo dunha ou varias linguas estranxeiras nunha EOI. Por outra banda, a vantaxe de estar a menos de 10 minutos do centro histórico de Lugo e de ser a única EOI que ofrezca o estudo de seis linguas estranxeiras ademais do galego, nun radio de case 100 quilómetros, favorece que no noso centro o alumnado pertenza tanto ao eido urbano como ao rural.

Por outra banda, temos na EOI de Lugo un bo número de funcionarios relacionados co campo da saúde e das forzas de seguridade. A respecto da idade, existe unha heteroxeneidade importante entre o alumnado do centro (dende os 14 anos ata xubilados). Dado que a maioría son cidadáns en idade laboral ou que cursan estudos en distintos niveis, a escola convértese nun lugar en que o alumnado procura unha formación complementaria ou a mellora do seu currículo académico. Existe tamén unha porcentaxe máis baixa de alumnado que simplemente aprende un idioma por pracer, para poder viaxar con máis autonomía ou para manter unha actividade intelectual. Finalmente, o denominador común do noso alumnado é a motivación que o move a matricularse na EOI, na que o noso ensino non é obrigatorio, ben sexa para completar a súa formación académica ou polo pracer de adquirir unha ou varias linguas distintas da súa propia, que lle abren novos horizontes insospeitábeis.

## O Departamento de francés da E.O.I de Lugo

Compoñen o Departamento de francés as seguintes profesoras. Imparten os niveis e grupos que se especifican:

D<sup>a</sup> Tania Costa Lamas Grupos FR-A1-2, FR-A1A2-1, FR-B2.1-1, FR.C1.1-2

D. Adrian Alfonso Fervenza profesor substituto de D<sup>a</sup>Tania Costa Lamas

D<sup>a</sup> Marta García Martínez FR-A2-1, FR-B1-1, FR-B1-2, FR-B2.2-1

D<sup>a</sup> Blandine Mouret (Xefa do departamento) Grupos FR A1-1, FR C1.1- 1 FR C1.2-1

Os membros deste departamento celebrarán como mínimo unha reunión mensual os venres ás 12.00 ou os luns das 16.00 ás 17.30. Fixaranse despois de coñecer o calendario de reunidos órganos de participación e coordinación docente.

# NIVEL BÁSICO A1

## Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A1** será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

## Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

**Comprender** a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

**Producir e coproducir** textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e coproducir** textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiás ou con información persoal moi básica.

## Obxectivos específicos

### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas moi frecuentes que se refiren ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.

**Seguir** un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

**Comprender** instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

**Comprender** a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiás, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Establecer** contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.

**Presentarse** e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo/a, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiás.

**Participar** en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica.

**Interactuar** para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.

**Solicitar**, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

### Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.

**Comprender** instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús de restaurantes, folletos...)

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.

**Comprender** información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.

**Comprender** información relevante en noticias moi breves que contan con apoio visual.

**Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Completar** documentos básicos nos que se solicite información persoal.

**Tomar notas** a partir dunha información moi sinxela e predicible.

**Escribir** mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

**Intercambiar** correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.

**Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.

### Actividades de mediación

**Transmitirlle** oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.

**Mediar** en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.

**Repetir** a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou refráns, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

## Competencias e contidos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

### Socioculturais e sociolingüísticos

**Vida cotiá:** distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...

**Condicións de vida:** vivenda, transporte...

**Relacións persoais:** estrutura e relacións sociais e familiares

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá

### Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

**Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

**Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

**Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

**Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.

**Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

**Planificar** a estrutura básica do texto.

**Ensañar** o texto oral ou escrito.

**Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.

**Aproveitar** os coñecementos previos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

**Probar** novas expresións.

**Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

**Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

**Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.

**Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extra lingüísticos.

**Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

**Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.

**Comprobar** hipóteses.

**Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

**Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.

**Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

### **Funcionais**

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

#### **Usos sociais da lingua:**

Saudar e despedirse.

Presentarse ou presentar a alguén.

Dirixirse a alguén.

Pedir desculpas.

Agradecer.

Felicitar.

Convidar.

Interesarse por persoas.



**Control da comunicación:**

Manifestar comprensión e incomprensión.

Pedirle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.

Solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p. ex., falar devagar, soletrear, repetir).

Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

**Información xeral:**

Pedir e dar información sobre datos persoais.

Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.

Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.

Indicar posesión.

Indicar onde e cando ocorre algo.

Referirse a accións cotiás presentes.

**Opiniós e valoracións:**

Expressar intereses, preferencias e gustos.

Afirmar e negar algo.

Mostrar acordo e satisfacción.

Expressar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

**Estados de saúde, sensacións e sentimentos:**

Expressar sensacións físicas e sentimentos.

**Petición de instrucións e suxestións:**

Pedir axuda, obxectos e servizos.

Invitar, e reaccionar adecuadamente.

**Discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### **Traballarse a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

Formularios

Listaxes

Horarios

Billetes e entradas

Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)

Cartas de restaurantes e menús

Carteis, letreiros e sinais

Dicionarios

Folletos informativos ou publicitarios

Notas e mensaxes

### **Traballarse a seguinte tipoloxía de textos orais:**

Conversas cara a cara

Conversas telefónicas gravadas moi sinxelas

Documentos descritivos ou informativos (audio, video)

### **Sintácticos**

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común

- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

Contidos gramaticais

A ORACIÓN SIMPLE.

- A negación: « ne...pas »
- Interrogación.
  - Total.
  - Entoación
  - « est-ce-que »
  - Parcial.
  - Entoación
  - « est-ce-que »
  - « qui, que, quoi, quel, combien, où, comment, quand, pourquoi »

A ORACIÓN COMPOSTA.

- « et, ou, mais, parce que, quand »

O SINTAGMA NOMINAL.

- Determinantes.
  - Determinados: « le, l', la, les »
  - Indeterminados: « un, une »
  - Indefinido plural: «des»
  - Cantidad + de : « peu de, beaucoup de, assez de, trop de, combien de, trois kilos de»
  - Partitivos: « du, de la, del' »
  - Contractos : « de+le, de+les, à+le, à+les»
  - Posesivos : « mon, ton, son,...leur(s) ». Todos
  - Numerais cardinais
  - Pronomes
    - Persoais: tónicos ( « moi, toi, lui, elle ») e átonos (« je, tu, il/elle »)
    - invariable: « on »

- Obxecto Directo: « le, la / les »
- Substantivos comúns e propios
- Xénero : profesións e familia
- Número: regras xerais
- Adxectivo
- Xénero: nacionalidades
- Número. Regras xerais
- De cor

#### O SINTAGMA VERBAL

- Presente de Indicativo.
- «Passé Composé»
- Con auxiliar « être » (suxeito / participio pasado): « elle est partie, ils se sont promenés »
- Con auxiliar « avoir »
- Outros Tempos.
- Condicional de cortesía
- Outras formas verbais.
- C'EST / IL EST
- « venir de » + infinitivo
- « être en train de » + infinitivo
- «aller» + infinitivo
- « vouloir/pouvoir/devoir » + infinitivo
- Verbos relativos á climatoloxía.
- « pleuvoir, neiger, grêler, geler »
- il y a + substantivo (ex: « il y a du verglas »)
- être + adxectivo (ex : « le temps est frais »)
- faire + adxectivo/substantivo (ej : « il fait chaud » , « il fait soleil »)

Expresións de lugar, tempo e frecuencia.

#### Sintagma preposicional

- Introducción ás preposicións de lugar con cidades e países.

#### Contidos ortográficos

- Alfabeto. Soletrear
- Representación gráfica dos sons

- Los acentos : agudo, grave, circunflexo
- A cedilla, «ç»
- Apóstrofo.
- Signos de puntuación
- Uso das maiúsculas en nomes propios, lugares e xentilicios

## Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

- **Actividades cotiás:** hábitos e horarios...
- **Alimentación:** léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- **Bens e servizos públicos:** xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** aparellos de uso cotián...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...
- **Compras e actividades comerciais:** establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- **Educación:** material e actividades da aula, centros de ensino...
- **Identificación persoal:** datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- **Información e medios de comunicación:** noticias e reportaxes sinxelas...
- **Relacións familiares e sociais:** parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- **Saúde e coidados físicos:** estado físico, partes do corpo...
- **Tempo libre e ocio:** actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- **Traballo e profesións:** actividades profesionais máis habituais...
- **Viaxes:** nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- **Vivenda, fogar e contorna:** partes da casa, mobiliario básico...

## Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual

Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

## Crterios de avaliación: mínimos esixibles

### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.**

O alumno é quen de comprender os puntos esenciais e a información principal en conversas cotiás que se refiran a necesidades prácticas ou materiais básicas, expresadas con lentitude e boa articulación e de recoñecer as fórmulas de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns, e aquelas utilizadas para iniciar e terminar o discurso, así como a intención comunicativa dos falantes que as utilizan (agradecer, interesarse por algo ou alguén, desculparse...), reaccionando de

forma adecuada á situación de comunicación e á intención do emisor ou do interlocutor.

**Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do contexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.**

O alumno é quen de comprender a información esencial dun texto e de predicir e facer hipóteses do seu contido baseándose nos seus coñecementos do tema e das expectativas predicibles na situación de comunicación, deducindo o significado probable das palabras ou frases que descoñece coa axuda dos coñecementos doutras linguas, de claves contextuais (lugar da palabra na frase) e contextuais (ton da voz, expresións faciais, postura, posición no espazo, actos explícitos e xestos, que amosan e regulan o comportamento dos individuos), etc.

**Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.**

O alumno é quen de apreciar os sons e a entoación máis comúns.

### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

**Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.**

O alumno é quen de utilizar de maneira espontánea as formas de cortesía máis sinxelas e cotiás relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

**Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.**

O alumno é quen de facerse entender utilizando as expresións frecuentes máis básicas dos sentimentos e intereses persoais, tales como satisfacción, gusto e tristeza, admiración e sorpresa.

**Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

O alumno é quen de reaccionar nunha conversa á cara, e de dar e obter información sobre datos básicos, persoais como profesión, residencia, familia, orixe, gustos,

posesións, etc, empregando un repertorio básico de expresións sinxelas relativas a estes datos en intervencións moi breves, usando rutinas sinxelas e básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra.

**Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

E quen de utilizar de xeito adecuado un léxico elemental que lle permita dar e obter información sobre temas básicos con incorreccións que non imposibiliten a comunicación.

**Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.**

O alumno é quen de participar en conversas breves expresándose lentamente e con algúns erros.

#### **Actividades de comprensión de textos escritos**

**Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.**

O alumno é quen de atopar a información que se precise cunha finalidade inmediata en pequenas narracións moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de ocio, dicionarios, catálogos, etc. e pode identificar a intención de comunicación, fórmulas de saúdo e despedida e outras convencións básicas propias deste tipo de texto, e poder reaccionar de xeito adecuado a postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, etc

**Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.**

O alumno é quen de identificar información persoal básica (descrición física, nome, enderezo, teléfono, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc) presentada ou solicitada en textos como formularios, fichas, cuestionarios, carnés ou anuncios.

**Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.**

O alumno é quen de identificar os diferentes tipos de formato así como as regras ortográficas e de puntuación máis utilizadas.



### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).**

O alumno é quen de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediata necesidade (indicando horas, número, prezo...), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectores elementais.

**Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

O alumno é quen de cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo...) e de escribir, en papel ou soporte dixital, notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio aprendido.

**Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.**

O alumno é quen producir textos cun léxico sinxelos respectando as regras básicas de puntuación e ortografía.

### Actividades de mediación

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptor, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

## Temporalización

O nivel A1 impartirase para o grupo A1.1(luns e mércores) en 118 horas e para o grupo A1.2 (mércores e venres) en 116 horas de clase presenciais. O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por calendario ou por algún outro motivo non se poidan impartir presencialmente.

O curso estará dividido en 2 cuatrimestres, traballarase 3 unidades cada cuatrimestre.

Cada unidade traballarase aproximadamente en 10 sesións de 2 horas, aproximadamente.

As unidades están baseadas no método A PROPOS A1 Primeiro cuatrimestre: Dossier 1 a 3:

Secuenciación e unidades	Gramática Léxico Fonética	Producción e comprensión escrita e oral	Contidos socioculturais
Unidade 1 Toi moi nous	<b>Gram.</b> Conxugación dos verbos (presentación) Preguntar a identidade Masculino/feminino Singular/plural Afirmación- Abecedario Os números ata o 30 Os determinantes: «un/une/des» <b>Léxico</b> A identidade As profesións As expresións do ben vivir <b>Fonética</b> Interrogación (entoación) /y/ / u/ Sons do feminino/masculino	<b>C.E.</b> Comprender un formulario. Comprender un texto informativo sobre datos de poboación. <b>C.O. -P.O.</b> Comprender un formulario. Distinguir as diferentes maneiras de: Abordar a alguén. Presentarse e dar información persoal. Saudar, despedirse. Agradecer Saber facer preguntas. Soletrear e recoñecer números. <b>P.E.</b> Encher un formulario Facer corresponder sons e grafías. Presentar a alguén.	O tratamento «tu/vous» Apelidos e nomes recorrentes. Francia e Europa. A poboación en Francia.
Unidade 2 En famille	<b>Gram</b> <b>Conxugación.</b> Verbos en presente Concordancia de nomes e adxectivos. Artigos determinados e indeterminados Os posesivos	<b>C.E.</b> Comprender un artigo de prensa (descrición dun acontecemento) <b>C.O. - P.O.</b> Comprender unha sondaxe Identificar a unha persoa	Primeiro contacto coa sociedade francesa: unións, a familia e as relacións...

	<p>Presentativo «C'est»  A negación  Conxunción: «et»  Preguntar o estado civil.  «Est-ce que ? »</p> <p><b>Léxico</b>  O estado civil. A familia  A roupa. As cores.  Os gustos e pasatempos</p> <p><b>Fonética</b>  Marcas de feminino e de plural  Diferenciar /je/ /j'ai/  Ritmos e encadeamentos</p>	<p>ou un obxecto  Expresar os seus gustos  <b>P.E.</b>  Presentarse en páxina de Internet.  Describir a unha persoa</p>	
<p>Unidade 3  Quelle journée !</p>	<p><b>Gram.</b>  A conxugación : «faire- aller- venir- prendre»  Artigos contratados.  O tempo.  Adverbios de frecuencia.  Verbos pronominais: «se lever, se laver, s'habiller. »  Adversativo : «mais»  Preguntar: «qu'est-ce que.. »</p> <p>Conxunción: «ou»</p> <p><b>Léxico</b>  O lecer : deportes, espectáculos, actividades  Meteoroloxía  Días da semana.  Momentos do día. A hora.  As actividades cotiás.</p> <p><b>Fonética</b>  Recoñecer os números  A entoación exclamativa</p>	<p><b>C.E.</b>  Cartas e mensaxes de invitación, de aceptación ou de rexeitamento.  Texto informativo sobre costumes e ocio  Gráficos sobre actividades cotiás.  <b>C.O. - P.O.</b>  Identificar a hora.  Identificar actividades e frecuencia  Falar das súas actividades cotiás e facer preguntas.  Pedir e indicar a hora.  Redactar unha entrada para unha bitácora de ocio deporte e tempo libre.</p>	<p>Os horarios dos franceses, as actividades cotiás, deporte e ocio</p>

2 cuadrimestre unidades 4,5,6

<p>Unidade 4 Vous désirez ?</p>	<p><b>Gram.</b> Expresar a necesidade, a vontade e a capacidade. «il faut, vouloir, pouvoir, falloir» : As cantidades indeterminadas e determinadas. A comparación do adxectivo. A negación. O futuro próximo: «aller+inf» <b>Léxico</b> A alimentación. Froitas e hortalizas. Carnes e peixes. Cereais. Lácteos. Sobremesas. Bebidas. O consumo. A roupa. O calzado O corpo. Saúde e estado físico. <b>Fonética</b> Diferenciar «du/de» Os números- os prezos</p>	<p><b>C.E.</b> Comprender mensaxes instantáneos. Comprender unha receita. Comprender un texto informativo. <b>C.O.- P.O.</b> Comprender un diálogo nunha tenda. Comprender un diálogo e anotar información. Acordar unha cita. Elixir menú nun restaurante. Elixir unha vestimenta nunha tenda de roupa. <b>P.E.</b> Redactar unha receita. Redactar unha invitación.</p>	<p>Especialidades francesas. A moda do biolóxico. A evolución da alimentación dos franceses. A forma física</p>
<p>Unidade 5 Ici et là !</p>	<p><b>Gram.</b> A obriga e a prohibición. «Devoir et falloir» As preposicións de lugar. O imperativo. Os adxectivos demostrativos. <b>Léxico</b> Calidades e defectos das persoas. A cidade, o aloxamento Os comercios Os transportes <b>Fonética</b> /e pechada/-/e aberta/- /t/-d/-f/-v/-s/-z/</p>	<p><b>C.E.</b> Entender un anuncio. Entender comentarios nunha bitácora. Entender un texto sobre transportes ecolóxicos. <b>C.O.- P.O.</b> Entender a descrición dun aloxamento. Describir un aloxamento. Explicar un itinerario. <b>P.E.</b> Redactar un anuncio. Describir un aloxamento e describirse un mesmo para compartir o arrendar. Participar nun nunha bitácora</p>	<p>Os transportes en Francia. Vivir no campo e na cidade. Os tipos de aloxamento.</p>

<p>Unidade 6 Ailleurs</p>	<p><b>Gram.</b> As preposicións de países, cidades.. O pasado: «passé composé (être et avoir) ». Concordancia e negación. O duración: «depuis, il y a» <b>Léxico</b> As viaxes. O clima. A meteoroloxía. Os estudos <b>Fonética</b> «Présent/passé composé» /e pechada/-/e aberta/ /y/-/u/</p>	<p><b>C.E.</b>Comprender catálogos de viaxes. Comprender textos descritivos. <b>C.O.- P.O.</b> Situacións prácticas nun contexto de ocio. <b>P.E.</b> Contar unha viaxe nunha bitácora Reservar un aloxamento</p>	<p>As vacacións dos Franceses.</p>
-------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------

## NIVEL BÁSICO A2

### Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

### Obxectivos xerais

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

**Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e coproducir** textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

## Obxectivos específicos

### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

**Comprender** o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

**Comprender** o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

**Comprender** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

**Comprender** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Desenvolverse** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

**Desenvolverse** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

**Describir** nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lle axudan coas respostas.

**Expoñer** plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

**Solicitar** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

**Comprender** tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

**Comprender** as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

**Comprender** textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

**Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Intercambiar** información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

**Describir** de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

**Intercambiar** correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

**Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

### Actividades de mediación

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

**Mediar** en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

**Resumir** brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contan con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou



necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

**Tomar notas** moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

## Competencias e contidos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

### Socioculturais e sociolingüísticos

**Vida cotiá:** horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

**Condicións de vida:** vivenda, condicións laborais, transporte...

**Relacións persoais:** relacións sociais, familiares, profesionais...

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

### Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

**Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

**Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

**Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

**Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.

**Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

**Planificar** a estrutura básica do texto.

**Ensaiar** o texto oral ou escrito.

**Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.

**Aproveitar** os coñecementos previos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

**Probar** novas expresións.

**Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

**Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

**Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.

**Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.

**Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

**Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.

**Comprobar** hipóteses.

**Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

**Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.

**Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

## Funcionais

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse.

Presentarse ou presentar a alguén.

Dirixirse a alguén.

Pedir desculpas.

Agradecer.

Felicitar.

Convidar.

Interesarse por persoas.

Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.

Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

#### **Control da comunicación:**

Manifestar comprensión e falta de comprensión.

Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.

Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

#### **Información xeral:**

Describir persoas, obxectos e lugares.

Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.

Expoñer proxectos e formular hipóteses.

#### **Opinións e valoracións:**

Valorar un feito.

Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.

Expresar coñecemento ou descoñecemento.

Expresar estados de ánimo.

#### **Petición de instrucións e suxestións:**

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.

Suxerir unha actividade.

### **Discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

#### **Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

Horóscopos

Correspondencia persoal (cartas, tarxetas postais, correos electrónicos, fax, invitacións, felicitacións, tarxetas de visita)

Programacións de radio e televisión

Horarios

Folletos

Currículos

Textos xornalísticos (ofertas de traballo)

Correspondencia formal

Textos literarios sinxelos

Axendas e diarios

### **Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

Partes informativos

Horarios

Entrevistas

Contos, historias e anécdotas

Presentacións

Mensaxes

Conversas á cara

### **Sintácticos**

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

- Oración declarativa. Suxeito + (Neg) + (pronome de Obxecto Directo/pronom e de Obxecto Indirecto) + Verbo+ (Neg)
- Oración exclamativa. Elemento exclamativo en posición inicial. Fenómenos de concordancia
- Concordancia Obxecto Directo-Participio pasado (no *passé composé*)
- O sintagma nominal. Núcleo.Substantivo.Comparación de igualdade (*autant de + nome*)
- Pronomes. Recoñecemento dos usos máis habituais do pronome en (substituto de cantidades). Modificación do núcleo
- Determinantes.Cuantificadores: indefinidos

- Aposición. Modificación mediante sintagma adxectivo, sintagma preposicional e frase de relativo. Posición dos elementos: (Determinante) + (Sintagma Adxectivo) + Nome + (Sintagma Adxectivo) + (Sintagma Adxectivo) + (Sintagma Preposicional) + (frase de relativo)
- O sintagma adxectivo. Núcleo: adxectivo. Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial e sintagma preposicional. Posición dos elementos: (Sintagma Adverbial) + Nome + (Sintagma Preposicional)
- O sintagma verbal. Núcleo: verbo. Aspecto. Contraste durativo/habitual: *être en train de* + infinitivo/presente.
- Contraste iterativo/puntual: o prefixo re- (*dire/redire, commencer/recommencer, etc.*)
- Contraste incoativo/terminativo: (*commencer à* + infinitivo / *finir de e venir de* + infinitivo)
- Tempo. Expresión do pasado: imperfecto do indicativo; (*venir de* + infinitivo, *Passé composé*). Expresión do futuro: futuro simple do indicativo
- Modalidade. Necesidade: (*avoir besoin de* + infinitivo)
- O sintagma adverbial. Grao: comparativo de igualdade (*aussi*+ adverbio)
- O sintagma preposicional. Núcleo: preposicións e locucións prepositivas. Modificación do sintagma mediante sintagma adverbial. Posición dos elementos: (sintagma adverbial) + preposición + núcleo.
- Funcións sintácticas do sintagma: Obxecto Indirecto e Complemento Circunstancial

## Contidos gramaticais

### A ORACIÓN SIMPLE

Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición

Oración declarativa

Suxeito + (Neg) + (pronome de Obxecto Direct/pronom e de Obxecto Indirecto) + Verbo+ (Neg)

Oración exclamativa

Elemento exclamativo en posición inicial

Fenómenos de concordancia

Concordancia Obxecto Directo-Participio pasado (no *passé composé*)

### O SINTAGMA NOMINAL

Núcleo

Substantivo

Comparación de igualdade (*autant de + nome*)

Pronomes

Recoñecemento dos usos máis habituais do pronome en (substituto de cantidades)

Modificación do núcleo

Determinantes

Cuantificadores: indefinidos

Aposición

Modificación mediante sintagma adxectivo, sintagma preposicional e frase de relativo

Posición dos elementos: (Determinante) + (Sintagma Adxectivo) + Nome + (Sintagma Adxectivo) + (Sintagma Adxectivo) + (Sintagma Preposicional) + (frase de relativo)

O SINTAGMA ADXECTIVAL

Núcleo: adxectivo

Modificación do núcleo mediante sintagma adverbial e sintagma preposicional

Posición dos elementos: (Sintagma Adverbial) + Nome + (Sintagma Preposicional)

O SINTAGMA VERBAL

Núcleo: verbo

Aspecto

Contraste durativo/habitual: (*être en train de + infinitif*)/presente e imperfecto do indicativo

Contraste iterativo/puntual: o prefixo re- (*dire/redire, commencer/recommencer, etc.*)

Contraste incoativo/terminativo: (*se mettre à e commencer à + infinitivo / finir de e venir de + infinitivo*)

TEMPO

Expresión do pasado: imperfecto do indicativo; (*venir de + infinitivo. Passé composé*)

Expresión do futuro: futuro simple do indicativo

MODALIDADE

Necesidade: (*avoir besoin de + infinitivo*)

O SINTAGMA ADVERBIAL

Grao: comparativo de igualdade (*aussi+ adverbio*)

## O SINTAGMA PREPOSICIONAL

Núcleo: preposicións e locucións prepositivas

Modificación do sintagma mediante sintagma adverbial

Posición dos elementos: (sintagma adverbial) + preposición + núcleo

Funcións sintácticas do sintagma: Obxecto Indirecto e Complemento Circunstancial

## Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

- **Actividades cotiás:** a distribución do día e a rutina diaria: horarios e hábitos de comida, alimentos asociados; horarios e costumes relacionados co traballo; os ciclos anuais (estacións, festas e vacacións); actividades de lecer, etc.
- **Alimentación e gastronomía:** Gustos e preferencias. Comida: preparación e sabores. Materiais e utensilios.
- **As convencións sociais e as fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá:** felicitacións, invitacións, presentacións, puntualidade, regalos, saúdos e despedidas; vestuario, moda e tipo de vestimenta. Cores.
- **Bens e servizos:** Institucións, servizos sociais, servizos médicos
- **Ciencia e tecnoloxía:** Aparellos de uso cotián. Artigos para a casa.
- **Compras e actividades comerciais:** establecementos comerciais, prezos, formas de pagamento
- **Descrición persoal:** Aspecto físico. Formación e experiencia laboral
- **Educación:** Centros de ensino. Tipos de estudos. Resultados académicos. Materias.
- **Identificación persoal:** Descrición persoal: carácter, preferencias, crenzas.
- **Información e medios de comunicación:** Noticias e reportaxes sinxelas, canles de información (teléfono, correo...)
- **Relacións familiares e sociais:** principais festas populares, costumes e tradicións máis frecuentes, celebracións máis significativas e comportamento nelas (p.e., en aniversarios...)

- **Tempo libre e ocio:**Afeccións e intereses. Nomes de países, xentilicios máis habituais, turismo, medios de transporte, aloxamento, equipaxe, tipos de establecementos..

Paisaxe:Campo, cidade, montaña, mar..Previsións meteorolóxicas

- **Vivenda, fogar e contorna:**Mobiliario. Electrodomésticos e aparellos electrónicos, condicións da vivenda.Aluguer. Servizos (auga, luz, calefacción...). Accidentes.

### Contidos Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, seleccionar e producir os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, así como os elementos gráficos e as convencións ortográficas máis elementais para comprender os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua.

- Contidos ortográficos. Sistema de escritura: alfabeto. Representación gráfica de fonemas e sons. Correspondencias: simples, dobres e triplas; para un ou dous sons. Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente. Uso básico das maiúsculas na organización textual e en nomes. Signos ortográficos. Signos de puntuación. Acentos (agudo, grave e circunflexo), cedilla, diérese e apóstrofo. División de palabras no final da liña segundo a estrutura silábica da palabra
- Contidos fonéticos. Sons e fonemas vocálicos. Sistema vocálico: orais/nasais; e pechado/e caduco; e aberto/e pechado, etc. Ditongos e tritongos. Sons e fonemas consonánticos: oposicións ([b]/[v], etc.); consoantes finais pronunciadas e non pronunciadas. Procesos fonolóxicos: nasalización e desnasalización, liaison, elisión e enchainement. Acento dos elementos léxicos illados. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma e na oración

### Criterios de avaliación: mínimos esixibles

#### Actividades de comprensión de textos orais

**Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.**

O alumno é quen de comprender a información esencial e de coñecer os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos da cultura ligada á lingua.



**Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.**

O alumno é quen de aplicar estratexias de comprensión que lle permiten deducir o significado de palabras que descoñece.

**Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.**

O alumno é quen de discriminar os sons e de apreciar a entoación máis común.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

**Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.**

O alumno é quen de comprender a información esencial e os aspectos máis relevantes dun texto.

**Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.**

O alumno é quen de inferir significados a partir do coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais: imaxes, tipografía, deseño, etc., así como das características do medio en que aparece impresa a información: revistas, carteis, xornais, folletos, Internet, etc

**Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.**

O alumno é quen de identificar os diferentes tipos de formato así como as regras ortográficas e de puntuación máis comúns.

### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

**Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.**

O alumno é quen de seguir e dar instrucións moi básicas (como ir a un lugar ou comprender avisos básicos), de facer preguntas e de dar respostas para asegurar a comunicación. Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións sempre que non imposibiliten a comunicación.

**Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.**

O alumno é quen de formular e responder intelixiblemente preguntas sinxelas sobre a súas actividades da vida diaria, tempo libre e lecer, relacións humanas e sociais habituais e sobre as condicións atmosféricas, sendo o seu repertorio léxico elemental pero propio dos distintos temas abordados.

**Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

O alumno é quen de ofrecer e rexeitar (invitar a ir ao cine, ir a clase xuntos, pedir apuntamentos...) utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e as expresións do acordo, do desacordo, do interese, da posibilidade e imposibilidade, así como a expresión de números, cantidades, horas e expresións temporais sinxelas relacionadas co pasado e co futuro.

**Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

O alumno é quen de formular e responder intelixiblemente preguntas sinxelas sobre a súas actividades da vida diaria, sendo capaz de participar en intercambios comunicativos e de realizar pregunta e respostas para asegurar a comunicación, empregando un repertorio léxico elemental pero propio dos distintos temas abordados.

**Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.**

O alumno é quen de pronunciar con suficiente claridade aínda que con acento estranxeiro e cometendo erros que non imposibilitan a comprensión.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).**

O alumno é quen de escribir textos breves moi sinxelos con información de inmediata necesidade (indicando horas, número, prezo...), empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, e frases e oracións simples e illadas, ou enlazadas con conectores elementais.

**Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.**

O alumno é quen de cubrir adecuadamente cuestionarios, formularios ou impresos con información persoal básica (nome, nacionalidade, idade, enderezo...) e de escribir, en papel ou soporte dixital, notas, cartas persoais, postais, felicitacións e correos electrónicos moi sinxelos e breves, que conteñan información cotiá ou de primeira necesidade, usando as fórmulas máis básicas de saúdo e despedida, adaptando a presentación ao tipo de texto e usando frases e oracións simples e illadas ben estruturadas e cunha orde lóxica, dentro dun repertorio aprendido.

**Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.**

O alumno é quen de utilizar estratexias que faciliten o proceso de escritura, sendo capaz de producir textos cun léxico sinxelo onde a ortográfica, a puntuación, a orde das palabras e a presentación sexan correctas.

É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

## Temporalización

O nivel A2 impartirase en 118 horas de clase presenciais O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por calendario ou por algún motivo non se poidan impartir presencialmente.

O curso estará dividido en 2 cuadrimestres de aproximadamente 60 horas. Traballaranse 4 unidades cada cuadrimestre, dedicándolle unhas 15 horas a cada unha: aproximadamente 7 sesións. Para o traballo das 8 unidades teremos como base uns *dossiers* elaborados polo profesorado así como o *cahier Illico A2*.

En cada unidade traballaremos as actividades de lingua así como os contidos e competencias expostas nesta programación. A distribución queda da seguinte maneira:

<p>Unidade 1 Nos amis les bêtes</p>	<p><b>Gram.</b> O presente e presente progresivo. As preposicións e os verbos pronominais recíprocos. Repaso dos adx. posesivos. Pronomes posesivos. <b>Léxico</b> Animais, a familia.  <b>Fonética</b> e aberta, e pechada nasalización: masc-fem <i>mien-mienne</i></p>	<p><b>CE</b> Comprender textos descritivos dos diferentes tipos de familia. Comprender e asociar animais coas súas respectivas descrições. <b>C.O.-P.O.</b> Comprender a presentación dunha familia e recoñecer as relación de parentesco entre os membros.. Identificar diferenzas de comportamentos coas mascotas. Describir a súa mascota. <b>P.E. mediación</b> Presentar a súa familia e as súas mascotas.</p>	<p>A familia. Tipos de familia. As mascotas.</p>
<p>Unidade 2 Au fil du temps</p>	<p><b>Gram</b> Obrigación, imperativo afirmativo, <i>devoir</i>, <i>falloir</i> +infinitivo Prohibición, imperativo negativo, <i>devoir</i> forma negativa, <i>falloir</i> forma negativa+infinitivo. A causa. <i>Comme</i>, <i>parce que</i>  <b>Léxico</b> O deporte. A saúde e a enfermidade. Os xogos e os deportes. Os accidentes. As costumes. <b>Fonética</b></p>	<p><b>C.E.</b> Comprender anuncios relacionados con las actividades cotiás. Comprender descrições de actividades deportivas <b>C.O.-P.O.</b> Comprender diálogos relacionados coa saúde. Identificar diferenzas de comportamentos. Comprender diálogos nun contexto de xogos. Falar de xogos, deportes e saber describir unha doenza. Poñerse de acordo na elección da práctica dun xogo e ou dun deporte. <b>P.E. mediación</b> Elaborar un retrato</p>	<p>As actividades extra escolares Os deportes A saúde</p>

	e aberta, e pechada Son <i>wa</i> Pronuncia da terceira persoa do plural <i>ent</i>	dunha persoa maior. Participar nunha bitácora, falando do tema dos deportes e xogos no exterior.	
Unidade 3 Ailleurs	<b>Gram.</b> As preposicións de países, cidades.. O pasado: <i>passé composé être et avoir</i> . Concordancia e negación. A duración: <i>depuis, il y a</i> <b>Léxico</b> As viaxes. O clima. A meteoroloxía. Os estudos <b>Fonética</b> <i>Présent/passé composé</i> /e pechada/-/e aberta/- /y/-/u/	<b>C.E.</b> Comprender catálogos de viaxes. Comprender textos descriptivos. <b>C.O.- P.O.</b> Situacións prácticas nun contexto de ocio. <b>P.E.</b> Contar unha viaxe nunha bitácora Reservar un aloxamento	As vacacións dos Franceses. .
Unidade 4 Au boulot	<b>Gram.</b> <i>Imparfait.</i> A comparación do nome e do verbo. <i>Mieux et meilleur.</i> Os pronomes relativos: <i>qui, que, où</i> . <b>Léxico</b> O traballo : os estudios e as profesións <b>Fonética</b> Presente/imperfecto Son /j/ .Camille	<b>C.E.</b> Comprender un texto, carta e artigo de prensa sobre a temática do traballo. <b>C.O.-P.O.</b> Comprender conversas sobre o traballo. Recoñecer as profesións mediante definicións. Describir, comparar e elixir profesións. Falar dos estudos. <b>P.E mediación</b> Redactar un correo para participar como estudiante nun intercambio lingüístico.	Hábitos en materia de educación, estudios, traballo. As novas tecnoloxías.

<b>2 cuadrimestre unidades 5,6,7,8</b>			
<p>Unidade 5 Vivre ensemble</p>	<p><b>Gram.</b> Pronomes directos e indirectos <i>le-la-les-l'-lui-leur</i> Repaso do <i>passé composé</i> + <i>imparfait</i>. <i>Impératif</i> et <i>partitifs</i>. Causa: <i>..comme....</i>, consecuencia <i>donc</i>, <i>alors</i> <b>Léxico</b> Alimentación, consumo, gastronomía, medio ambiente. <b>Conectores.</b> <i>D'abord, ensuite, après, enfin, donc..</i> <b>Fonética</b> Pronomes /le/ /les/ e nasalización</p>	<p><b>C.E.</b> Comprender un texto informativo sobre a protección do medio ambiente. Comprender un texto descriptivo sobre os hábitos gastronómicos dos franceses ou francófonos. <b>C.O.-P.O.</b> Identificar diferenzas de comportamentos. Presentarse como ecocidadán. Comprender receitas. Falar do seus gustos culinarios. <b>P.E. mediación</b> Elaborar unha receita. Elaborar un decálogo de boas condutas ecolóxicas.</p>	<p>O medio ambiente Políticos comprometidos no ámbito da ecoloxía. Grandes cociñeiros.</p>
<p>Unidade 6 64 millions de consommateurs</p>	<p><b>Gram.</b> Pronomes <i>en - y</i>. Presente e pasado Colocación do adxectivo na oración. Presente progresivo. Repaso do pasado recente e do futuro próximo. A comparación <b>Léxico</b> Medio ambiente, consumo, aloxamento, mobiliario, roupa, métodos de pagamento. <b>Fonética</b> <i>Liaison</i>, Discriminación de <i>plys/ ply</i>.</p>	<p><b>C.E.</b> Comprender mensaxes comerciais. Comprender descrições de mobles. Comprender artigos sinxelos relacionados con actividades comerciais. <b>C.O.-P.O.</b> Identificar escenas en comercios. Identificar documentos comerciais. Recoñecer descrições de roupa e complementos. Describir un obxecto. Expresar a comparación. <b>P.E mediación</b> Describir un obxecto. Expresar a comparación.</p>	<p>O consumo, os medios de pagamento, a vestimenta e a moda.</p>

<p>Unidade 7 Médias.fr</p>	<p><b>Gram.</b> O futuro, as formas da negación. Colocación dos pronomes complementos na oración en pasado, futuro próximo e futuro simple. <b>Léxico</b> Informática, Internet, prensa. <b>Fonética</b> Terminacións do futuro Discriminar /r/ //</p>	<p><b>C.E.</b> Comprender artigos sinxelos relacionados coas novas tecnoloxías. Comprender artigos sinxelos relacionados coa prensa e as redes sociais. <b>C.O.-P.O.</b> Identificar tipos de revistas segundo a temática. Asociar descrições con imaxes. Identificar programas televisivos Falar da súa experiencia como internauta e con respecto ás novas tecnoloxías.. <b>PE mediación</b> Participar nun foro de novas tecnoloxías.</p>	<p>A prensa, a televisión, a informática, Internet</p>
<p>Unidade 8 Cultivons nos plaisirs</p>	<p><b>Gram.</b> <b>Articuladores lóxicos</b> <b>Fonética</b> Discriminar e pronunciar /ɥi/ /ã/ /a/</p>	<p><b>C.E.</b> Comprender unha entrevista a un profesional da gastronomía. Comprender opinións respecto ao viño. Comprender unha descrición dunha tipo de cociña exótica. <b>C.O.-P.O.</b> Describir carteis. Asociar carteis con acontecementos culturais. Poñerse de acordo en participar nun evento cultural, na elección dun restaurante <b>P.E. mediación</b> Aceptar unha invitación. Rexeitar unha invitación e propor outra máis axeitada.</p>	<p>A gastronomía O cine A literatura O teatro A banda deseñada</p>

## NIVEL BÁSICO A1-A2

### Descrición do nivel

O alumnado que supere o **nivel básico A2** será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

### Obxectivos xerais

**Comprender** o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

**Producir e coproducir** textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos/as interlocutores/as para manter a comunicación.

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.

**Producir e coproducir** textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.



**Mediar** entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.

## Obxectivos específicos

### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

**Comprender** o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

**Comprender** o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

**Comprender** a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

**Comprender** o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Desenvolverse** nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

**Desenvolverse** en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

**Describir** nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lle axudan coas respostas.

**Expoñer** plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

**Solicitar** a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

### Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

**Comprender** tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

**Comprender** as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

**Comprender** textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

**Utilizar** estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Intercambiar** información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

**Describir** de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

**Intercambiar** correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

**Utilizar** elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

### Actividades de mediación

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

**Transmitirle** oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

**Mediar** en situacións moi cotiáns, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

**Resumir** brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contan con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou

necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

**Tomar notas** moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

## Competencias e contidos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

### Socioculturais e sociolingüísticos

**Vida cotiá:** horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

**Condicións de vida:** vivenda, condicións laborais, transporte...

**Relacións persoais:** relacións sociais, familiares, profesionais...

**Linguaxe corporal:** expresións faciais, acenos, distancia interpersoal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

**Convencións sociais:** fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestiario...

### Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

**Determinar** os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.

**Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.

**Distinguir** o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).

**Formular** hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.

**Planificar** o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

**Planificar** a estrutura básica do texto.

**Ensaiar** o texto oral ou escrito.

**Adecuar** de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.

**Aproveitar** os coñecementos previos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

**Probar** novas expresións.

**Utilizar** estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve.

**Cooperar** coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.

**Deducir** o significado de palabras ou frases a partir do contexto.

**Compensar** as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.

**Efectuar**, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.

**Consultar** as posibles dúbidas e corrixir os erros.

**Comprobar** hipóteses.

**Reformular** hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

**Memorizar** palabras e estruturas novas aprendidas.

**Valorar** se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

## Funcionais

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

### Usos sociais da lingua:

Saudar e despedirse.

Presentarse ou presentar a alguén.

Dirixirse a alguén.

Pedir desculpas.

Agradecer.

Felicitar.

Convidar.

Interesarse por persoas.

Reaccionar ante unha información con expresións que manifesten o sentimento adecuado á situación.

Iniciar e concluír unha conversa telefónica moi sinxela.

#### **Control da comunicación:**

Manifestar comprensión e falta de comprensión.

Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.

Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Reformular unha palabra ou expresión para facilitar a comprensión.

#### **Información xeral:**

Describir persoas, obxectos e lugares.

Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.

Expoñer proxectos e formular hipóteses.

#### **Opinións e valoracións:**

Valorar un feito.

Xustificar de maneira moi sinxela unha opinión ou unha actividade.

Expresar coñecemento ou descoñecemento.

Expresar estados de ánimo.

#### **Petición de instrucións e suxestións:**

Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos.

Suxerir unha actividade.

### **Discursivos**

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas básicas que lle permitan ao alumnado producir e comprender, en situacións moi habituais, textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

#### **Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:**

Anuncios publicitarios

Formularios

Listaxes

Etiquetas de produtos e embalaxes

Folletos informativos ou publicitarios

Biografías

Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)

Cartas de restaurantes e menús

Carteis, letreiros e sinais

Axendas e diarios

Textos sinxelos e breves

Informacións meteorolóxicas

Notas e mensaxes

Instrucións sinxelas

Programacións de radio e televisión

Receitas de cociña moi sinxelas

Carteleiras de espectáculos

**Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:**

Conversas cara a cara

Conversas telefónicas sinxelas

Instrucións e anuncios

Presentacións públicas

### **Sintácticos**

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais.
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos.
- O posesivo. Formas e usos.

- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais.
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos.
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común.
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións.
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección.
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente.
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos.
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.

### Contidos gramaticais

#### A ORACIÓN SIMPLE.

- A negación: « ne...pas ».
- As construcións con ne... pas... ni (Il n'y a pas de garage ni d'ascenseur) e ne... ni... ni (Il n'y a ni garage ni ascenseur).
- A negación no rexistro familiar: j'ai pas peur, il a rien compris...
- Posición dos elementos do sintagma.
- Negación: sistematización das regras de colocación das partículas negativas con formas verbais simples (Il ne viendra pas) e compostas (Il n'est pas venu); a

negación co infinitivo presente e pasado (Il a promis de ne plus se plaindre, Il a reconnu ne pas avoir été à la hauteur...).

- Pronomes.

Sistematización das regras básicas de colocación dos pronomes con formas verbais simples (Je l'aime) e compostas (Je voudrais te parler, Il l'a vu); oracións afirmativas e negativas (Il ne m'a jamais compris).

- Fenómenos de concordancia.
- Participio pasado nos tempos compostos: concordancia suxeito - participio pasado (auxiliar être) e obxecto directo - participio pasado (auxiliar avoir: Marie, je l'ai vue hier; Où sont les livres que tu as achetés?; Combien de courriels as-tu reçus?; Quelle bonne idée tu as eue!).
- Sistematización do uso do pronome on.
- A concordancia dos tempos verbais no discurso indirecto en presente (Il dit qu'il viendra).
- Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc.).

### **O sintagma adverbial.**

Núcleo: adverbios e locucións adverbiais.

- Clases: cantidade e intensidade (assez, beaucoup, peu, presque, très, trop, etc.), tempo (alors, après, avant, bientôt, de nos jours, déjà, etc.), modo (bien, mal, exprès, vite, etc.) e lugar (ailleurs, autour, dedans, dehors, etc.); adverbios interrogativos (combien, quand, comment, etc.) e exclamativos (comme, que); a diferenza entre o adverbio interrogativo comment e o exclamativo comme: (Comment est-elle?/Comme elle est jolie!)
- Os adverbios en -ment: formación e uso.
- Uso da forma de entre os adverbios de cantidade e o nome: beaucoup de travail, trop d'ennuis, assez d'argent...
- Graos: positivo, comparativo (moins souvent, plus près) e superlativo (le plus longtemps possible); a distinción (meilleur(e)/mieux).
- Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial (trop vite), mediante sintagma preposicional (pendant longtemps), etc.
- Posición dos elementos do sintagma: o caso dos tempos compostos (Il mange trop/Il a trop mangé); sistematización da posición en francés de adverbios frecuentes, como por exemplo aussi, jamais ou toujours.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.).

### O sintagma preposicional.

- Núcleo: preposicións e locucións prepositivas.
- Preposicións: sistematización dos usos das preposicións máis usuais: *à, de, en, dans, par, pour, avec, sans, etc.*
- Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, mediante sintagma preposicional, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, complemento de réxime, etc.).
- Verbos frecuentes seguidos de preposición: *décider de, profiter de, penser à, croire à, réussir à, etc.*

### Léxicos

O alumnado será quen de coñecer, comprender, escoller e usar o vocabulario relacionado cos temas seguintes:

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- **Educación:** o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...

- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

## Fonéticos e ortográficos.

### Contidos ortográficos

Os contidos serán esencialmente os mesmos cos recollidos no Nivel Básico.

A diferenza radicará no maior nivel de corrección e de flexibilidade que lle poderá ser esixido ao alumnado.

- Alfabeto.
- Representación gráfica de fonemas e sons: sistematización das relacións entre grafía e son.
- Ortografía de palabras estranxeiras de uso habitual: adaptación ou mantemento da grafía orixinal.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursivas, etc.).
- Uso dos diferentes signos ortográficos.
- Acentos (agudo, grave e circunflexo): con / sen repercusión na pronuncia (sistematización).
- Utilización dos signos de puntuación como factor de cohesión textual.
- Utilización doutros signos ortográficos: cedilla, diérese, apóstrofo, guión, etc. División das palabras no final da liña, segundo a estrutura silábica da palabra.

### Contidos fonéticos

- Sons e fonemas vocálicos, semivocálicos e as súas combinacións.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. O caso das consoantes en posición final. Casos particulares: pronuncia dos numerais, de palabras de uso frecuente procedentes doutras linguas e de nomes propios de uso común.
- Procesos fonolóxicos: liaison, enchaînement, elisión, desnasalización, etc.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados. Distinción entre acento fonético e acento gráfico.
- Acento e a tonicidade. Entoación do grupo rítmico e dos diferentes tipos de oración.



## **Criterios de avaliación: mínimos esixibles**

### **Actividades de comprensión de textos orais**

**Comprende o que se fala respecto dos temas máis habituais dun ámbito próximo, nos que se dean opinións e se fale de experiencias persoais, sempre que a pronuncia sexa clara e se desenvolva sen modismos ou expresións pouco frecuentes e cunha velocidade normal.**

O alumno é quen de comprender os detalles de información relativa a datos persoais, horarios, prezos e números, e comprender preguntas e instrucións básicas e seguir indicacións breves relativas a necesidades cotiás sinxelas empregando un repertorio de palabras relativas a situacións de comunicación básicas dos ámbitos persoal e profesional.

**Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente na práctica profesional, nas que se abordan temas relacionados co traballo, coa educación e con asuntos públicos, sempre que sexan coñecidos e que a conversa sexa clara e ben estruturada.**

O alumno é quen de comprender as ideas principais e outros aspectos relevantes para o propósito comunicativo de textos orais que contén experiencias persoais (viaxes, estudos, experiencias laborais, relacións persoais, etc.), cunha fala lenta e nunha linguaxe estándar, identificando aspectos como a secuencia temporal das experiencias, a relevancia para a situación actual do falante e os sentimentos que suscitan.

**Comprende e segue instrucións que lle permiten poñer en marcha instrumentos ou aparellos cotiás, manexar e instalar aparellos relacionando o texto coas imaxes que lle facilitan a súa comprensión.**

O alumno é quen de reaccionar de forma adecuada, lingüisticamente ou coas accións pertinentes, ante instrucións sinxelas para a utilización de instrumentos ou aparellos coñecidos de uso cotián (por exemplo, unha cafeteira, unha cámara de vídeo, etc.), identificando as accións e a súa secuencia, coa axuda das imaxes, e os obxectos esenciais para realizar a tarefa.

**Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.**

O alumno é quen de comprender a idea principal e detalles concretos e relevantes para o obxectivo comunicativo en interaccións orais relativas a accións,

acontecementos e necesidades da vida cotiá, e nas que se articule lenta e claramente e de identificar cambios de tema recoñecendo fórmulas e procedementos lingüísticos utilizados habitualmente para ese fin.

**Comprende e segue a trama de textos e documentos audiovisuais de natureza narrativa (películas, series...) nos que o nivel de lingua é sinxelo e estándar e as axudas visuais permiten reconstruír o seu contido, aínda que se perda información.**

O alumno é quen de comprender textos audiovisuais informativos, sinxelos e breves (radio, televisión, publicidade, etc.), apoiándose para a comprensión nos elementos lingüísticos e paralingüísticos como son as imaxes, o coñecemento do lugar e do tema, o repertorio léxico previsible, sempre que sexa emitido con claridade, lentamente e en lingua estándar.

**Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.**

O alumno é quen de identificar as palabras clave e ideas principais dunha exposición pública breve sobre un tema habitual previamente coñecido, utilizando os coñecementos previos sobre os recursos lingüísticos máis frecuentes que poidan aparecer, e deducindo o vocabulario relacionado co tema e o contido posible do exposto.

### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

**Interactúa -inicia, mantén e finaliza- utilizando fórmulas simples en conversas relacionadas con temas cotiáns de interese persoal, ten un repertorio lingüístico sinxelo, ás veces precisa facer pausas para pensar o que quere dicir.**

O alumno é quen de expresarse nun rexistro estándar en situacións habituais de interacción social, usando adecuadamente os saúdos, despedidas, tratamentos e convencións para as quendas de palabra. Avalíase a capacidade para aceptar ou declinar unha invitación, dar a benvida, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas ou reaccionar ante elas, e mostrar empatía, se é o caso, co interlocutor.

**Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional empregando fórmulas simples.**

O alumno é quen de participar nun intercambio simple e directo de información sobre actividades e asuntos cotiáns, expresando a opinión, o desexo, o gusto, o

descoñecemento, formulando hipóteses, rectificando ou confirmando e é capaz de utilizar

proposicións textuais introducidas por conectores simples de oposición (mais, pourtant,...) de adición (et, en plus, même...), de reformulación (c'est à dire, je veux dire..), de causa, de consecuencia e de peche do discurso (enfin, pour conclure...)

**Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p. ex. nun asunto de saúde, xestións no banco, correos ou noutras institucións similares), sempre que as seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar.**

O alumno é quen de expresarse nun rexistro estándar en situacións nas cales deban mostrar sentimentos que se acorden ou non coas persoas implicadas na interacción, utilizando os marcadores lingüísticos de relacións sociais básicos, as normas de cortesía, fórmulas fixas e habituais de rexistro neutro para lograr a adecuación sociolingüística á situación de comunicación.

**Solicita e intercambia información de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares, accións e acontecementos dentro do seu campo de interese e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares do ámbito administrativo e académico, cun repertorio léxico propio do nivel.**

O alumno é quen de describir unha intención ou un proxecto, e de facer suposicións, se é o caso, propoñer actividades, avaliar alternativas, exemplificar e recapitular, usando expresións habituais, conectores de transición (d'une part, d'autre part..) ou temporais, cunha pronuncia intelixible para un locutor ben predisposto aínda que poidan producirse nalgún momento malentendidos e interrupcións.

**Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.**

O alumno é quen de producir un texto expositivo previamente ensaiado e de contido predicible para o oínte, cunha pronuncia suficientemente clara e comprensible, aínda que o interlocutor teña que solicitar repeticións de vez en cando para asegurarse de ter recibido a mensaxe. Valorarase, igualmente, a capacidade de responder ás preguntas dos interlocutores e de solicitar, cando cumpra, repeticións e aclaracións.

**Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).**

O alumno é quen de comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo relativas ó ámbito laboral (datos persoais, formación, gustos, intereses) e para obter bens e servizos en situacións de comunicación relativas a actividades da vida diaria (traballo, compras e actividades comerciais, transportes), tempo libre e lecer,

alimentación e saúde e outros temas do seu interese, aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.

**Pode participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.**

O alumno é quen de desenvolverse de xeito intelixible en intercambios sinxelos habituais sen moito esforzo, utilizando as fórmulas de inicio e peche adecuadas ó rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e estratexias e recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores como preguntar, pedir que se repita ou pedir que se fale máis a modo

**Pronuncia e entoa de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.**

O alumno é quen de mobilizar recursos lingüísticos como a utilización de expresións memorizadas fixas, para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan o que lle dixeron ou que lle soletreen unha palabra que non se entendeu. Así mesmo é capaz de ter en conta os acenos, a entoación, e unha pronuncia intelixible e que se efectúen, de forma básica, as aclaracións e as repeticións solicitadas polo interlocutor.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

**Comprende e localiza a información relevante en textos do seu interese cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos, anuncios publicitarios, guías turísticas etc.**

O alumno é quen de seguir instrucións básicas, por exemplo, comprar ou reservar un billete pola Internet, comprender informacións que lle permitan elixir un menú nun restaurante, seguir unha prescrición médica, unha receita de cociña, matricularse nun centro de estudos, etc.

**Le cun nivel de comprensión global suficiente textos narrativos, orixinais ou adaptados, que non presenten excesiva dificultade para o seu nivel, coa axuda do dicionario.**

O alumno, en todas as tarefas de comprensión de lectura, é quen de identificar palabras e ideas clave subministradas tanto polo texto como polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado global a partir do contexto lingüístico e paralingüístico, e dos coñecementos que se poidan ter doutras linguas e das características do medio

no que aparece impresa a información (revistas, carteis, xornais, folletos, Internet, etc.) ou coa axuda do dicionario.

**Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.**

O alumno é quen de localizar información específica básica, por exemplo, nunha entrevista: información sobre o carácter da persoa, o aspecto físico, os gustos, datos sobre a vivenda; nunha noticia breve ou suceso: o lugar e as persoas implicadas; nunha narración, as liñas xerais do argumento, os personaxes que as levan a cabo, o tempo ou o espazo onde se desenvolven.

**Segue as instrucións que lle permiten poñer en marcha, manexar ou instalar un aparello, relacionando o texto coas imaxes que facilitan a súa comprensión.**

O alumno é quen de identificar as formas lingüísticas que vehiculan a intención de comunicación do remitente, e de comprender expresións fixas e convencións sinxelas e básicas, coa axuda de imaxes.

**Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos ou ocupacionais e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.**

o alumno é quen de coñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo ó destinatario, corpo da carta, despedida e sinatura), así como de comprender un repertorio básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Redacta notas simples e breves -que poden presentar algunhas incoherencias- solicitando ou dando información de carácter inmediato, expresando opinións ou desexos.**

O alumno é quen de escribir notas e cartas persoais moi sinxelas nas que se expresen ideas básicas sobre temas persoais (os estudos, a familia, unha viaxe...) ou de interese persoal (música, películas...) tendo que coñecer a estrutura das cartas persoais (cabeceira, saúdo, corpo da carta, despedida e sinatura) e as expresións fixas básicas propias da función comunicativa da carta: agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.

**Enche impresos e formularios que demandan información persoal, académica ou do propio ámbito profesional nos que se pode requirir algún tipo de explicación ou aclaración.**

O alumno é quen de cubrir enquisas e cuestionarios breves, etc., sobre o traballo (profesión, horario, lugar de traballo...), os estudos, os hábitos (condicións de vida, horarios e actividades diarias).

**Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito persoal, académico e do seu campo profesional, nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.**

O alumno é quen de escribir sobre temas do seu interese (deportes, música...), dun xeito breve e sinxelo, usando estruturas básicas e aprendidas e utilizando un repertorio léxico básico e limitado, pero propio do tema.

**Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.**

O alumno é quen de redactar textos sinxelos sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal, usando unha serie de frases e oracións sinxelas enlazadas con conectores simples nas que, aínda que poida haber erros ortográficos, quede claro o que se intenta dicir.

**Toma notas concisas durante unha reunión, unha conferencia breve ou nunha actividade de aula en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.**

O alumno é quen de tomar notas para reter os datos máis relevantes dunha exposición oral tratándose dun tema coñecido exposto en lingua estándar.

**Utiliza, de xeito adecuado para facerse o bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p. ex., punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex., uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.**

O alumno é quen de utilizar estratexias que lle permitan planificar o texto tendo en conta as regras ortográficas, a orde das palabras e a presentación do escrito (marxes, espazos de interliñado, uso de maiúsculas e minúsculas...).

### **Actividades de mediación**

**Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.**

**É quen de facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos moi sinxelos.**

**Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.**

**É quen de facilitar** a interacción entre persoas coñecidas, aínda que non sexa de xeito fluído.

**Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible.**

**Pode tomar notas** de información importante e trasladalas ás persoas destinatarias.

**Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.**

**Pode identificar e reelaborar** por escrito información moi básica para transmitila.

## Temporalización

O nivel B1 impartirase nun curso académico cun total de 124 horas presenciais para o grupo B1-1 (martes e xoves) e 116 para o grupo B1-2 (mércores e venres). As sesións dividiranse en dous cuadrimestres de aproximadamente 60 horas cada un. O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por calendario ou por algún outro motivo non se poidan impartir presencialmente.

Traballaremos en cada cuadrimestre como mínimo 4 unidades de 14 horas cada unha. Para o traballo das 8 unidades teremos como base uns *dossiers* elaborados polo profesorado, así como o *cahier Illico A2*.

En cada unidade traballaremos as actividades de lingua ; así como os contidos e competencias expostas nesta programación. A distribución queda da seguinte maneira:

1º Cuadrimestre:

**Unidades da 0 á 4.**

Unidade	Contidos léxicos	Contidos gramaticais	Contidos fonéticos
0 En route pour la Normandie	Actividades turísticas. Léxico das vacacións, da gastronomía, o aloxamento, Os transportes.	O presente O pasado composto A expresión da opinión O tratamento formal: <i>vostede</i> O xénero e o número A expresión temporal: días e horas, <i>le lendemain, le surlendemain</i>	O u cerrado e aberto O b e o v
1 Nous allons pratiquer notre français en France.	Descrición dunha viaxe lingüística. Aloxamento. Os transportes. A cidade. Actividades turísticas.	As estruturas comparativas. e formas irregulares <i>mieux et meilleur</i> Pronomes indirectos y et <i>en</i> . Pronomes COD /COI Estruturas para a expresión da recomendación. Adverbios e locucións adverbiais. Adverbios <i>-amment/-emment</i> . Pronomes relativos: <i>qui, que, à qui, avec qui</i> . O xénero e o número do adxectivo cualificativo. A colocación dos adxetivos. Prefixos e sufixos dos adxetivos: <i>dés-, -able</i> , etc. A negación. O imperativo (para expresar obriga, permiso e prohibición). Artigos definidos, indefinidos e partitivos.,	A pronunciación do vocábulo <i>plus</i> . As vogais nasais A entoación para expresar a obrigación
2 Nous partageons nos expériences insolites	Actividades turísticas. O clima. Sentimentos e emocións. Actividades deportivas (Amélie	O pasado composto e o imperfecto. Uso dos verbos auxiliares <i>être, avoir, pouvoir, vouloir, savoir et devoir</i> . A expresión da obriga co subxuntivo presente.	As vogais nasais. A liaison A pronunciación dos tempos pasados.



	Mauresmo). Descripción dunha traxectoria persoal e profesional.	A expresión da prohibición e dar consellos. La mise en relief coas estruturas <i>c'est...qui/ c'est...que</i> O xénero e número dos sustantivos. determinantes demostrativos con <i>-ci et -là</i> . Os marcadores temporais: <i>il y a, pendant, depuis, dans</i> .	
3 Et en plus, nous parlons français!	O ámbito profesional e estudos. A entrevista. Intercambio de servizos. Actividades económicas e comerciais.	Articuladores para estruturar o discurso. A hipótese con <i>si</i> para dar consellos e indicar as consecuencias. O futuro simple O pluscuamperfecto. A interrogativa en situacións formais. Adxectivos indefinidos para expresar a cantidade.	A pronunciación de [S] e [z].  A denasalización.  A pronunciación de <i>tout e tous</i> .
4 Nous échangeons sur nos pratiques culturelles.	Series. Actos festivos. Expresar unha porcentaxe. Vida cultural (Leila Bekhti). Describir unha franxa de idade. O teatro (Marion Sarraut) Expresar desexos.	O lugar do adverbio (tempos simples e compostos). <i>Ce qui/ ce que...c'est/ ce sont</i> . Os pronomes interrogativos <i>lequel, laquelle, lesquels, lesquelles</i> . As perífrases interrogativas <i>qu'est-cequi...</i> ) O superlativo (formas irregulares) <i>le mieux et le meilleur</i> O condicional presente.	A pronunciación de [r]. A pronunciación de [y], [u] e [ø]. A pronunciación do imperfecto e do condicional.

2º cuadrimestre:

**Unidades da 5 á 8**

Unidade	Contidos léxicos	Contidos gramaticais	Contidos fonéticos
5 Vivons ensemble!	Estudos e diplomas. Características das persoas. A expresión do desacordo/ acordo. A vida en sociedade. Dar e expresar unha opinión.. Convencer. As sensacións. A saúde.	<i>C'est/ ce sont</i> + nome/ pronome Os pronomes indefinidos e a oración relativa. O discurso indirecto en presente. Os pronomes relativos <i>où</i> e <i>dont</i> . Os pronomes demostrativos <i>celui, celle, ceux, celles</i> . O presente continuo.	A pronunciación de [f], [v] e [b]. O encadeamento consonántico. A entoación para convencer.
6 Nous mettons en scène notre quotidien.	As receitas e utensilios de cociña. Éxito comercial e profesional (Hélène Darroze) Produtos de hixiene e cosmética. Obxectos diarios ligados as tendas e a moda.	Os verbos seguidos de preposicións. os verbos en <i>-cer, -ger, -yer, ayer</i> . A hipótese con <i>si</i> + imperfecto. Os pronomes indefinidos <i>quelqu'un, personne, nulle part</i> , etc.. A concordancia do participio con <i>avoir</i> e as construcións co auxiliar <i>être</i> + participio pasado. Os pronomes e determinantes posesivos. Os marcadores temporais.	A pronunciación de [y], [u] e [ɥ] . A entoación e o ritmo da interrogativa hipotética. A pronunciación de [ʃ] e [ʒ]
7 Nous nous souvenons... et nous agissons!	O traballo. As lembranzas. A vida asociativa. A natureza ( Maud Fontenoy).	O pretérito perfecto composto, o imperfecto e o pluscuamperfecto. Estruturas para indicar o tempo preciso ( <i>a partir du moment où, le jour où, etc.</i> ). As preposicións e os marcadores temporais. A causa e a consecuencia. As preposición (à, de) para unir un adxetivo ao seu complemento. A evolución: de <i>plus en plus/ de moins en moins</i> .	A pronunciación de [u] e /0/. A pronunciación de [k] , [g] e [ʒ] ] A entoación da oración exclamativa.

		A expresión da finalidade.	
8 Nous nous intéressons à l'actualité.	A actualidade e a información. Reaccionar, incitar e actuar. O comportamento e actitude. O medio ambiente. A actualidade literaria (Amélie Nothomb). As novas tecnoloxías.	A pasiva. A nominalización. O xerundio. O condicional [2] O subxuntivo para expresar os desexos. Os valores do pronome <i>on</i> . A expresión da oposición. Os determinantes cuantificadores.	A pronunciación de [ø] e [œ] <i>Liaison ou enchaînement?</i> A pronunciación dos verbos en subxuntivo.

## NIVEL INTERMEDIO B2.1

### Descrición do nivel

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

### Obxectivos xerais

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

**Comprender** o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben, sobre temas coñecidos, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.

**Producir e coproducir** descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.

**Comprender** o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos relativamente extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que poidan conter algunha expresión idiomática de uso moi común,

con vocabulario estruturas sintácticas propias do nivel, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.

**Producir e coproducir** textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha gama variada de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións habituais nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

## Obxectivos específicos

O alumno que remate o nivel B2.1. será capaz de realizar as seguintes actividades de lingua:

### Actividades de comprensión de textos orais

O alumno será capaz de:

**Comprender** conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións.

**Comprender** exposicións sinxelas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.

**Comprender** información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.

**Comprender** películas e series cunha trama sinxela e predicible, coa axuda da imaxe, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.

**Comprender** as liñas xerais e algunha información concreta de programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación, articulados con claridade.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

O alumno será capaz de:

**Interactuar** espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal.

**Resolver** problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.

**Explicar** de maneira xeral os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

**Dar opinión e argumentar**, aínda que con limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.

**Pedir** información complementaria ou aclaracións en situacións da vida cotiá.

**Expresar** puntos de vista con claridade e de forma sinxela.

**Facer preguntas** nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer dificultades.

**Realizar** unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

### Actividades de comprensión de textos escritos

O alumno será capaz de:

**Comprender** con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.

**Comprender** diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.

**Comprender** formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.

**Comprender** artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.

**Comprender** instrucións de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.

**Comprender** textos relacionados con materiais de cursos de formación académica de temas do seu ámbito de coñecemento.

**Seguir** a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela e con axuda do dicionario.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

O alumno será capaz de:

**Escribir** textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.

**Redactar** informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos xerais, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.

**Resumir** ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións e

argumentos) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.

**Describir** de xeito bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

**Facer** comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.

### Actividades de mediación

O alumno será capaz de:

**Sintetizar e transmitir** oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

**Sintetizar e transmitir** por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

## Competencias e contidos

Para acadar os obxectivos propostos para cada actividade de lingua o alumno deberá ter as seguintes competencias e contidos. Deste xeito poderá comunicarse e comportarse de maneira eficaz e adecuada nunha determinada comunidade.

### Socioculturais

O alumno ou a alumna deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades nas que se fala francés, xa que unha falta de competencia neste sentido pode distorsionar a comunicación. Teranse en conta as áreas seguintes:

- Vida cotiá (festividades, horarios, etc).
- Condicións de vida (vivenda, traballo, etc).
- Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros).
- Valores, crenzas e actitudes (institucións, arte, humor, etc.).
- Linguaxe corporal (xestos, contacto visual, etc.).
- Convencións sociais (convencións e tabús relativos ao comportamento).
- Comportamento ritual (celebracións, cerimoniais, etc.).
- Os servizos públicos

## Estratéxicos

O alumno será quen de mobilizar os recursos dispoñibles a través de estratexias co fin de aprender e comunicar de forma eficaz.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- **Autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- **Repetir**, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- **Identificar** o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.



- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

### Funcionais

O alumno será quen de desenvolver as funcións comunicativas en diferentes contextos tendo en conta: os usos sociais da lingua, o control da comunicación, a organización do discurso ou o ámbito comunicativo.

#### **Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:**

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

#### **Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:**

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

#### **Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:**

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.

- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

#### **Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:**

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

#### **Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:**

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.
- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida.

### **Discursivos**

O alumnado será quen de empregar as seguintes habilidades co fin de poder producir e comprender textos orais e escritos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión.

Traballarase as características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e da actividade comunicativa específica, das persoas participantes e da situación así como o tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos dos seguintes tipos de textos:

#### **Orais**

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

#### **Escritos**

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras

- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: reclamacións, cartas comerciais...
- Catálogos
- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

### Sintácticos

O alumno será quen de seleccionar e usar estruturas de lingua, en función da súa pertinencia, para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua.

Revisión de todos os contidos gramaticais vistos nos niveis anteriores. E ademais:

#### A oración composta.

- Subordinadas de relativo: en indicativo.
- **As subordinadas completivas:** incidencia da negación na elección do modo verbal; correlación de tempos e modos.
- **O estilo indirecto:** utilización dun repertorio relativamente amplo de verbos que introduzan o discurso indirecto: *affirmer, déclarer, nier, annoncer, assurer, avouer, etc.*
- Expresión de relacións lóxicas:

**Disxunción:** *soit... soit, ou bien... ou bien.*

**Oposición e concesión:** *cependant, néanmoins, toutefois, même si, bien que, au lieu de, sans que, tandis que, alors que.*

**Comparación:** a comparación paralela (*plus... plus, moins... moins, etc.*); uso de frases feitas de uso corrente (*tel père, tel fils*).

**Condición e hipótese:** *à condition que/de, en admettant/ supposant que, au cas où.*

**Causa:** *car, parce que, puisque, à cause de...*

**Finalidade:** *pour, afin que/de.*

**Consecuencia:** *donc, alors, par conséquent, c'est pourquoi, du coup*

**Relacións temporais** (anterioridade, posterioridade, simultaneidade): *lorsque, alors que, tandis que, une fois que, avant de/que, après que, après +infinitif passé, au fur et à mesure que; o xerundio (il lisait en attendant l'autobus).*

### **O sintagma nominal**

- Núcleo: substantivo e pronome.

Sustantivo.

- Número: palabras de uso frecuente que só se usan en plural. Plural dos nomes compostos.

O pronome.

- Formas, posición, uso. Fenómenos de concordancia.
- Clases:
- Posesivos: casos particulares (*Plein d'égards pour les siens*)
- Demostrativos: formas compostas.
- Indefinidos: as combinacións máis frecuentes con *n'importe*; uso de *aucun(e) et personne*.
- Os pronomes *en et y*: emprego co imperativo.
- Modificación do núcleo mediante determinantes.
- Cuantificadores: uso de derivados acabados en *-aine (dizaine)*, *en -el (annuel)*, etc.

### **O sintagma verbal:**

- Núcleo: verbo.
- Tempo.
- Expresión do pasado: pasado pluscuamperfecto.
- Expresión do futuro: futuro perfecto (futur antérieur).
- Modalidade.
- Imperativo afirmativo e negativo: combinado cos diferentes pronomes (de obxecto directo e indirecto; os casos de *en* e *y* e as particularidades de uso asociadas á pronuncia: *Parles-en à Paul, Vas-y sans moi*).
- Usos modais particulares do condicional (*Il aurait quitté sa femme, L'accident aurait causé dix morts*).
- Os valores modais usuais do pluscuamperfecto: arrepentimento (*Si j'avais su!*), etc.

**Aspecto:** ampliación do repertorio con novas estruturas.

- Durativo: *un conflit en cours de résolution, une espèce animale en voie de disparition; ne pas cesser de, ne pas arrêter de; continuer à, continuer de.*
- Terminativo: *arrêter de, cesser de.*

### **Voz pasiva.**

- Outras construcións de sentido pasivo: *Ses disques se vendent comme des petits pains, On a fait entrer le prévenu, Il a été décidé de tout vendre, etc.*
- Preposicións que introducen o complemento axente: casos máis usuais de utilización da preposición *de*: *Ses livres sont connus de tous, La cérémonie sera suivie d'un dîner, etc.*

**Subxuntivo presente:** usos frecuentes.

**Condicional presente e pasado:** usos frecuentes.

**O xerundio:** usos máis frecuentes.

**O infinitivo** presente e pasado; alternancia entre a proposición completiva e a proposición infinitiva: *Je ne voudrais pas qu'il se fâche/Je ne voudrais pas me fâcher.*

### **Modificación do núcleo mediante negación.**

- A construción restritiva con *ne... que*: diferenzas de uso respecto da negación (*Il ne boit pas d'alcool/Il ne boit que de l'alcool*).
- Posición dos elementos: regras básicas de colocación nas construcións con *vous* ou máis pronomes: *Il m'en parle souvent, Je le lui ai donné, Je l'y ai rencontré...*

Fenómenos de concordancia.

- Participio pasado: cos verbos pronominais, de *déplacement* et la concordance du COD avec avoir.
- A concordancia entre o suxeito e o verbo con suxeitos múltiples *Ma femme et moi sommes très heureux de vous accueillir* ou en construcións do tipo *C'est moi qui suis le chef ici!*
- A concordancia dos tempos verbais no discurso indirecto en pasado *Il a dit qu'il viendrait.*

### **O sintagma adverbial.**

- Núcleo: adverbios e locucións adverbiais.
- Ampliación do repertorio de locucións adverbiais: *à toute vitesse, de tout coeur, par coeur, à la belle étoile, à chaudes larmes, etc.*
- Os adverbios en *-ment*: casos particulares.
- Locucións adverbiais que indican a idea de progresión: *de plus en plus, de mal en pis, petit à petit, etc.*

O sintagma preposicional

- Núcleo: preposicións e locucións prepositivas.
- Ampliación do repertorio de locucións prepositivas: lugar, tempo, modo, etc.
- Distinción do uso de parellas de preposicións que poden levar a cometer erros: *vers/envers, avant/devant, entre/parmi, à cause de/grâce à, etc.*
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia; regras básicas para a repetición ou a non repetición da preposición en construcións múltiples *Notre entreprise a des correspondants à Vienne, à Madrid et à Milan/Le lot est composé de trois livres, quatre disques et quelques cahiers.*

## Léxicos

O alumnado será quen de coñecer, comprender, escoller e usar o vocabulario relacionado cos temas seguintes:

- **Actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...
- **Actividades económicas e comerciais:** comercio, entidades e empresas, industria...
- **Alimentación:** dieta, nutrición e gastronomía...
- **Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- **Clima, condicións atmosféricas e ambiente:** paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- **Educación:** osistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- **Identificación persoal:** títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- **Información e medios de comunicación:** prensa escrita, televisión e radio, Internet...
- **Política e sociedade:** institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- **Relacións humanas e sociais:** tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- **Saúde e coidados físicos:** movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- **Tempo libre e actualidade:** actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- **Traballo e profesión:** tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...

- **Viaxes e transportes:** planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- **Vivenda, fogar e contorna:** tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

### Fonéticos e ortotipográficos

- Sons e fonemas vocálicos, semivocálicos e as súas combinacións.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. O caso das consoantes en posición final. Casos particulares: pronuncia dos numerais, de palabras de uso frecuente procedentes doutras linguas e de nomes propios de uso común.
- Procesos fonolóxicos: liaison, enchaînement, elisión, desnasalización, etc.
- Acento fónico dos elementos léxicos illados. Distinción entre acento fonético e acento gráfico.
- Acento e atonicidade. Entoación do grupo rítmico e dos diferentes tipos de oración.
- alfabeto.
- Representación gráfica de fonemas e sons: sistematización das relacións entre grafía e son.
- Ortografía de palabras estranxeiras de uso habitual: adaptación ou mantemento da grafía orixinal.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursivas, etc.).
- Uso dos diferentes signos ortográficos: acentos (agudo, grave e circunflexo) con / sen repercusión na pronuncia (sistematización); utilización dos signos de puntuación como factor de cohesión textual; utilización doutros signos ortográficos: cedilla, diérese, apóstrofo, guión.
- División das palabras no final da liña, segundo a estrutura silábica da palabra.

### Cráterios de avaliación: mínimos esixibles

Os cráterios de avaliación terán en conta os obxectivos e os contidos propios do nivel.

#### Actividades de comprensión de textos orais:

**Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.**

O alumno é quen de comprender o esencial de exposicións públicas, emitidas en lingua estándar, sobre temas académicos ou actividades profesionais de contidos previsibles (por exemplo, saúde, educación, gastronomía, actualidade, etc.), que permiten usar os coñecementos previos para facilitar a comprensión.

**Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.**

O alumno é quen de comprender o esencial de conversas ou debates entre varios interlocutores, descrições e narracións breves reproducidas por medio de dispositivos multimedia (radio, televisión, vídeo, Internet, etc.), expresadas nunha linguaxe sen sentidos implícitos nin usos idiomáticos.

**Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.**

O alumno é quen de extraer información específica aínda que non comprenda a totalidade dos textos.

**Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...**

O alumno é quen de utilizar, en todas as tarefas de comprensión oral, estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades, deducindo do contexto o significado probable de termos ou enunciados descoñecidos.

#### **Actividades de produción e coprodución de textos orais:**

**Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.**

O alumno é quen de participar en interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais sobre os temas que se traten,



comprendendo o que se di se se articula con claridade, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases.

**Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo dun problema, se ten a cooperación da persoa interlocutora.**

O alumno é quen de solicitar e comunicar información concreta e sinxela, así como de pedir e seguir indicacións detalladas en situacións comúns da vida cotiá –como dirixirse a un lugar dunha cidade descoñecida, comprar un billete de transporte ou ir ao médico–.

**Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.**

O alumno é quen de comprender as ideas principais dunha discusión informal, facendo comentarios breves sobre os puntos de vista doutras persoas e sendo quen de facer comprender así mesmo tanto as súas opinións respecto de cuestións prácticas como as súas ideas sobre temas concretos ou abstractos, sempre que o discurso estea articulado con claridade en lingua estándar empregando estruturas idiomáticas moi habituais e un repertorio léxico adecuado ao tema abordado.

**Realiza en lingua estándar narracións, descricións sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.**

O alumno é quen de describirse con precisión a si mesmo e describir outras persoas con trazos físicos e psicolóxicos; de describir un obxecto detallando a forma, o tamaño, a impresión que causa, usando termos específicos sinxelos; de describir un lugar, partindo dunha visión xeral e localizando nel os distintos elementos e usando os termos e os conectores que indican situación no espazo; e, finalmente, de describir un proceso, presentándoo, indicando a finalidade, os elementos e explicando as fases en que se desenvolve mediante os termos e os conectores que indican a orde das operacións.

**Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas,**

**respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.**

O alumno é quen de usar recursos lingüísticos básicos e habituais e a súa adecuación sociolingüística e, así mesmo, o emprego de frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade en cuestión.

**Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.**

O alumno é quen de participar nunha conversa cun interlocutor o con varios, empregando un léxico adecuado ao tema.

**É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.**

Con este criterio avalíase a capacidade de producir monólogos sostidos de carácter moi sinxelo preparados de antemán, sen pausas excesivas e reaccionando lingüisticamente ás preguntas dos interlocutores, aínda que se teña que solicitar repetición.

**Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.**

O alumno é quen de empregar unha pronuncia correcta coa entoación axeitada á función comunicativa.

**Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descrições claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.**

Con este criterio valorarase, en todas as tarefas de expresión e interacción oral, a capacidade de chamar a atención do interlocutor, pedir repeticións para comprender mellor, repetir para focalizar a atención do interlocutor, etc. Valórase igualmente a expresión razoablemente fluída, malia que existan dúbidas e circunloquios, e a corrección nos elementos de coordinación e subordinación básicos para crear unha secuencia cohesionada e lineal.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

**Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.**

O alumno é quen de localizar informacións concretas en textos do seu interese ou que necesite cun fin particular, como poden ser cartas, catálogos e documentos oficiais breves, sexa no contexto da vida doméstica, do traballo, do estudo ou do lecer.

**Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.**

Con este criterio preténdese valorar a capacidade do alumno para seguir instrucións técnicas de aparellos de uso cotián (cámaras fotográficas, lavadoras...), instrucións de instalación ou uso de software do seu interese, sempre que conte con titoriais baseados fundamentalmente en esquemas visuais, etc. Valorarase tamén a capacidade para seleccionar a información relevante discriminándoa da secundaria.

**Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.**

O alumno é quen de comprender, nas noticias dun xornal, un suceso, as persoas implicadas, a súa localización temporal e espacial e os motivos e as consecuencias; de comprender o tema de debate e a postura a favor ou en contra nunha carta ao director ou nun artigo de opinión, etc., sen que as diferenzas socioculturais impidan a comprensión, e sempre que se poida facer un uso razoable do dicionario.

**Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.**

O alumno é quen de comprender un relato de acontecementos na súa dimensión temporal e espacial, recoñecendo os marcadores lingüísticos correspondentes, e identificar os desexos ou reaccións expresadas polo remitente.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Escribe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.**

O alumno é quen de escribir correctamente textos moi breves e sinxelos sobre asuntos do seu interese (Non hai pan Chama a María. Está enfadada) a interlocutores coñecidos para informar, contactar, invitar, agradecer e pedir desculpas.

**Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.**

O alumno é quen de reducir un texto a termos breves e precisos, creando con eles un pequeno texto sinxelo, de carácter narrativo, sen apreciacións persoais, repetindo abreviadamente o esencial do texto orixinal, e mantendo o fío condutor e a orde de exposición que aparece neste.

**Escribe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.**

O alumno é quen de narrar elaborando textos sinxelos coherentes e cohesionados, mediante marcadores de cohesión temática como a correferencia, a elipse, as repeticións, os signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual; valorarase igualmente o emprego de conectores que expresan relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

**Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.**

O alumno é quen de elaborar informes respectando as características deste tipo de textos (introdución, desenvolvemento e conclusión; identificación do asunto e do destinatario, etc.),tratando asuntos de actualidade de xeito sinxelo e con claridade, empregando un repertorio lingüístico adecuado ao tema e presentando argumentos a favor o en contra.

**Escribe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.**

O alumno é quen de resumir brevemente as ideas principais extraídas dunha exposición oral, libro, película etc., así como algún detalle básico.

**Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.**

O alumno é quen de producir textos escritos globalmente correctos que respectan as convencións formais: ortografía, puntuación, formato, presentación etc.

**É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.**

O alumno, partindo de diferentes fontes, é quen de seguir adecuadamente o proceso de escritura: a planificación do texto, a selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, a presentación das ideas segundo o tipo de texto, a organización adecuada en parágrafos e a revisión da ortografía, a puntuación e as concordancias.

### Actividades de mediación

**Transmite de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.**

É quen de transmitir de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as, de maneira organizada e en lingua estándar.

Reelabora documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

É quen de reelaborar documentos claros e sinxelos, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

**Repite ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.**

É quen repetir e reformular a información para facérllela comprensible ás persoas receptoras.

**Organiza adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.**

É quen de organizar adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

## Temporalización

O curso ten unha duración de 124 horas presenciais. O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por algún motivo non se poidan impartir presencialmente.

O curso divídese en dous cuadrimestres de 62 horas.

Utilizaranse os *dossier*s que elaborou o profesorado do departamento, nos cursos anteriores. Ademais, ampliaranse coñecementos co “*cahier d’activités*” *Illico 3 B1* da editorial Hachette, cos libros que aparecen na bibliografía complementaria desta programación, así como con material de páxinas de Internet adicadas ao FLE.

Na plataforma Moodle da EOI de Lugo, os alumnos atoparán o material traballado na clase así como actividades complementarias.

As unidades están elaboradas en torno aos temas léxicos da programación. En cada unha, ademais do léxico, estudaranse as estruturas sintácticas, a fonética, así como as cinco actividades de lingua: comprensión oral e escrita, produción escrita, oral e mediación.

**Primeiro cuadrimestre:** constará de 3 unidades de 16 horas e 1 unidade de 14 horas.

Estudaranse os seguintes temas léxicos:

1. Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, mudanza e instalación, equipamento e decoración. Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
2. Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións... Política e sociedade: institucións, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais... Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adicións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
3. Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento... Relacións humanas: tipos e formas e relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
4. Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas.

As unidades quedan distribuídas da seguinte maneira:

Unidade: 1	Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)	
Competencias e contidos:		Recursos didácticos:
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mudanza e elección dunha vila.</li> <li>- Aloxamento e características.</li> <li>- A emigración e expatriación.</li> <li>- As viaxes e os transportes.</li> </ul>	<p>Dossier 1 – <i>Tout changer</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidades 1 e 2 do “<i>cahier d’activités</i>” Illico 3.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verbos preposicionais para falar da expatriación (preposicións <i>pour, à, de</i>.</li> <li>- Expresar unha intención, unha ambición (<i>j’envisage de + infinitif</i>).</li> <li>- Repaso do futuro simple para facer plans.</li> <li>- O condicional presente para formular unha solicitude ou pedir un desexo.</li> <li>- O lugar do adxectivo.</li> <li>- O condicional presente para dar consellos, describir unha situación hipotética, para facer proposicións.</li> <li>- Os pronomes <i>où</i> e <i>dont</i> para dar peticións sobre un lugar (Revisión dos outros relativos simples. Tempo en indicativo).</li> </ul>	<p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética e ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Repaso das regras básicas de fonética.</li> <li>- Liaison e encadenamento consonántico.</li> <li>- Os trazos do francés familiar no oral.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender emisións de radio, conversas e entrevistas.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender textos de Internet e artigos de prensa.</li> <li>- Comprender textos dun foro e mails.</li> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar de viaxes.</li> <li>- Dar opinión sobre aloxamento.</li> <li>- Expresar puntos de vista sobre unha vila.</li> <li>- Aconsellar sobre trámites administrativos.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir nun foro.</li> <li>- Describir unha vila.</li> <li>- Escribir correspondencia formal (carta de reclamación)</li> </ul>	

<b>Mediación</b>	- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre viaxes, aloxamento, procesos administrativos, consellos ou expatriación.	
------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

<b>Unidade: 2</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b>Léxico:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Sentimentos vinculados coa vida cotiá.</li> <li>- <i>S'opposer et s'engager.</i></li> <li>- <i>Encourager la solidarité.</i></li> <li>- Movementos sociais.</li> <li>- <i>Les maladies et les médecines alternatives.</i></li> <li>-Síntomas dunha enfermidade.</li> <li>-Funcionamento do seguro médico.</li> </ul>	<p><i>Dossier 2– Société et engagement</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 2 do “<i>cahier d'activités</i>” Illico 3.</p>
<b>Gramática:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O subxuntivo para expresar sentimentos.</li> <li>- Expresar a consecuencia: <i>alors, donc, du coup, par conséquent, voilà pourquoi, c'est pour ça que, c'est la raison pour laquelle, ainsi...</i></li> <li>- O imperativo e os pronomes persoais para dar instrucións (en afirmativa e negativa).</li> <li>- O discurso indirecto (verbos introdutores amplos: <i>affirmer, déclarer, nier, annoncer, assurer, avouer, etc.</i></li> <li>- A negación para matizar gustos e intereses: <i>ne..pas, ne...rien, ne..jamais</i>; tempos simples e compostos, uso con pronomes.</li> </ul>	<p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b>Fonética e ortografía:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acento de insistencia.</li> <li>- As vogais nasais.</li> </ul>	
<b>CO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender conversas.</li> </ul>	
<b>CE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender textos de Internet.</li> <li>- Comprender cartas de reclamación.</li> <li>- Comprender mensaxes en foros.</li> <li>- Comprender documentos administrativos.</li> </ul>	



<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar sentimentos.</li> <li>- Pedir información sobre o seguro de enfermidade.</li> <li>- Posicionarse e dar opinión.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir nun foro.</li> <li>- Escribir sobre experiencias persoais.</li> <li>- Escribir correspondencia formal.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre movementos sociais, aspectos de saúde ou tendencias.</li> </ul>	

<b>Unidade: 3</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Datos e cifras.</li> <li>- Expresións para mostrar o acordo e desacordo.</li> <li>- Actividades de grupo no contexto profesional.</li> <li>- Os membros da familia.</li> <li>- Cerimonias familiares.</li> <li>- O papel das mulleres na familia.</li> <li>- A amizade.</li> </ul>	<p>Dossier 3 – <i>Loisirs</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 3 do “<i>cahier d’activités</i>” Illico 3.</p> <p>Fichas elaboradas polo profesor.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación do plural dos nomes compostos: <i>grand-parents</i>. Palabras que só se usan en plural.</li> <li>- Expresións de consello: <i>impératif, conditionnel, subjonctif présent</i>.</li> <li>- <i>A mise en relief</i>.</li> <li>- A finalidade (para convencer): <i>dans le but de, pour, afin que</i>.</li> <li>- Verbos preposicionais para informar dun acontecemento. Regras de repetición da preposición.</li> <li>- Os pronomes “<i>en</i>” e “<i>y</i>” para indicar un lugar, unha cousa ou unha idea (colocación tempos simples, compostos, imperativo)</li> <li>- A restrición.</li> <li>- A oposición e a concesión: <i>même si, bien que, mais, par contre, au contraire, alors que, tandis que, sans que, au lieu de, cependant, néanmóis, toutefois</i>.</li> <li>- Os pronomes demostrativos (compostos) e</li> </ul>	<p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>

	<p>indefinidos <i>certain, d'autres, les autres, les uns</i>.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pronomes posesivos: casos particulares como: <i>plein d'égards pour les siens</i>.</li> </ul>	
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A dúbida e a interrogación.</li> <li>- Variacións rítmicas e melódicas.</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión dos acentos, do uso de maiúsculas, minúsculas.</li> <li>- Divisións das palabras no final da liña.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender conversas.</li> <li>- Comprender unha emisión de radio.</li> <li>- Comprender un estudo sociolóxico.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender unha infografía.</li> <li>- Comprender información de páxinas de Internet.</li> <li>- Comprender correos electrónicos e artigos.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar de saídas.</li> <li>- Aconsellar</li> <li>- Propoñer unha saída.</li> <li>- Informar sobre un acontecemento.</li> <li>- Falar de acontecementos familiares e costumes.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir correspondencia informal.</li> <li>- Resumir e contar cerimoniais ou costumes.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre acontecementos familiares e costumes.</li> </ul>	

<b>Unidade: 4</b>	<b>Temporalización: 7 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apreciar a arte: léxico básico das artes (literatura, cinema, arquitectura, pintura e escultura).</li> <li>- As mulleres nas artes.</li> <li>- Termos sobre espectáculos en vivo.</li> <li>- Termos para recompensar e felicitar.</li> <li>- Comentar unha obra de arte.</li> </ul>	<p>Dosier 4- <i>Se cultiver</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 8 do "<i>cahier d'activités</i>" Illico 3.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Termos para falar do libro e da librería.</li> </ul>	Fichas elaboradas polo profesor.
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión da maneira e o parecido.</li> <li>- Revisión do comparativos.</li> <li>- Expresións como <i>plus...plus, moins...moins, tel père, tel fils, etc.</i></li> <li>- O superlativo para expresar entusiasmo.</li> <li>- O infinitivo para comprender unha cronoloxía.</li> <li>- O dobre pronome para evitar repeticións.</li> <li>- A interrogación.</li> </ul>	<p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar o entusiasmo.</li> <li>- A “<i>liaison</i>” obrigatoria e opcional.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender programas de radio.</li> <li>- Comprender unha entrevista.</li> <li>- Comprender unha conversa telefónica.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos.</li> <li>- Comprender un programa cultural ou un cartel.</li> <li>- Comprender unha crítica dun filme.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentar unha obra.</li> <li>- Preguntar sobre a carreira dun artista.</li> <li>- Comentar películas.</li> <li>- Debater sobre a importancia da lectura.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir unha crítica.</li> <li>- Escribir comentarios sobre libros, e manifestacións artísticas.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre as diferentes artes.</li> </ul>	

**Segundo cuadrimestre:** constará de 3 unidades de 16 horas e 1 de 14 horas.

Os temas léxicos desta últimas 4 unidades son:

5. Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas,(comercio xusto, hábitos de consumo)/Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais.../alimentación: dieta, nutrición e gastronomía.
6. Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos.../Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais...
7. Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet...
8. Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...

As unidades quedan distribuídas da seguinte maneira:

<b>Unidade: 5</b>		<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ecoloxía.</li> <li>- O despilfarro alimentario.</li> <li>- Dietas e gastronomía.</li> <li>- Actividades económicas: o crédito e o aforro.</li> <li>- Metereoloxía.</li> <li>- Paisaxe urbana e rural.</li> </ul>	<p>Dossier 5 – <i>Développement durable</i>(creado polo profesor)</p> <p>Unidade 4 do “<i>cahier d’activités</i>”Illico 3.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adxectivos e pronomes indefinidos para expresar e matizar a cantidade. E tamén <i>aucun/personne, n’importe qui, où, etc.</i></li> <li>- O participio presente para precisar unha acción.</li> <li>- Os adverbios de modo para dar precisións (adverbios en <i>-ment</i>)</li> <li>- Os adverbios de cantidade/intensidade para matizar a opinión. E uso de derivados acabados en <i>-aine (dizaine), en -el (annuel), etc.</i>Locucións adverbiais de progresión: <i>de plus</i></li> </ul>	<p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas</p>

	<p><i>en plus, de mal en pis</i> ou locucións como <i>à toute vitesse, de tout coeur, par coeur, à la belle étoile, à chaudes larmes, etc.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Algúns verbos preposicionais para expresar a finalidade dunha acción.</li> <li>- O infinitivo e o subxuntivo para expresar a finalidade dunha acción.</li> <li>- Incitar a actuar.</li> </ul>	<p>de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- os sons [y], [u], [ɥ]</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender un programa de radio.</li> <li>- Comprender un vídeo sobre a banda deseñada.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos.</li> <li>- Comprender páxinas de Internet.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contar unha experiencia.</li> <li>- Propoñer solucións.</li> <li>- Dar opinión e argumentar nun debate polémico.</li> <li>- Interactuar en conversas sobre ecoloxía.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir nun foro.</li> <li>- Escribir un mail formal.</li> <li>- Escribir un artigo.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre ecoloxía.</li> </ul>	

<b>Unidade: 6</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de estudos e diplomas.</li> <li>- O portfolio profesional.</li> <li>- As competencias profesionais.</li> <li>- Experiencia profesional.</li> <li>- Condicións laborais.</li> <li>- A igualdade laboral.</li> </ul>	<p>Dossier6 – <i>Travailler</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 5 do “cahier d’activités” <i>Illico 3</i>.</p>

<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Situar-se no tempo: <i>imparfait, futur simple, infinitif passé, passé composé, présent, plus-que-parfait</i>. (Repaso tempos do pasado e concordancia do participio con <i>avoir</i>).</li> <li>- Conectores para organizar un texto: <i>c'est pourquoi, pour, de plus, enfin, parce que, en effet, car</i>.</li> <li>- Estruturas para comprender e dar consellos: <i>l'impératif, devoir, conseiller, proposer de, il ne faut pas, pouvoir...</i></li> <li>- O pronome "où" para dar precisións sobre o lugar ou o tempo.</li> <li>- O xerundio para expresar simultaneidade.</li> <li>- Diferenzas entre o xerundio e o participio presente.</li> </ul>	<p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética e ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Diferenzas entre <i>passé composé, imparfait et conditionnel</i>.</li> <li>- Resaltar certas palabras.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender conversas ou testemuños.</li> <li>- Comprender programas de radio.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender unha carta de candidatura.</li> <li>- Comprender artigos.</li> <li>- Comprender extractos de libros.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar sobre o currículo profesional.</li> <li>- Expresarse sobre a motivación.</li> <li>- Dar consellos.</li> <li>- Interactuar en conversas sobre a xornada laboral.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir unha carta de motivación.</li> <li>- Escribir un mail informal.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintentizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre as condicións no traballo, a desigualdade en postos de poder.</li> </ul>	

Unidade: 7		Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)
Competencias e contidos:		Recursos didácticos:
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Partes dunha revista.</li> <li>- Escritura xornalística.</li> <li>- Termos dos medios de comunicación.</li> <li>- A información e a desinformación.</li> <li>- A linguaxe inclusiva nos medios de comunicación.</li> </ul>	<p>Dosier7 – <i>S’informer</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 6 do “<i>cahier d’activités</i>” Illico 3.</p> <p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A concesión para debater un tema.</li> <li>- A voz pasiva para insistir sobre o resultado dunha acción. Outras construcións de sentido pasivo. Preposicións que introducen o complemento axente.</li> <li>- A concordancia do participio pasado. Concordancia cos pronomes.</li> <li>- Os indicadores de tempo para precisar o momento no que se fala.</li> <li>- Verbos preposicionais.</li> <li>- Mecanismos para enfatizar. Concordancia suxeitos múltiples.</li> </ul>	
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os sons [œ] et [ø]</li> <li>- Troncación e nivel de lingua.</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ortografía das palabras estranxeiras.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender un programa de radio.</li> <li>- Comprender unha entrevista.</li> <li>- Comprender unha reportaxe.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos.</li> <li>- Comprender mensaxes nun foro.</li> <li>- Comprender páxinas de Internet.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comparar os medios de comunicación antigos e modernos.</li> <li>- Contar un acontecemento.</li> <li>- Contar feitos pasados.</li> <li>- Explicar e argumentar sobre noticias.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir nun foro.</li> <li>- Escribir correspondencia informal.</li> </ul>	

<b><u>Mediación</u></b>	- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre noticias do xornal ou revistas.	
-------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

<b>Unidade: 8</b>	<b>Temporalización: 7 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actividades para facer deporte e relaxarse.</li> <li>- A ciencia.</li> <li>- Mulleres na ciencia.</li> <li>- Reportaxes.</li> <li>- Economía e innovación.</li> </ul>	<p>Dossier8 – <i>L’innovation</i> (creado polo profesor)</p> <p>Unidade 7 do “<i>cahier d’activités</i>” Illico 3.</p> <p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os pronomes relativos compostos para evitar repeticións.</li> <li>- Estruturas para explicar o funcionamento ou a utilidade.</li> <li>- Establecer unha cronoloxía nunha argumentación: verbos como <i>cesser de, ne pas arrêter de, continuer à/de e relacións temporais: lorsque, tandis que, alors que, une fois que, avant de/que, après, après que au fur et à mesure que.</i></li> <li>- A expresión da dúbida et da certeza. Uso do indicativo e subxuntivo pola negación.</li> <li>- Condición e hipótese: <i>à condition que/de, en admettant/supposant que, au cas où.</i> Revisión hipótese, e uso do pluscuamperfecto para arrepentimento: <i>si j’avais su.</i></li> <li>- Disxunción: <i>soit...soit, ou bien...ou bien...</i></li> </ul>	
<b><u>Fonética:</u></b>	- Os sons [r] et [l]	
<b><u>CO</u></b>	- Comprender programas de radio.	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender formularios administrativos.</li> <li>- Comprender un diario.</li> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dar opinión sobre innovación científica.</li> <li>- Presentar unha innovación tecnolóxica.</li> <li>- Explicar as consecuencias dunha innovación.</li> </ul>	



<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Redactar informes breves con argumentos a favor e en contra.</li> <li>- Escribir nun foro.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas información sobre innovación científica, o papel da muller na ciencia, novas tecnoloxías.</li> </ul>	

## NIVEL B2.2

### Descrición do nivel

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

### Obxectivos xerais

O Nivel Intermedio B2 presenta as características do nivel de competencia B2, segundo este nivel se define no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas. O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá:

- comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–
- posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades
- terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro
- comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto.

Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas

variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas expresións idiomáticas de uso común.

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

- Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.
- Producir e coproducir descrições de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.
- Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en períodos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.
- Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.

## Obxectivos específicos

### Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender conversas que presenten argumentación, aínda que con algunhas limitacións para captar a ironía e o humor na aula axudados polo contexto, xesticulación...
- Comprender exposicións relativamente complexas sobre temas coñecidos, producidas a velocidade normal, en lingua estándar, cunha pronuncia clara e con marcadores explícitos.
- Comprender información en mensaxes e avisos detallados feitos en lugares públicos na variedade estándar da lingua.
- Comprender películas e series cunha trama sinxela e predicible, articuladas con claridade, a velocidade normal e en lingua estándar.
- Comprender as liñas xerais e algunha información concreta de programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.
- Comprender as liñas argumentais e as ideas principais dunha actividade lingüisticamente complexa, producida no ámbito académico ou na área profesional da súa especialidade.

### Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade.
- Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.
- Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.
- Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos.
- Pedir información complementaria ou aclaracións, por exemplo, no ámbito profesional ou académico, nunha visita guiada...
- Expresar puntos de vista con claridade e de forma sinxela en discursos formais e reunións de traballo.
- Facer preguntas nun relatorio, aula ou seminario sobre un tema coñecido ou previsible, aínda que a complexidade dos textos poida supoñer algunha dificultade.

- Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

- Comprender con suficiente detalle correspondencia formal e informal, na que se utilice algún modismo ou expresión coloquial de uso frecuente.
- Comprender diferentes tipos de textos, de temática xeral e de áreas específicas do seu interese, publicados nos medios de comunicación.
- Comprender formularios administrativos habituais do ámbito persoal e profesional.
- Comprender artigos e informes breves sobre temas actuais onde se adopten diferentes puntos de vista.
- Comprender instrucións, informacións técnicas e de funcionamento de produtos de uso común relacionados coa súa profesión ou do seu interese.
- Comprender textos relacionados con materiais de cursos de formación académica, tanto abstractos como concretos, de temas do seu ámbito de coñecemento.
- Seguir a liña argumental de textos literarios contemporáneos de estrutura sinxela con amplo vocabulario (con axuda do dicionario).

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

- Escribir textos relatando feitos sinxelos, coherentes e con cohesión, de experiencias da vida cotiá.
- Redactar informes breves transmitindo información e desenvolvendo argumentos, a favor e en contra, sobre asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade, aínda que requiran ser revisados.
- Resumir ou reformular escritos breves dos medios de comunicación ou doutras fontes (p. ex. noticias e fragmentos de entrevistas ou documentais que conteñen opinións, argumentos e análises) así como a trama e a secuencia dos acontecementos de películas ou de obras de teatro.
- Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.
- Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.
- Facer comentarios sobre películas, libros, obras de teatro, manifestacións artísticas etc.
- Producir textos de carácter académico, aínda que cun grao de elaboración limitada.

## Actividades de mediación

- Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.
- Sintetizar e transmitir por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes, as opinións e actitudes recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes sempre que os ditos textos estean ben organizados, producidos nalgunha variedade estándar da lingua e que se poidan volver escoitar ou reler as seccións difíciles.

## Competencias e contidos

### Socioculturais

O alumno ou a alumna deberá adquirir un coñecemento da sociedade e a cultura das comunidades nas que se fala francés, xa que unha falta de competencia neste sentido podedistorsionar a comunicación. Teranse en conta as áreas seguintes:

- Vida cotiá (festividades, horarios, etc).
- Condicións de vida (vivenda, traballo, etc).
- Relacións persoais (estrutura social e relacións entre os seus membros).
- Valores, crenzas e actitudes (institucións, arte, humor, etc.).
- Linguaxe corporal (xestos, contacto visual, etc.).
- Convencións sociais (convencións e tabús relativos ao comportamento).
- Comportamento ritual (celebracións, cerimonia, etc.).
- Os servizos públicos.

### Estratéxicos

Estratexias de aprendizaxe

Danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.

- Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).
- Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...)
- Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc.
- Relacionar a información nova con coñecementos previos.
- Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.

#### As estratexias de comunicación

Permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- Establecer hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- Restablecer e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- Reformular hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- Solicitar repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- Recoñecer as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

#### Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se

relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Usos asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento e a opinión:

- Formular hipóteses sobre un determinado suceso presente ou pasado.
- Comprender e expresarse con suficiencia en contextos académicos.
- Redactar textos de ámbito académico.
- Entender e aventurar un diagnóstico simple.
- Desenvolverse con soltura nun comercio.
- Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.
- Construír argumentos razoados.
- Comparar e contrastar alternativas.
- Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.
- Sintetizar unha información.
- Especular sobre causas e consecuencias.
- Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.
- Expresar hipóteses e posibilidades no pasado.
- Recoñecer o grao de formalidade de diferentes textos.
- Referir o contido dunha postal, dun correo electrónico, dunha información periodística...

Usos compromisorios, relacionados coa expresión de ofrecemento, a intención, a vontade e a decisión:

- Poñer condicións para unha acción futura.
- Negociar un acordo.
- Ofrecerse a facer algo, ofrecer axuda.
- Expresar intención ou vontade.

Usos directivos, teñen como finalidade que o/a destinatario/a faga ou non faga algo:

- Pedir opinións sobre algo ou alguén.
- Facer correccións, aclaracións, rectificacións etc.
- Lembrarlle algo a alguén ou advertir a outra persoa sobre algo.
- Descubrir nun texto erros ou usos lingüísticos incorrectos.

Usos fáticos e solidarios, que se realizan para manter o contacto social:

- Participar adecuadamente en diferentes tipos de situacións sociais.
- Actuar segundo as conviccións propias da comunidade en que se integre (visitas, invitacións, aceptación, rexeitamento...)

Usos expresivos, cos que se expresan determinadas situacións:

- Narrar unha lembranza empregando tempos do pasado.



- Expresar dúbidas.
- Presentar unha queixa ou reclamación.
- Mostrar sorpresa e admiración.
- Describir cambios de personalidade.
- Discutir sobre a información recibida.

### Discursivos

Fan referencia ás habilidades que o alumnado ten que adquirir para poder producir e comprender textos orais e escritos atendendo á súa coherencia e á súa cohesión.

Traballaranse as características do contexto segundo o ámbito de acción xeral e da actividade comunicativa específica, das persoas participantes e da situación así como o tipo, formato e estrutura textuais; variedade de lingua, rexistro e estilo; tema, enfoque e contido; patróns sintácticos, léxicos e fonético-fonolóxicos dos seguintes tipos de textos:

#### Orais

- Anuncios publicitarios
- Instrucións e indicacións
- Conversas formais e informais
- Debates e discusións formais
- Entrevistas de traballo e académicas, consultas médicas...
- Enquisas
- Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado
- Presentacións
- Cancións
- Representacións teatrais

#### Escritos

- Anuncios publicitarios e anuncios por palabras
- Correspondencia persoal e formal: cartas comerciais, reclamacións, notas e mensaxes...
- Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, cartas ao director, entrevistas...
- Informes, resumos e esquemas
- Textos literarios: contos, relatos breves, poemas, teatro...
- Novelas gráficas, bandas deseñadas e tiras cómicas
- Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias...
- Documentos comerciais: contratos, facturas, cartas comerciais...
- Catálogos

- Manuais de instrucións
- Guións
- Currículo
- Dicionarios
- Prospectos
- Receitas de cociña
- Adiviñas
- Biografías

## Sintácticos

Revisión de todos os contidos gramaticais vistos nos niveis anteriores.

E ademais:

### A oración composta

Subordinadas de relativo: sistematización das estruturas recollidas no nivel Intermedio.

- As subordinadas completivas: sistematización das construcións con indicativo, subjuntivo e infinitivo.
- As oracións impersoais: sistematización das estruturas recollidas no nivel anterior.
- O estilo indirecto: sistematización das estruturas recollidas no nivel anterior; verbo introdutorio en presente e en pasado.
- Expresión de relacións lóxicas.
- Conxunción: *d'ailleurs, d'autre part, en fait, etc.*
- Disxunción: *l'un... l'autre ..., d'un côté... de l'autre..., etc.*
- Oposición e concesión: *en revanche, quand même, malgré, etc.*
- Comparación: sistematización da comparación paralela.
- Condición e hipótese: sistematización das formas recollidas no nivel Intermedio.
- Causa: sistematización das formas recollidas no nivel anterior.
- Finalidade: sistematización das formas recollidas no nivel anterior.
- Consecuencia: sistematización das formas recollidas no nivel anterior.
- Relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade): sistematización das formas recollidas no nivel anterior.

### A oración simple

- Tipos de oración: enunciativa, interrogativa, exclamativa e exhortativa. Sistematización das estruturas recollidas no nivel anterior.
- A frase enunciativa.
- A mise en relief: sistematización das estruturas recollidas no nivel anterior.

- Frases truncadas de uso frecuente (*à suivre, facile à laver, appeler le 112 en cas d'urgence*).

### O sintagma verbal

- Núcleo: verbo.
- Clases: regulares e irregulares; uso dos verbos auxiliares e dos auxiliares modais.
- Tempo
- Sistematización do uso dos tempos verbais recollidos nos niveis Básico e Intermedio.
- Expresión do futuro: uso combinado do futuro perfecto (*futur antérieur*) co futuro imperfecto (*futur simple*).
- Expresión do pasado.
- Sistematización do recoñecemento das formas do *passé simple*.
- Modalidade
- Sistematización das estruturas recollidas nos niveis precedentes.
- O imperativo afirmativo e negativo: sistematización do uso cos diferentes pronomes (de obxecto directo e indirecto; os casos de *en* e *y*).
- Os valores modais do subxuntivo, do imperfecto do indicativo e do pluscuamperfecto: sistematización.
- **Aspecto:** sistematización das estruturas recollidas nos niveis anteriores.
- **Voz pasiva:** sistematización dos usos recollidos no nivel anteriores.
- **O subxuntivo presente:** sistematización dos usos frecuentes.
- **O condicional presente e pasado:** sistematización dos usos frecuentes.
- **O infinitivo presente e pasado:** sistematización dos usos frecuentes.
- Modificación do núcleo mediante negación.
- Sistematización das estruturas recollidas nos niveis anteriores.
- Sistematización do uso da construción restritiva con *ne....que*.
- Posición dos elementos do sintagma.
- Negación: sistematización das regras de colocación das partículas negativas.
- Pronomes.
- Sistematización das regras de colocación dos pronomes (*Je lui en ai parlé, Tu la leur rends?*).
- Fenómenos de concordancia.
- Participio pasado nos tempos compostos: sistematización dos casos con e sen concordancia.
- Funcións sintácticas do sintagma (verbo, suxeito, etc.).

## O sintagma nominal

- Núcleo: substantivo e pronome.
- O substantivo.
- Clases: común e propios, individuais e colectivos, simples e compostos.
- Xénero: casos particulares e excepcións (*compagnon/compagne*).
- O pronome: clases, xénero, número, posición, uso.
- Clases.
- Persoais: casos de repetición do pronome (*je les ai vus et (les) ai entendus*).
- Demostrativos: uso de *celui, celle, ceux, celles*.
- Relativos: formas simples e compostas precedidas de preposición. Frases feitas con que (*coûte que coûte*). Acordo co antecedente (*c'est moi qui ira*).
- Interrogativos: a interrogación directa e indirecta; variacións provocadas polo cambio de rexistro (*Elle habite où?*).
- Posesivos.
- Indefinidos: usos de *chacun(e)*.
- Fenómenos de concordancia.
- Modificación do núcleo.
- Modificación do núcleo mediante determinantes.
- O artigo: repetición e omisión do artigo (*professeur de/du lycée*).
- Numerais e ordinais de uso frecuente: sistematización de casos particulares (*le XXIème siècle, Louis XIV*).
- Indefinidos: sistematización de expresións de uso frecuente (*tous les deux mois, c'est une autre histoire*).
- Modificación do núcleo mediante aposición, sintagma (nominal, adxectivo, verbal, adverbial, preposicional), frase de relativo ou oración.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia: sistematización.
- Funcións sintácticas do sintagma (suxeito, obxecto directo, etc.)

## O sintagma adxectivo

- Núcleo: adxectivo
- Xénero: casos particulares e excepcións máis frecuentes.
- Número: casos particulares e excepcións máis frecuentes.
- Grao: positivo, comparativo e superlativo. Sistematización das formas recollidas nos niveis anteriores.
- Modificación do núcleo: mediante sintagma (nominal, adxectivo, preposicional) ou oración.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia.

- Sistematización das formas recollidas nos niveis anteriores; outros casos particulares (*avoir l'air, etc.*)
- Funcións sintácticas do sintagma (atributo, etc.).

### O sintagma adverbial

- Núcleo: adverbios e locucións adverbiais.
- Sistematización e ampliación do repertorio de adverbios nas diferentes categorías: tempo, modo, etc.
- Ampliación do repertorio de locucións adverbiais (*à la folie, nulle part, du coup, etc.*).
- Sistematización do uso dos adverbios en *-ment*.
- Sistematización do uso dos adverbios nos graos comparativo e superlativo.
- Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, mediante sintagma preposicional, etc.
- Posición dos elementos do sintagma: sistematización dos usos recollidos no nivel Intermedio.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, etc.).

### O sintagma preposicional

- Núcleo: preposicións e locucións prepositivas.
- Preposicións: sistematización do uso das formas recollidas nos niveis anteriores.
- Ampliación do repertorio de locucións prepositivas de diferentes tipos: lugar, tempo, modo, etc
- Casos frecuentes de omisión da preposición: *parler politique, voter vert, etc*
- Modificación do núcleo: mediante sintagma adverbial, mediante sintagma preposicional, etc.
- Posición dos elementos do sintagma e fenómenos de concordancia: sistematización.
- Funcións sintácticas do sintagma (complemento circunstancial, complemento de réxime, etc.).
- Sistematización do uso dos verbos usuais seguidos das preposicións *à* e *de*.

### Léxicos

Fan referencia ás capacidades do alumnado para coñecer, comprender, escoller e usar o vocabulario relacionado cos temas propios do nivel.

- Actividades artísticas: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, literatura, fotografía, artesanía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas...

- Actividades económicas e comerciais: comercio, entidades e empresas, industria...
- Alimentación: dieta, nutrición e gastronomía...
- Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, tecnoloxías da información e da comunicación...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: paisaxe urbana e rural, meteoroloxía, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...
- Educación: o sistema educativo, innovacións, problemas e conflitos...
- Identificación persoal: títulos e tratamentos, biografía, valores persoais, afeccións...
- Información e medios de comunicación: prensa escrita, televisión e radio, Internet....
- Política e sociedade: institucións, formas de goberno, conflitos e movementos sociais, modas e tendencias sociais...
- Relacións humanas e sociais: tipos e formas de relacións sociais, celebracións e actos familiares, sociais e relixiosos...
- Saúde e coidados físicos: movementos, sensacións e percepcións físicas, servizos de saúde, adiccións e drogas, medicina tradicional e alternativa, estética...
- Tempo libre e actualidade: actividades de lecer e culturais, acontecementos do momento...
- Traballo e profesión: tarefas que se desenvolven no traballo, desemprego e procura de traballo, condicións laborais, seguridade e riscos laborais...
- Viaxes e transportes: planificación das vacacións, experiencias persoais, problemas e incidencias...
- Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compra e alugueiro, mudanza e instalación, equipamento e decoración...

### Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

Profundización de todos os contidos gramaticais vistos nos niveis anteriores.

- Sons e fonemas vocálicos, semivocálicos e as súas combinacións.
- Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- Procesos fonolóxicos: *liaison*, *enchaînement*, *elisión*, desnasalización, etc.
- A función expresiva do acento, da entoación e da pausa.
- A silabación e o grupo rítmico.
- As palabras que teñen unha pronuncia irregular (*oeuf/oeufs*, *dix*, etc); a pronuncia dos acrónimos e das siglas (*SAMU/S.N.C.F.*, etc.). A pronuncia das palabras de uso frecuente procedentes doutras linguas.

- Recoñecemento dalgunhas particularidades na pronuncia en distintos territorios francófonos.
- Recoñecemento dalgunhas características asociadas aos rexistros de lingua.
- alfabeto/os caracteres.
- Representación gráfica de fonemas e sons.
- Sistematización das relacións entre grafía e son e da diferenza entre sílaba gráfica e fónica
- Alteracións ortográficas na formación do xénero e do número (*turc/turque, oeil/yeux*).
- A ortografía dos números: sistematización dos casos particulares.
- Abreviaturas de uso frecuente. Diferenza gráfica entre acrónimos e siglas (*SMIC/R.M.I.*, etc.). Ortografía de homófonos de uso frecuente (*sans/sang/cent*).
- Sistematización de casos particulares na conxugación de verbos de uso frecuente: verbos acabados en *-ger* e en *-cer*, reduplicación de l e t nos verbos en *-ler* e en *-eter*, a alternancia *i/y* nos verbos en *-yer*, outros casos de alternancia *y/i* (*s'asseoir, croire*).
- Casos particulares na interrogación (*A-t-on pensé à l'avenir?*).
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso frecuente.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc.).
- Signos ortográficos (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.).
- División de palabras ao final da liña. Estrutura silábica.

### **Criterios de avaliación: mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación terán en conta os obxectivos e os contidos propios do nivel.

#### **Actividades de comprensión de textos orais:**

**Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.**

O alumno é quen de comprender globalmente exposicións públicas sobre temas que lle son familiares ou directamente relacionados coa súa formación académica ou coa súa actividade profesional. Valorarase un razoable nivel de comprensión do esencial do contido destes textos, así como a familiaridade coa estrutura deste tipo de evento

comunicativo (introdución, mantemento do tema, exemplificación, etc. Considerarase que se poden ter dificultades para comprender todas as ideas principais de textos sobre temas especialmente complexos ou cando a organización do discurso non sexa relativamente previsible (por exemplo, se a presentación non ten un acompañamento visual que facilite a tarefa).

**Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, películas de trama sinxela, representacións teatrais. Procurarase que haxa unhas boas condicións acústicas, que o discurso estea ben organizado e que a estrutura do discurso sexa clara.**

O alumno é quen de comprender cunha certa eficacia as liñas argumentais complexas de textos audiovisuais de diferentes tipos e sobre diferentes temas, con desenvolvemento do contido de carácter previsible, adaptando as súas estratexias de comprensión ás características e condicións de recepción dos ditos textos: posibilidade de ter acceso a unha repetición ou de contar co apoio da imaxe, coñecemento previo da organización discursiva dos diferentes textos e xéneros audiovisuais (reportaxes, debates, telexornais...),recensión detallada previa dunha película ou obra teatral, etc. Terase en conta, así mesmo, que as condicións acústicas (ruído de fondo, calidade da gravación, etc.) e a utilización dun rexistro de lingua afastado do estándar poden afectar significativamente o grado de comprensión.

**Comprende o que se di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, nas que pode haber cambios de tema e interrupcións, con interaccións ben organizadas, seguindo as argumentacións e interpretando todos os detalles.**

O alumno é quen de comprender o que se lle di en conversas ou transaccións complexas (por exemplo, unha reclamación) seguindo a argumentación e comprendendo detalles relevantes en discusións ou debates de certa complexidade lingüística. Tamén se valorará que recoñeza o que os indicios non verbais (xestos, pausas, etc.) así como o ton de voz do interlocutor achegan á mensaxe e á súa comprensión.

**Comprende textos producidos en diferentes situacións de comunicación que conteñen informacións precisas, por exemplo, unha axenda de traballo, avisos concretos feitos nun lugar público no que as condicións acústicas non son moi boas...**

O alumno é quen de comprender textos como notificacións, anuncios, advertencias, aclaracións, prevencións, consellos e orientacións producidos en diferentes situacións de comunicación e mediante diferentes canles (por exemplo, mensaxes nun



contestador, recados transmitidos de viva voz, informacións por megafonía, etc.). Avaliarase tamén a capacidade de comprender instrucións con suficiente detalle como para poder realizar as tarefas necesarias (titoriais audiovisuais en Internet, explicacións de viva voz sobre o funcionamento dun *aparello*, etc.), aínda que se poida necesitar algunha repetición ou aclaración.

#### **Actividades de produción e coprodución de textos orais:**

**Interactúa -inicia, mantén e remata- de forma cooperativa en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo pero eficaz, nas que expón as súas opinións e as argumenta, se se fala en lingua estándar e a unha velocidade media.**

O alumno é quen de negociar conflitos, procurar solucións e colaborar nun traballo para acadar un obxectivo –como organizar un acontecemento, discutir sobre un documento, reparar algo, realizar unha reclamación, etc.-reaccionando adecuadamente e considerando as achegas dos interlocutores, de xeito que contribúa ao desenvolvemento da discusión.

**Desenvólvese en transaccións da vida cotiá -aloxamento, restaurantes ou actividades económicas- expresando agrado ou desagrado ou explicando o motivo. É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.**

O alumno é quen de participar en transaccións expresando reaccións e opinións con naturalidade e corrección.

**Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.**

O alumno é quen de expresarse con claridade e cun ritmo bastante regular sendo o ton e as inflexións de voz adecuados.

**Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos lingüísticos para facer descricións claras, expresar os seus puntos de vista e desenvolver argumentos, para iso utiliza algunhas estruturas complexas, sen que se lle note moito que está buscando as palabras que precisa.**

O alumno é quen de expresarse con certa fluidez e facilidade empregando un repertorio lingüístico apropiado cunha precisión e corrección polo xeral boas.

**Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en**

**registro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.**

O alumno é quen de intervir en conversas con distintos propósitos comunicativos como formular hipóteses, obxectar, rectificar, etc., cunha precisión léxica e gramatical relativamente alta, malia que poida haber algunha confusión ou incorrección que non obstaculice a comunicación malia algúns erros esporádicos e cunha boa fluidez e certa espontaneidade. Trátase de comprobar a capacidade de se axustar a cambios de tema e de variar a formulación do que quere dicir nesas conversas. Así mesmo, comprobarase a capacidade de iniciar o discurso, tomar a palabra e rematar cando debe aínda que non sexa sempre con elegancia, e de utilizar estratexias para gañar tempo e manter a quenda de palabra mentres pensa o que vai dicir.

**Realiza en lingua estándar narracións, descrições sobre diversos temas do ámbito persoal, académico e profesional.**

O alumno é quen de participar nunha entrevista como entrevistador ou como entrevistado, realizando funcións comunicativas como presentarse, afirmar, expresar acordo, desacordo, descoñecemento, dúbida, interese, preferencia, etc.

**Fai presentacións breves -sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas,**

**Respondendo**

**a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.**

O alumno é quen de planificar o que vai dicir ou preguntar, adaptando o discurso ao seu destinatario e de utilizar unha serie de mecanismos de cohesión que permitan crear un discurso claro e coherente, aínda que poida dubidar ou facer unha pausa mentres busca as estruturas e as expresións que precisa. Estas indecisións na fala producíranse, non obstante, dun xeito natural, que non impedirá ao interlocutor solicitar aclaracións ou puntualizacións á súa intervención.

**Realiza intercambios de información sobre asuntos cotiáns de interese persoal ou profesional, utilizando fórmulas simples.**

O alumno é quen de interactuar empregando o repertorio lingüístico apropiado, cunha precisión, corrección e pronuncia boas polo xeral malia que poida haber algunha confusión ou incorrección que non obstaculice a comunicación, e con certa fluidez e facilidade de expresión, aínda que se teña que obter algunha pequena axuda do interlocutor.

## Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprende información esencial e detalles relevantes en cartas, correos electrónicos e outras informacións de interacción escrita na que aparezan queixas, reclamacións, peticións, citacións..., que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade.**

O alumno é quen de identificar o formato do texto (solicitudes, reclamacións, citacións, etc...) a partir dos marcadores lingüísticos propios de cada tipoloxía textual e de recoñecer a información esencial a través de vocabulario, expresións, estruturas e locucións idiomáticas variadas e frecuentes que comuniquen requirimentos, ofrecementos, prazos, procedementos, dereitos, deberes e obrigas, acordos, reaccións, xustificacións, circunstancias de lugar e tempo, etc.

**Segue as fases detalladas en instrucións ou en textos legais habituais e é quen de comprender normativas ou regulamentos, aínda que presenten vocabulario técnico e específico.**

O alumno é quen de seguir todas as fases en instrucións de certa complexidade relativas a aparellos, programas de software, prospectos e outros textos de carácter instrutivo que pretendan ensinar, aconsellar ou ordenar a realización de accións ou actividades varias. Terase en conta o dominio de vocabulario técnico e o específico da súa especialidade.

**Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucesos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas concretas.**

O alumno é quen de recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado e de distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar. Valorarase igualmente a capacidade de comprender o texto a pesar da distancia sociocultural.

**Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.**

O alumno é quen de activar os coñecementos do mundo que posúa para poder anticipar o contido antes e durante a lectura, identificar o tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, activando coñecementos previos sobre un tema adecuados a ese contexto, e recoñecendo as convencións, formas e usos lingüísticos que lle son propios. Valorarase a capacidade de usar as claves identificadas no contexto lingüístico e non lingüístico así como a elaboración, a comprobación e a

revisión das hipóteses establecidas e a capacidade de dedución da importancia da mensaxe e das súas partes constituíntes.

Comprobarase especialmente o uso de estratexias de comprensión lectora adecuadas á finalidade da lectura: intensiva, para informarse minuciosamente; selectiva, en busca dunha información específica; extensiva, lectura rápida dun texto longo; e oceánica, para facerse unha idea global do texto.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Escrebe correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.**

Trátase con este criterio de verificar a capacidade de escribir con claridade textos en que se transmite información xeral e detallada, ou emocións, se expoñen ideas e problemas e se formulan preguntas sobre estes, ou se solicita ou agradece un servizo. Trátase de comprobar igualmente a capacidade de pór de relevo aqueles puntos esenciais para a mellor comprensión ou valoración do expresado. Valorarase un grao relativamente alto de control gramatical, sen erros que produzan malentendidos, e con certa riqueza léxica que amose que se dispón dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos á propia especialidade e a temas máis xerais, e que se pode variar a formulación para evitar a frecuente repetición, aínda que as deficiencias léxicas provoquen circunloquios. Valorarase a precisión léxica na medida en que algunha confusión ou incorrección ao seleccionar palabras non obstaculice a comunicación; e, considerarase, así mesmo, a coherencia, a cohesión e a adecuación do rexistro á situación de comunicación.

**Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.**

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de reescribir un texto incluíndo os elementos importantes e obviando as ideas secundarias e redundantes, con vocabulario, frases ou oracións distintas das do devandito texto pero equivalentes en significado, resultando unha versión do texto orixinal organizada, coherente e breve. Trátase de verificar a capacidade de identificar as ideas principais de cada parágrafo, e de integrar no resumo toda a información, sendo quen de agrupar baixo un único termo xenérico unidades de información, termos ou accións.

**Escrebe textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relatando feitos sinxelos relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.**

Trátase con este criterio de valorar a capacidade de compoñer textos ou anuncios informativos (noticias, reportaxes, artigos de enciclopedia, biografías, monografías científicas, convocatorias, anuncios, avisos publicitarios, informes, etc.) seguindo a estrutura organizativa de introdución breve –desenvolvemento razoablemente longo- e conclusión breve, propia deste tipo de textos, nos cales se faga un uso denotativo da linguaxe, evitando as expresións afectivas, emotivas e estéticas, de modo que o texto sexa claro para todo lector.

**Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.**

**Escrebe pequenas recensións -imitando modelos- sobre películas, libros e manifestacións artísticas e culturais utilizando vocabulario específico do nivel.**

Trátase de verificar a capacidade de describir con fidelidade un tema, texto, suceso ou evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas distintas partes ou circunstancias e ofrecendo unha opinión persoal argumentada sobre o seu valor.

**Utiliza con razoable corrección, aínda que poida manifestar influencia doutra/s lingua/s, os patróns ortotipográficos de uso común e máis específico (p. ex., parénteses, guións, abreviaturas, asteriscos, cursiva) e aplica con flexibilidade as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.**

Trátase con este criterio de avaliar en todas as producións do alumnado unha razoable corrección en que se manifeste un grao suficiente de aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión (as familias léxicas, as referencias internas de tipo léxico, os nexos e conectores), da gramaticalidade, da coherencia e da adecuación, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e as estratexias de progresión do tema, de maneira que os textos producidos sexan facilmente comprensibles para o/a lector/a. Valorarase que a mensaxe conteña toda a información necesaria e que reflicta con precisión as necesidades ou intencións do emisor. Tamén se valorará o dominio das normas de presentación dos textos escritos: normas gramaticais, ortográficas e tipográficas

**É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira escrita.**

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de reescribir un texto incluíndo os elementos importantes e obviando as ideas secundarias e redundantes, con vocabulario, frases ou oracións distintas das do devandito texto pero equivalentes en significado, resultando unha versión do texto orixinal organizada, coherente e breve. Trátase de verificar a capacidade de identificar as ideas principais de cada parágrafo, e de integrar no resumo toda a información, sendo quen de agrupar baixo un único termo xenérico unidades de información, termos ou accións.

### Actividades de mediación

**Transmite** de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as -sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

**É quen de transmitir** de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as, de maneira organizada e en lingua estándar.

**Reelabora** documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

**É quen de reelaborar** documentos claros e sinxelos, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos.

**Repite** ou reformula a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras.

**Pode repetir e reformular** a información para facérllela comprensible ás persoas receptoras.

**Organiza** adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detállaa de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

**Organiza** adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir para poder comunicala novamente con claridade e eficacia.

## Temporalización

O curso ten unha duración de 124 horas de docencia directa. As sesións dividiranse en dous cuatrimestres, de 62 horas cada un. Traballaremos 5 unidades en cada cuatrimestre de 12 horas cada unha. O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por algún motivo non se poidan impartir presencialmente.

A distribución dos contidos entenderase como un documento flexible e poderá ser sometida a modificacións se o ritmo da clase así o require. Asemade, a realización da maior parte das tarefas de Producción de Textos Escritos (PE) está pensada para a elaboración fóra das horas de clase presenciais de xeito individual polo alumnado. Se especifica, en cada caso, cales serán de realización non presencial (TAREFA NON PRESENCIAL).

As unidades didácticas, os seus títulos e os temas a tratar serán as seguintes:

- U1: À MON AVIS : exprimer l'opinion, les stéréotypes et l'engagement.
- U2: QUELQUE CHOSE À DÉCLARER ? Langues, identité et discours rapporté.
- U3: ÇA PRESSE : les mass-média, Internet et les moyens d'information.
- U4: PARTIR : les voyages, les courriels de réclamation, les données chiffrées.
- U5: HISTOIRE DE... L'immigration, les grands moments de l'histoire.
- U6: À VOTRE SANTÉ! La santé, médecines alternatives, l'apparence physique, les organisations humanitaires.
- U7: CHASSEZ LE NATUREL... L'environnement et les OGM, l'écologie.
- U8: C'EST DE L'ART: La gastronomie, les arts et l'expression de l'appréciation et la quantité.
- U9: DE VOUS À MOI: la vie quotidienne et le ménage, les habitudes et la société.
- U10: AU BOULOT! le travail (le CV, l'entretien d'embauche, raconter des expériences ou des stages, les sondages), l'émigration et l'économie.

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO E ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIOCULTURAI	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 1</b> 12 horas IDENTIFICACIÓNS PERSOAI</p> <p>RELACIÓNS HUMANAS</p>	<p><b>Gramática:</b> -Expresar a súa opinión, o acordo, o desacordo, a certeza, a evidencia -Expresión da dúbida, probabilidade, (im)posibilidade - Repaso do uso do indicativo e do subxuntivo - Indefinidos: <i>n'importe qui, quoi, où, comment.</i> <b>Léxico:</b> -Dar a súa opinión, sentimentos, valores, sensacións. <b>Entoación:</b> -Expresión da certeza, posibilidade, probabilidade e imposibilidade.</p>	<p><b>CO:</b> entender un debate sobre un tema de actualidade: a paridade e unha discusión amistosa sobre o tema do voto. <b>PO:</b> debater sobre a paridade, falar dos valores dos franceses e dos estereotipos. Actividade de mediación en base á información obtida a partires de diversas testemuñas en textos escritos. <b>CE:</b> entender testemuñas e entrevistas. <b>PE:</b> elaborar un artigo de opinión sobre a visión dos españois no estranxeiro.</p>	<p>A paridade no traballo e na vida política.  As eleccións e voto.</p>	<p>Os sentimentos, os valores persoais, as sensacións, os gustos e os intereses (filosofía, política).</p>



SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIOCULTURALS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 2</b> 12 horas RELACIÓNS HUMANAS IDENTIDADE PERSOAL  LINGUAS</p>	<p><b>Gramática:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os articuladores do discurso.</li> <li>- O discurso indirecto en pasado e as concordancias</li> <li>- Os pronomes: formas simples e compostas <i>dont, duquel</i>+preposicións</li> <li>- A finalidade (<i>LE BUT</i>- introdución)</li> </ul> <p><b>Léxico:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os declarativos</li> <li>- Os anglicismos</li> <li>- As onomatopeas e os sons.</li> <li>- Os rexistros de lingua.</li> </ul> <p><b>Entoación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Representación e pronuncia dos sons das onomatopeas</li> <li>- Ortografía dos anglicismos e do argot</li> </ul>	<p><b>CO:</b> entender testemuñas sobre linguas estranxeiras e identidades rexionais.</p> <p><b>PO:</b> debater sobre as linguas estranxeiras: a importancia do francés nun mundo globalizado: Actividade de mediación a partir de textos escritos nos que mulleres e homes expresan as súas experiencias persoais.</p> <p>-Falar da súa experiencia como aprendiz de linguas.</p> <p><b>PE:</b> realizar unha entrevista sobre o tema das linguas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar o seu desacordo nunha carta/ email formal.</li> </ul> <p><b>CE:</b> entender testemuñas, artigos e estudos sobre linguas estranxeiras e os anglicismos.</p>	<p><i>L'Académie Française</i> e as identidades rexionais: a importancia da muller na institución e como representante dunha identidade rexional.</p> <p>A francofonía.</p>	<p>O dominio do inglés en Francia e no mundo.</p> <p>Tradución e interpretación</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓN	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIO-CULTURAIS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 3</b> 12 horas</p> <p>MEDIOS DE COMUNICACIÓN</p>	<p><b>Gramática:</b> Causa, consecuencia concesión e oposición Revisión dos usos do indicativo, infinitivo e subxuntivo coas conxuncións A voz pasiva</p> <p><b>Léxico:</b> Prensa escrita, radio, televisión, medios dixitais e linguaxe inclusiva nos medios. Acontecementos e sucesos</p> <p><b>Entoación:</b> -Expresión da causa e da consecuencia e da oposición e concesión. -Pronuncia dos anglicismos e termos relacionados coas redes sociais e as TIC</p>	<p><b>CO:</b> entender conversas e entrevistas, entender os títulos do telexornal e as conversas sobre o emprego do móbil. -Entender un documental sobre o emprego da linguaxe inclusiva nos medios: actividade de mediación en base á síntese oral do contido do vídeo.</p> <p><b>PO:</b> falar dos seus gustos con respecto aos medios de comunicación en xeral: actividade de mediación en base ás diferentes achegas persoais do alumnado. - Presentar información. - Falar e dar opinión sobre o emprego das redes sociais, as TIC e a informática.</p> <p><b>CE:</b> entender testemuñas e entrevistas, sucesos, e artigos sobre a prensa, a era dixital e os videoxogos.</p> <p><b>PE:</b> redactar un artigo sobre a intromisión da prensa na vida privada. (TAREFA NON PRESENCIAL) - Redactar artigos curtos sobre o papel da informática na vida diaria.</p>	<p>A lingua francesa na prensa.</p> <p>As redes sociais.</p> <p>As ferramentas dixitais e as TIC.</p> <p>A contribución da muller nos medios dixitais.</p>	<p>Os medios preferidos dos franceses.</p> <p>A francofonía.</p> <p>Os videoxogos: a presenza das mulleres.</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIO-CULTURAIS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 4</b> 12 horas VIAXES</p>	<p><b>Gramática:</b> - Comentar datos, porcentaxes - A expresión da finalidade (<i>LE BUT</i>)</p> <p><b>Léxico:</b> - A expresión do lugar - A xeografía</p> <p><b>Entoación:</b> - emprego das cifras, números, porcentaxes - recoñecemento de pronuncias particulares de siglas, acrónimos. - os usos ortotipográficos nas cartas e emails formais.</p>	<p><b>CO:</b> entender entrevistas, sobre estancias no estranxeiro e reportaxes sobre expatriación: actividade de mediación a partires da testemuña escrita dunha rapaza rusa.</p> <p><b>PO:</b> comentar cifras sobre expatriación: actividade de mediación a partires dunha estatística proposta na clase. -Falar de viaxes: lembranzas e anécdotas.</p> <p><b>CE:</b> entender testemuñas e entrevistas, enquisas, artigos sobre as viaxes.</p> <p><b>PE:</b> redactar un email ou carta de reclamación e actividade de mediación en base a un resumo dunha viaxe.</p>	<p>Personaxes e acontecementos peculiares: <i>Alexandra David-Néel.</i></p>	<p>Motivacións, experiencias persoais, incidentes nas viaxes, elixir aos acompañantes de viaxe, novas formas de viaxar e de facer turismo.</p> <p>Medios de transporte.</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIOCULTURAIS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 5</b> 12 horas POLÍTICA, HISTORIA E SOCIEDADE</p>	<p><b>Gramática:</b> -Tempos do pasado: <i>passé simple (forma imparfait, plus que parfait</i> -Expresión do tempo, conectores -Frases complexas : indicativo, subxuntivo</p> <p><b>Léxico:</b> -A migración</p> <p><b>Entoación:</b> -Expresións sobre o tempo e a memoria - Pronuncia e ortografía dos números e datas - Usos dos caracteres e signos ortográficos (maiúsc./minúsc)</p>	<p><b>CO:</b> comprender testemuñas de migrantes: o papel da muller migrante na sociedade francófona. - Comprender trailers de películas: actividade de mediación baseada na visualización e resumo/síntese do tráiler. <b>PO:</b> debater sobre a migración. -Presentar unha personaxe e acontecementos históricos: a alcaldesa de París <i>Anne Hidalgo</i>: actividade de mediación en base á experiencia persoal desta política. <b>CE:</b> comprender testemuñas sobre a historia e a migración (datos, carteis) <b>PE:</b> dar a súa opinión e ou reaccionar acerca dun artigo de prensa.</p>	<p>A migración. testemuñas, datos, debate social sobre as conmemoracións</p>	<p>Conflictos e movementos sociais: as mulleres na xustiza.</p> <p>Historia, e os movementos artísticos.</p> <p>A migración no cine (“<i>Les Femmes du 6ème étage</i>”)</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIOCULTURAI	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 6</b> 12 horas</p> <p>SAÚDE E COIDADO DO CORPO</p>	<p><b>Gramática:</b> -Xerundio, adxectivo verbal e participio presente - Participio pasado e composto</p> <p><b>Léxico:</b> - A saúde, as novas tecnoloxías, as enfermidades, as profesións, a descripcón física.</p> <p><b>Entoación:</b> - Expresións sobre as partes do corpo: <i>Le malade imaginaire</i></p>	<p><b>CO:</b> comprender un programa de radio ou documento audiovisual sobre a relación tecnoloxía- medicina e sobre o sistema sanitario.</p> <p><b>PO:</b> actividade de mediación: falar da propia experiencia coa medicina.</p> <p>- Debater sobre o culto ao corpo na sociedade actual (aparencia física e ciruxía estética)</p> <p><b>CE:</b> comprender artigos, viñeta de humor e bandas deseñadas sobre o rol da aparencia física e a estética.</p> <p><b>PE:</b> expresar o seu punto de vista sobre as novas tecnoloxías e a medicina: actividade de mediación en base aos coñecementos adquiridos a partires de textos escritos nos que se expoñen diferentes puntos de vista sobre o tema.</p> <p>- Contar anécdotas.</p>	<p>A protección social en Francia.</p> <p>ONGs. Médicos sen fronteiras.</p>	<p>Medicina tradicional, medicinas alternativas.</p> <p>Relación nutrición e saúde.</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIO-CULTURAIS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 7</b> 12 horas</p> <p>CLIMA E CONTORNA</p>	<p><b>Gramática:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Repaso pronomes persoais duplos.</li> <li>- Pronomes relativos compostos.</li> <li>- O futuro.</li> </ul> <p><b>Léxico:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O tempo meteorolóxico, a contorna, o clima, a reciclaxe, a contaminación</li> <li>- Léxico rexistro argot e expresións acerca da meteoroloxía</li> </ul> <p><b>Entoación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresións con <i>y</i> e <i>en</i></li> <li>- Lectura de cifras, porcentaxes e datos estatísticos</li> </ul>	<p><b>CO:</b> comprender programas de radio sobre a contaminación mariña: actividade de mediación consistente en expor as posibles solucións para reducir o emprego dos plásticos e a consecuente polución mariña.</p> <p>-Entender unha reportaxe da televisión sobre un zoo: actividade de mediación: debate: a pertinencia ou non da cría de animais en captividade.</p> <p><b>PO:</b> Opinar sobre os OXM, sobre os animais en captividade.</p> <p>-Opinar sobre o porvir do noso planeta.</p> <p><b>CE:</b> Entender testemuñas sobre biotecnoloxía, artigos sobre zoos e datos sobre OXM.</p> <p>-Entender unha entrevista a Marion Cotillard coma actriz comprometida co planeta.</p> <p><b>PE:</b> redactar un artigo sobre a importancia de ter unha actitude ecolóxica, sobre os zoos e ou quencemento global.</p>	<p>A actitude dos franceses fronte á presenza dos zoos.</p>	<p>Paisaxes, ecoloxía.</p> <p>Contorna sociocultural e económica</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIO-CULTURAI	CONTIDOS COMPLE-MENTARIOS
<p><b>Unidade 8</b> 12 horas</p> <p>ACTIVIDADES ARTÍSTICAS: A GASTRONOMÍA COMA ARTE</p> <p>VIVENDA E FOGAR</p>	<p><b>Gramática:</b> - Pronomes relativos compostos con e sen preposicións. -A cantidade.</p> <p><b>Léxico:</b> - Artes, actividades e principais correntes artísticas. - Expresar a apreciación. - Gastronomía e o vocabulario gastronómico.</p> <p><b>Entoación:</b> -Expresión da apreciación positiva e negativa - As pronuncias particulares dalgúns dos territorios francófonos (África)</p>	<p><b>CO:</b> entender unha entrevista de radio a un cantante, entender as reaccións dos asistentes a un espectáculo artístico: actividade de mediación: elaborar un decálogo sobre o concepción dun “bo espectáculo”. -Entender unha videoreceita. <b>PO:</b> intercambiar opinións sobre saídas culturais, opcións gastronómicas e as especialidades culinarias. -Propoñer unha saída cultural. <b>CE:</b> entender testemuñas sobre as artes e textos sobre espectáculos. -Entender críticas gastronómicas e reseñas: actividade de mediación: en base á lectura de diferentes reseñas, propoñer unha ruta gastronómica. <b>PE:</b>redactar unha reseña gastronómica. -redactar unha crítica -redactar receitas</p>	<p>Artistas francófonas (voces africanas): <i>Angélique Kidjo, Rokia Traore, Souad Massi et Dobel Gnahoré.</i></p> <p>Tendencias culinarias e gastronómicas a través das receitas dunha artista francófona.</p>	<p>Artes e oficios.</p> <p>Gastronomía e tendencias culinarias e alimentación.</p>

SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA, LÉXICO, ENTOACIÓN	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIOCULTURAIS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<p><b>Unidade 9</b> 12 horas IDENTIFICACIÓN PERSOAL/RELACIÓNS HUMANAS FAMILIA E VIVENDA</p>	<p><b>Gramática:</b> -A maneira: os adverbios en -ment. Casos particulares e locucións adverbiais, colocación do adverbio</p> <p><b>Léxico:</b> - A vida cotiá: os aparellos e o fogar - sentimentos</p> <p><b>Entoación:</b> -Expresar sentimentos e sensacións</p>	<p><b>CO:</b> entender unha entrevista de radio sobre a vida no estranxeiro. -Entender unha conversación sobre o tema da bricolaxe no fogar: actividade de mediación: a partires do texto oral, debater sobre o reparto de tarefas no fogar: é realista ou non? <b>PO:</b> opinar sobre sentimentos e impresións da vida no estranxeiro <b>CE:</b> entender testemuñas sobre as preocupacións dos franceses: actividade de mediación: a partires dunha estatística, expor cales son as principais preocupacións do alumnado. -entender artigos sobre os aloxamentos. <b>PE:</b> redactar un artigo sobre temas de sociedade -redactar unha carta/email de queixa - facer un test de personalidade (TAREFA NON PRESENCIAL)</p>	<p>Aficións dos franceses. Asociacións, ONGs. Test de personalidade.</p>	<p>A familia, celebracións, comportamentos asociacións</p>



SECUENCIACIÓN E UNIDADES	GRAMÁTICA LÉXICO, ENTOACIÓ	PRODUCCIÓN E COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL	CONTIDOS SOCIO-CULTURALS	CONTIDOS COMPLEMENTARIOS
<b>Unidade 10</b> 12 horas TRABALLO	<b>Gramática:</b> -Condición e hipótese -Comparación (d'autant, d'autant plus, moins..que...)  <b>Léxico:</b> -Profesións e cargos, desemprego e busca de traballo, relacións no ámbito laboral, condicións de traballo, dereitos dos traballadores, conflitos e riscos laborais.  <b>Entoación:</b> -Expresión da comparación - emprego e lectura dos símbolos matemáticos, cifras -lectura das siglas, acrónimos e abreviaturas (SMIC, R.M.I, etc.)	<b>CO:</b> entender unha conversa entre compañeiros de traballo. -Entender unha entrevista. -Entender reportaxes sobre a migración: actividade de mediación: debater sobre os problemas que afronta a muller ao chegar a un país estranxeiro. <b>PO:</b> falar do traballo, da migración por motivos laborais, das oportunidades laborais e contar experiencias laborais propias (actividade de mediación) <b>CE:</b> Comprender datos sobre o tempo e ritmo de traballo en Europa: actividade de mediación: debate sobre a problemática da muller respecto á conciliación laboral. -entender un artigo sobre o CV anónimo. <b>PE:</b> redactar un CV. - Redactar informe sobre condicións laborais en distintos países (TAREFA NON PRESENCIAL)	A migración laboral.  A discriminación no mundo laboral.	Profesións con e sen saída laboral.  Os distintos tipos de traballos e de tarefas.  Sindicatos e organizacións laborais.

Fonte: **Édito B2** Libro do alumno e caderno de exercicios.

## NIVEL AVANZADO C1

### Introdución

O alumnado que supere o **nivel avanzado C1** poderá comunicarse case sen esforzo, dun xeito fluído e espontáneo nos ámbitos persoal e público, así como en actividades específicas nos campos académico e profesional. Comprenderá a información importante e os aspectos e detalles relevantes dunha ampla gama de textos orais, e tamén será capaz de entender opinións e actitudes tanto implícitas como explícitas. Comprenderá en detalle textos escritos, extensos e conceptualmente complexos, sempre que poida reler determinadas partes do texto; será quen de producir textos escritos ben estruturados e sobre temas de certa complexidade. Empregará, de maneira correcta, estruturas, mecanismos de cohesión e un léxico axeitado e variado para resaltar, sintetizar, ampliar e defender puntos de vista, que permitan rematar a produción cunha conclusión argumentada.

O alumnado que acade este nivel disporá dun bo coñecemento da lingua e un repertorio de expresións idiomáticas que lle permitan apreciar, expresar e trasladar matices de significados.

Co fin de visibilizar o papel da muller na sociedade, decidimos por unha banda eliminar da docencia, as imaxes e estereotipos de homes e mulleres e substituílas por outras que favorezan a igualdade.

### Obxectivos xerais

**Comprender**, independentemente da canle e mesmo en malas condicións acústicas, a intención e o sentido xeral, as ideas principais, a información importante, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes, tanto implícitas como explícitas, dos e das falantes nunha ampla gama de textos orais extensos, precisos e detallados, e nunha variedade de acentos, rexistros e estilos, mesmo cando a velocidade de articulación sexa alta e as relacións conceptuais non estean sinaladas explicitamente, sempre que poida confirmar algúns detalles, especialmente se non está familiarizado/a co acento.

**Producir e coproducir** con fluidez, espontaneidade e case sen esforzo, independentemente da canle, unha ampla gama de textos orais extensos, claros e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, en diversos rexistros, e cunha entoación e acento adecuados á expresión de matices de significado, mostrando dominio dunha ampla gama de recursos lingüísticos, das estratexias discursivas e interaccionais e de compensación que fai imperceptibles as dificultades ocasionais

que poida ter para expresar o que quere dicir, e que lle permite adecuar con eficacia o seu discurso a cada situación comunicativa.

**Comprender** a intención e o sentido xeral, a información importante, as ideas principais, os aspectos e detalles relevantes e as opinións e actitudes dos/as autores/as, tanto implícitas como explícitas, nunha ampla gama de textos escritos extensos, precisos e detallados, conceptual e estruturalmente complexos, mesmo sobre temas fóra do seu campo de especialización, identificando as diferenzas de estilo e rexistro, sempre que poida reler as seccións difíciles.

**Producir e coproducir** textos escritos extensos e detallados, ben estruturados e axustados aos diferentes ámbitos de actuación, sobre temas complexos, resaltando as ideas principais, ampliando e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias e exemplos, rematando cunha conclusión apropiada. Para iso empregará de maneira correcta e consistente, estruturas gramaticais e convencións ortográficas complexas, de puntuación e de presentación do texto, mostrando control de mecanismos complexos de cohesión, e dominio dun léxico amplo que lle permita expresar matices de significado.

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións específicas e complexas, nos ámbitos persoal, público, académico e profesional, transmitindo con flexibilidade, corrección e eficacia unha ampla gama de textos orais ou escritos complexos.

## NIVEL C1.1

### Obxectivos específicos

#### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender** información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

**Comprender** con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

**Comprender** conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Facer** declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

**Realizar** presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

**Participar** nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

#### Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

**Comprender** a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

**Comprender** artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprender** en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprender**, en calquera soporte, as ideas e posturas expresadas en artigos ou outros textos xornalísticos de certa extensión, tanto de carácter xeral como especializado, nos que se comentan e analizan puntos de vista ou opinións.

**Comprender** textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Tomar** notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

**Escribir** correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

**Escribir** correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

### Actividades de mediación

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

**Adaptar** sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

## Competencias e contidos

### Socioculturais e sociolingüísticos

C1.1 / C1.2

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

## Estratéxicos

### C1.1 / C1.2

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- **Autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- **Repetir, recoñecer e usar** modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- **Informarse**, se hai axudas visuais etc.

- **Identificar** o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.
- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa etc.

## Funcionais

### C1.1 / C1.2

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

**Funcións ou actos de fala asertivos**, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

**Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso**, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

**Funcións ou actos de fala directivos**, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

**Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios**, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

**Funcións ou actos de fala expresivos**, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

### Discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Instrucións e indicacións detalladas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:



## C1.1/C1.2

- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

### Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

## Gramaticais

No nivel C1, o alumno manifestará un alto grao de corrección gramatical de modo consistente e os seus erros serán escasos e apenas apreciábeis. As competencias gramaticais que deben desenvolverse para este nivel son as seguintes:

### A Oración simple

Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición. Fenómenos de concordancia.

- A oración declarativa (afirmativa ou negativa)
- Cambios na orde normal dos termos: frases que comezan cun adverbio ou unha locución adverbial (ex. *ainsi, à peine, aussi, peut-être*), frases incisivas, etc.
- Mise en relief dun termo da frase : suxeito, verbo, complementos (*C'est à lui que j'ai pensé*)
- A frase interrogativa Estudo de casos particulares.
- A oración exclamativa
- Emprego do imperativo, subxuntivo, infinitivo: *Vive la République!*
- Investimento do suxeito: *Est-ce beau!*
- Expresións exclamativas frecuentes, ademais de *Comme, Quel, Que : ce que, une de ces, être de : Ce que vous pouvez être bêtes !*
- A oración imperativa
- Imperativo atenuado mediante xiros de cortesía ou deferencia: *Veillez vous asseoir, je vous prie de croire*
- Oración imperativa con valor hipotético
- Oración imperativa mediante interrogativa
- Fenómenos de concordancia.
- Concordancia do verbo co suxeito en número e persoa:
  - Verbo con varios suxeitos : *Pierre et toi, vous vous entendez bien*
  - Se o suxeito é retomado por un pronome indefinido *personne, rien, tout*
  - Termos colectivos: *une foule de, beaucoup, combien, a plupart, trop, plus d'un, un des, un de ceux qui..*
  - O suxeito é un pronome ou adverbio determinado por un complemento determinativo: *Beaucoup, plusieurs, la plupart d'entre vous/vous/eux ont réussi*
  - Frase relativa con qui : *C'est moi qui l'ai fait*

### A Oración composta

- A coordinación.

- Estudio de conxuncións (ex. *or, ni* e outras) e de adverbios para expresar relacións lóxicas (ex. *aussi; d'ailleurs* e outros)
- A subordinación.
- Expresión de relacións lóxicas
  - Oposición/Concesión:
    - Conxuncións ou locucións conxuntivas : *si ce n'est que, quand bien même, etc.*
    - Outras maneiras de expresar a oposición : *quitte à, plutôt que de, etc;* gérondif ou outros.
  - Condición:
    - Conxuncións ou locucións conxuntivas : *selon que, si tant est que, des fois que, etc.* Outras formas de expresar a condición: *autrement, sans ça, etc ; gérondif* ou outros.
  - Causa:
    - Conxuncións ou locucións conxuntivas : *du moment que, attendu que, ce n'est pas que, non (pas) que, etc.* Outras formas de expresar a causa : *pour, par, par suite de, compte tenu de, eu égard à ; gérondif* ou outros.
  - Consecuencia:
    - Conxuncións e locucións conxuntivas : *tant et si bien que, etc.*
    - Outras maneiras de expresar a consecuencia : *d'où, de là, du coup, etc.*
  - Finalidade:
    - Conxuncións ou locucións conxuntivas : *de façon/manière à ce que, etc.*
    - Outras maneiras de expresar a finalidade : *dans le but de, dans l'espoir de, histoire de, etc.*
  - Comparación
    - Conxuncións e locucións conxuntivas : *d'autant plus /moins/mieux ... que, aussi bien que, etc.* Outras maneiras de expresar a comparación: *autant , autant ..., etc.*
- Relacións temporais
  - Conxuncións e locucións conxuntivas : *aussi longtemps que, tant que, ne ... pas (encore) que, etc.*
  - Outras maneiras de expresar as relacións temporais: *lors de, durant, le temps de, etc ; gérondif* ou outros.
- Oracións subordinadas sustantivas ou completivas
  - introducidas polas locucións «à ce que», «de ce que», «en ce que», etc.

- le discours indirect et indirect libre
- Oracións subordinadas adxectivas ou de relativo
  - Formas simples e compostas (*dont / duquel, qui / lequel* na lingua escrita, preposición + *quoi / prep. +lequel* )
  - *Quiconque*
  - Relativas sen antecedente.
  - Emprego de modos verbais na subordinada de relativo.
  - Casos especiais de colocación do pronome relativo con relación ao seu antecedente.
  - A orde das oracións

### O sintagma nominal

- Núcleo: o sustantivo
- Clases:
  - Comúns: formados por formas verbais, locucións, etc (ex. *le qu'en-dira-t'on*)
  - Propios: nomes de marcas, persoas, etc. convertidos en nomes comúns (ex. *kleenex*)
- Xénero:
  - Sustantivos con dous xéneros (ex. *après-midi*), en ocasións con cambio de significado (ex. *moule, vase*)
  - Uso de palabras diferentes (ex. *cerf/ biche*)
- Número:
  - Sustantivos con dous plurais (ex. *ciels, cieux*)
  - Invariables (ex. *les Durand*)
  - Plural de palabras compostas (ex. *arcs-en-ciel*)
  - Outros casos particulares
- Núcleo: o pronome
- Persoais
  - Formas de cortesía, maxestade e modestia. Dativo de interese ou expletivo (ex. *goûtez-moi ça!*)
  - Pronomes complementos con *faire + infinitif, laisser + infinitif*, etc. Reflexivos: usos de *soi*. Recíprocos.

- Pronomes demostrativos. *Il / ce / cela, ça* (pronomes suxeito). Usos populares de *ça* (ex. *Un enfant, ça pleure !*).
  - Pronomes indefinidos : *autrui, nul*, etc.
  - Pronomes relativos
- Modificación do núcleo
  - Determinantes:
    - Artigos: Casos especiais de utilización ou omisión.
    - Demostrativos: en exclamativas con valor de *quel*: ex. *Cette question!; un(e) de ces*” ex. *Tu m’as fait une de ces peurs!*
  - Aposición:
    - Posición dos elemento.
    - Funcións sintácticas do sintagma

#### O sintagma adxetival

- Participio presente e adxectivo verbal (ex. *négligeant/négligent, fatigant/fatigant*, etc.)
- Abreviacións e outros (ex. *accro, super*, etc.)
- Fenómenos de concordancia: ou Adxectivos compostos (ex. *aigre-doux, vert pâle*) ou outras irregularidades. (ex. *Feu.* etc.)
- Posición dos elementos do sintagma
- Funcións sintácticas do sintagma
- Función adverbial do adxectivo (ex. *tenir bon, chanter juste*, etc.)

#### O sintagma verbal

- Estudo dos semi-auxiliares (ex. *se voir refuser, s’entendre dire*, etc.)
- Tempo e aspecto :
  - Valores particulares de certos tempos verbais (ex. imperfecto de cortesía, presente de narración, etc.)
  - Tempos “surcomposés” (ex. *passé surcomposé, futur surcomposé*)
  - Tempos pasados do subxuntivo
- Voz pasiva: casos particulares

- Forma impersonal: casos particulares
- Verbos defectivos (ex. *choir, échoir*, etc.)
- Modificación do núcleo
- Funcións sintácticas do sintagma
- Participio pasado: Concordancia en casos particulares.

### O sintagma adverbial

- Adverbios e locucións adverbiais
- Clases
  - De lugar: ex. *en aval, en amont*,
  - De tempo: ex. *tantôt, sur-le-champ, sur ces entrefaites*, etc.
  - De modo: ex. *instamment, à mon insu, soi-disant*, etc.
    - Adxetivos utilizados como adverbios : ex. *tourner court, s'arrêter net*, etc.
    - Adverbios en “ment”. Casos particulares: ex. *nuitamment, intensément*, etc.
  - De grao: ex. *autrement, quasi, quasiment*, etc.
    - A concordancia do adverbio *tout*.
    - Usos particulares de *bien*.
  - De negación: Ne empregado só “Ne” expletivo.
  - De intensidade: ex. *déjà (Comment s'appelle-t-il déjà ?), donc (Prenez donc un siège)*, etc.
  - De restrición, adición, exclusión e inclusión: ex. *qui plus est, au demeurant, de surcroît*, etc.
  - Valor enfático do adverbio: ex. *Jamais je ne ferais ça. / Je ne ferais jamais ça.*

### O sintagma preposicional

- Preposicións e locucións preposicionais: ex. *hormis, ès, à l'insu de*, etc. *Les/lès/lez* en topónimos.
- Modificación do núcleo
  - Repetición da preposición: obrigatoria, facultativa, con valor enfático.
  - Supresión da preposición: en enumeración, en locuciones (ex. *en votre âme et conscience*), na linguaxe coloquial (ex. *parler politique*, etc.).
  - Posición dos elementos do sintagma: caso particular de *durant* (ex. *Durant toute sa vie / Toute sa vie durant*).

- Funcións sintácticas do sintagma preposicional: construcións verbais (ex. *croire à/croire en, rêver à/rêver de*, etc.)

### Fonéticos e Ortográficos

Para o nivel C1, o alumno será capaz de comprender en textos escritos as convencións ortográficas propias da lingua meta e de utilizalas para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación sexan consistentes e eficientes, nos que a ortografía é correcta, aínda que poidan ter descoidos tipográficos de carácter esporádico. As competencias ortográficas que deben desenvolverse para este nivel son as seguintes:

As competencias ortográficas que deben desenvolverse para este nivel son as seguintes:

- **Variantes na representación gráfica de fonemas e sons.** Relación fonemas e grafías. Distintas grafías para un mesmo fonema: homofonía:
  - le problème des monosyllabes homophones : *au, aux, eau, oh, ho, haut, vos, aulx*;
  - les homophones de morphologie liée : *taie / t'aie ; doux / d'ou*.
  - Distintos fonemas para unha mesma grafía: *cas / cela; sac / tabac; taxi, exemple, Bruxelles, deuxième*.
  - Casos de palabras homógrafas: *être fier/se fier. Ils excellent/ un plat excellent. Couper les fils/ avoir des fils et des filles. Être content/ils content une histoire*. Homónimos: *Nous avions/les avions...*
- **Ortografía dos préstamos lingüísticos.** As palabras estranxeiras seguen as regras de ortografía do francés (formación do plural e regras de acentuación): *ciao/ tchao, des matches/ des matchs, les máxima/ les maximums, un revolver/un révolver, un empresario/ un imprésario*.
- Uso dos caracteres nas súas diversas formas (maiúsculas, minúsculas, cursiva, etc).
  - Uso das maiúsculas en casos particulares como as alegorías poéticas: “*entends la douce Nuit qui marche*”, para distinguir acepcións específicas dunha palabra: *La Résistance, La Fronde, La Révolution française*,
  - Por metonimia *Le Quai/Le Quai d'Orsay/ le ministère des Affaires étrangères*.
  - Uso das cursivas para títulos de obras artísticas, nomes de xornal (ex. *Le Monde*), para resaltar unha palabra ou unha parte do texto, para símbolos matemáticos.

- Uso de abreviacións, símbolos e siglas: Mlle, av. J.-C., ex., ha, nº, N.B. XIXe, ZEP, SNCF.
- **Valores discursivos dos signos tipográficos e ortográficos** (acento, apóstrofo, diérese, guión, etc.). Uso dos acentos agudo, grave e circunflexo, da diérese, da cedilla. Uso do acento grave no canto do acento agudo nalgunhas palabras e nos tempos do futuro e do condicional dos verbos como céder: événement/ évènement, je céderai/ je cèderai. Uso do acento circunflejo nas vocais “i”, “u”.
  - Uso do apóstrofo para a transcripción de pronuncias coloquiais: T’es fatigué.
  - Uso do guión e casos específicos nas palabras compostas. Exemplos de “soudure” nas palabras compostas con *contr(e)-*, *ent(e)-*, *extra*, *infra-*, *intra-*, *ultra-*, *hydro-*, *socio-*, *auto-*: *Entretemps*, *extraterrestre*, *autoallumage*
- Valores discursivos dos signos de puntuación.
- Coñecemento da implicación dos signos de puntuación para o ritmo e a entoación.

## Léxicos

Os contidos léxicos deberanse adaptar ás realidades socioculturais dos países das linguas obxecto de estudo, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás actividades de lingua. Estes contidos fan referencia á capacidade do alumnado para recoñecer, comprender e usar o léxico que lle permita desenvolverse nos temas que se relacionan.

Consolidaranse todos os contidos léxicos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos propios deste nivel

**Alimentación:** tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola.

**Bens e servizos:** inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...

**Ciencia e tecnoloxía:** avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

**Compras e actividades comerciais:** actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...

**Cultura e actividades artísticas:** música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...



**Economía e industria:** finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...

**Educación e actividades académicas:** sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

**Goberno, política e sociedade:** organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

**Identidade persoal:** dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

**Información e medios de comunicación:** prensa, radio e televisión, Internet, publicidade e redes sociais...

### **Criterios de avaliación: mínimos esixibles**

Os criterios de avaliación terán en conta os obxectivos e os contidos propios do nivel.

#### **Actividades de comprensión de textos orais**

**Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.**

O alumnado é quen de comprender un abano de exposicións públicas cun certo nivel de complexidade, tanto na estrutura como no contido, referidas a temas en que ten algún coñecemento previo ou directamente relacionados coa experiencia xeral académica ou coa actividade profesional.

**Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.**

O alumnado é quen de comprender unha grande variedade de mensaxes emitidos en distintos rexistros e de identificar a intención comunicativa do locutor.

É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

O alumnado é quen de comprender o que se lle di en conversacións e transaccións en lingua estándar a velocidade normal, seguindo a argumentación sen problemas e comprendendo con precisión todos os detalles tanto en interaccións ben organizadas como en conversas sen unha estrutura previsible (cambios frecuentes de tema, interrupcións, solapamentos das quendas de palabra para engadir información ou para presentar outros puntos de vista, fases en que pode haber máis dun tema en paralelo, etc.).

**Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.**

O alumnado é quen de comprender textos extensos que conteñan expresións idiomáticas, coloquiais ou dialectais, transmitidos por diferentes canles, que poden dificultar a comprensión. Por exemplo, noticias en directo da radio e da televisión, programas sobre temas da actualidade (concursos, debates, roldas de prensa...), películas, representacións teatrais e outros textos audiovisuais, recoñecendo as opinións e actitudes dos diferentes locutores, e non soamente a capacidade de captar o sentido puramente informativo e factual do texto.

**Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado.**

O alumnado é quen de identificar as variedades fonético-fonolóxicas da lingua aínda que as condicións acústicas non sexan moi boas ou que non poda solicitar que lle repitan a información

#### **Actividades de produción e coprodución de textos orais**

**Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.**

O alumnado, nunha situación comunicativa de colaboración, de negociación, ou de solución de conflitos, como unha reclamación ou unha petición de responsabilidades- é quen de negociar, procurar solucións e colaborar nun traballo para acadar un obxectivo, como organizar un acontecemento, discutir sobre un documento, reparar un aparato, etc., reaccionando adecuadamente e considerando as achegas dos demais de xeito que se contribúa ao logro do obxectivo previsto.

**Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.**

O alumnado é quen de usar recursos paralingüísticos e todas as demais circunstancias físicas e as actitudes que acompañan a enunciación adecuada das ideas e a reacción ante as ideas dos outros. Terase en conta que se poidan cometer erros gramaticais ou léxicos non significativos nin sistemáticos e que non produzan malentendidos. Valorarase a xestión adecuada da quenda de palabra e a utilización natural de locucións e frases feitas que permitan gañar tempo e manter a quenda mentres se elabora o que se pretende dicir.

**Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.**

O alumnado é quen de producir textos argumentativos, informando, expresando opinións, formulando hipóteses, etc., cun léxico amplo e bo control gramatical, aínda que presente erros esporádicos, cunha pronuncia clara e natural. Trátase de valorar igualmente se se empregan con eficacia conectores variados para establecer as relacións entre as ideas e se se mostra unha fluidez e unha facilidade de expresión notables

**Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.**

O alumnado é quen de participar nun debate e de rebater, con precisión léxica e boa corrección gramatical e cunha fluidez e espontaneidade que permiten a interacción sen supoñer tensións con falantes nativos.

**Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.**

O alumnado é quen de producir textos descritivos, narrativos e argumentativos, informando, expresando opinións, formulando hipóteses, etc., cun léxico amplo e bo control gramatical, aínda que presente erros esporádicos, cunha pronuncia clara e natural. Trátase de valorar igualmente se se empregan con eficacia conectores variados para establecer as relacións entre as ideas e se se mostra unha fluidez e unha facilidade de expresión notables. Valorarase a capacidade de apartarse dun guión preparado para achegar nova información ou seguir outra liña de argumentación proposta ou iniciada por un interlocutor.

**Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.**

O alumnado é quen de expresarse con naturalidade facendo comentarios, confirmando a súa comprensión ou invitando os demais a participar, empregando un repertorio lingüístico apropiado, cun alto grao de precisión e corrección, malia algún erro esporádico, e que se amosa unha fluidez e facilidade de expresión notables, mesmo en intervencións relativamente longas e complexas

**.É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.**

O alumnado é capaz intervir adecuadamente en conversas e debates con propósitos comunicativos. Así mesmo, é capaz de iniciar, manter e rematar o discurso adecuadamente facendo uso eficaz da súa quenda de palabra.

**Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.**

O alumnado, nunha conversa ou entrevista, é quen de formular preguntas ao interlocutor para garantir unha boa comunicación e evitar malentendidos.

**Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.**

O alumnado é quen de lograr certos propósitos comunicativos como persuadir, consentir, corroborar, retractarse, expresar a intención de facer algo, facendo comentarios con naturalidade, confirmando a súa comprensión ou invitando os demais a participar.

**Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.**

O alumnado é quen de facer a síntese de diferentes textos transmitindo os contidos máis relevantes así como algúns aspectos secundarios.

**Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.**

Trátase de comprobar que nesas conversas o alumnado é capaz de formular adecuadamente o tema, establecer un enfoque e axustarse aos cambios de tema, se é o caso, e de reformular o que quere dicir, así como facer hipóteses e responder a elas, propor e avaliar solucións e resumir o dito para adaptarse ás necesidades dos interlocutores.

**Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.**

O alumnado, en todas as actividades de expresión e interacción, é quen de falar e interaccionar con claridade e certa facilidade utilizando o ton e as inflexións da voz e ritmo adecuados, facendo a elección adecuada do tema e dos termos que o expresan, aínda que certas deficiencias léxicas poidan provocar vacilación e circunloquios

### **Actividades de comprensión de textos escritos**

**Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.**

O alumnado é quen de seguir as fases detalladas nas instrucións ou en textos legais habituais, como un contrato de aluguer, no cal se comprobará a capacidade de identificar e comprender detalles técnicos relevantes e as principais consecuencias. Valorarase igualmente a capacidade de comprender normativas ou regulamentos extensos, manuais, libros de estilo, etc., e terase en conta o dominio de vocabulario técnico e específico.

**Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.**

O alumnado é capaz de identificar e seleccionar información concreta e abstracta en textos complexos de diversa extensión, relativos a temas propios dos diferentes ámbitos sociais, coa finalidade de considerar a importancia dos textos para realizar adecuadamente unha tarefa comunicativa como preparar unha conferencia, redactar un artigo ou un informe, elaborar protocolos, plans de actuación, actas, memorias, etc. ou para aumentar a cultura persoal.

**Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.**

O alumnado é quen de identificar a información relevante do texto e de ter un amplo vocabulario activo de lectura para comprender o léxico e as expresións utilizada, así como un dominio de aspectos relativos ao uso da lingua como a propiedade e a precisión.

**Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto e as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.**

O alumnado é quen de identificar a intención do texto (solicitar, reclamar, citar, etc...), ofrecementos, prazos, procedementos, dereitos, deberes e obrigas, acordos, reaccións, xustificacións, circunstancias de lugar e tempo, etc. sendo quen de reaccionar, en consonancia co propósito comunicativo, á vista da información esencial e dos detalles relevantes do texto de que se trate.

**Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.**

O alumnado é capaz de identificar e seleccionar información concreta e abstracta en textos complexos de diversa extensión, relativos a temas propios dos diferentes ámbitos sociais, coa finalidade de considerar a importancia dos textos para realizar adecuadamente unha tarefa comunicativa como preparar unha conferencia, redactar un artigo ou un informe, elaborar protocolos, plans de actuación, actas, memorias, etc. ou para aumentar a cultura persoal.

**Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.**

O alumnado é quen de posuír un bo control gramatical e un amplo vocabulario activo de lectura, así como o dominio de aspectos relativos ao uso da lingua como a propiedade e a precisión.

**Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.**

O alumnado é quen de comprender o vocabulario, as expresións e as estruturas empregadas na función comunicativa.

### **Actividades de produción e coprodución de textos escritos**

**Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.**

O alumnado é quen de redactar textos como reclamacións, curricula vitae, solicitudes e instancias, cartas ao director, artigos de opinión, etc. sobre temas xerais, usando o rexistro adecuado e unha organización clara do contido e con exactitude no uso do vocabulario.

**Redacta un texto e adáptao á situación requirida.**

O alumno é quen de escribir cartas propias dos ámbitos persoal, público e profesional cunha gran variedade de propósitos comunicativos, expresándose con claridade e sen manifestar ostensiblemente que se teña que limitar o que se quere dicir: manifestando un bo control gramatical, aínda que nalgunha ocasión poida ter descoidos esporádicos, erros non sistemáticos e pequenos e escasos fallos na estrutura da frase

**Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.**

O alumnado é quen de expresar as súas opinións e puntos de vista coa máxima claridade empregando o léxico preciso e as estruturas sintácticas axeitadas.

**Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.**

O alumnado é quen de usar estruturas, conectores e locucións que permiten diferenciar información e opinión, empregando para iso oracións complexas e manifestando un grao relativamente alto de control gramatical. Valorarase o emprego de circunloquios e paráfrases para compensar carencias de vocabulario e dificultades no uso de certas estruturas. Terase en conta que non comete erros que produzan malentendidos.

**Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.**

O alumnado é quen de dispoñer dun amplo vocabulario sobre asuntos relativos a temas xerais e de variar a formulación para evitar a frecuente repetición. A precisión léxica, a corrección ortográfica deberán ser altas, e a presentación e o formato adecuados, evitando as confusións ou incorreccións que obstaculicen a comunicación, aínda que algunhas deficiencias léxicas provoquen circunloquios.

**Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.**

**Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.**

Trátase de verificar a capacidade de escribir informes describindo detalladamente unha situación ou un feito, avaliando a información manexada previamente e achegando posibles solucións ou explicacións. Valorarase o uso do rexistro axeitado, a organización da información adecuada ás características deste tipo de textos e o uso apropiado das estruturas lingüísticas. O resultado deberá ser un texto coherente e cohesivo, no cal só ocasionalmente se cometen erros ao utilizar estruturas complexas de certa dificultade, e cuxas principais características serán a claridade e intelixibilidade e unha presentación propia deste tipo de texto (como, por exemplo, portada, índice -se é o caso- introdución, feitos, consideracións e conclusións).

**Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).**

O alumnado é quen de facer referencia as súas fontes introducindo as citacións das obras consultadas.

**Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.**

O alumno é quen de identificar o motivo central das ideas principais que constitúen o contido dun texto emitido por calquera canle ou dun acontecemento. A información anotada deberá estar organizada de tal maneira que o texto ou acontecemento orixinal podería ser reconstruído conservando, como mínimo, a información relevante. Valorarase que as notas conteñan toda a información necesaria e que reflectan con concisión, precisión e o léxico adecuado aquilo do cal se tomaron notas.

### Actividades de mediación

**Fai uso** dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

**É quen de coñecer os** aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

**Adapta** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

**É capaz de adaptar** os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información.

**Produce** un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

**Pode producir** un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado.

**Sabecitar** as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

**É capaz de citar** as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

**Transmite** de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades dos/as destinatarios/as.

**Pode transmitir** de xeito oral ou escrito os puntos destacados dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes

**Xestiona** con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

**É quen de xestionar** con flexibilidade a interacción entre as partes, axudando a expresar as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

## Temporalización

O curso ten unha duración de 120 horas presenciais para o grupo C1.1-1 e 124 para o grupo C1.1-2.

O curso estará dividido en 2 cuatrimestres, traballarase 4 unidades cada cuatrimestre.

Cada unidade traballarase aproximadamente en 8 sesións de 2 horas, segundo as dificultades que supoñan cada unidade.

As sesións dividiranse en dous cuatrimestres, o primeiro de 62 e o segundo de 58 ou 62 segundo o grupo. O alumnado disporá tamén de actividades de reforzo na aula virtual Moodle para compensar as sesións que por calendario ou algún outro motivo non se poidan impartir presencialmente. Traballarase coas unidades elaboradas polo profesorado do departamento. Ademais das actividades das unidades ampliaranse coñecementos co *“cahier d’activités” Illico 4 B2* da editorial Hachette cos libros que aparecen na bibliografía complementaria desta programación, así como con material de páxinas de Internet adicadas ao FLE.



Na plataforma Moodle da EOI de Lugo, os alumnos atoparán todo o material para traballar na clase como material complementario de reforzo.

As unidades están elaboradas en torno os temas léxicos da programación. En cada unha dela, ademais do léxico estudaránse as estruturas sintácticas, a fonética así como as cinco actividades de lingua: comprensión oral e escrita, produción oral e escrita e mediación.

Unidades:

Nestas primeiras catro unidades estudaránse os temas léxicos seguintes:

1. Identidade persoal: estilos de vida, carácter e valores persoais./ Alimentation: tipos de dietas e procesos de alimentación, tendencias en alimentación.
2. Cultura e actividades artísticas: literatura, cine, arquitectura./Bens e servizos: propiedade intelectual.
3. Información e medios de comunicación: Internet, radio,prensa e redes sociais.
4. Educación e actividades académicas: estudos e titulacións, recursos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias.

As unidades quedan distribuídas da seguinte maneira:

<b>Unidade:</b> 1.	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aparencia e vestimenta.</li> <li>- Modas e réximes alimentarios.</li> <li>- Tendencias vacacionais.</li> </ul>	<p>Dosier 1- Modes et tendances.</p> <p>Unidade 1 do Cahier d'activités <i>Illico 4</i>.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O participio presente e o adxectivo verbal.</li> <li>- O participio composto para expresar a anterioridade.</li> <li>- O futuro anterior para expresar a anterioridade no futuro.</li> <li>-A expresión da oposición <i>mais, au contraire, par contre, en revanche, contrairement à, alors que</i> e a concesión <i>mais, pourtant, cependant (mais quand même), même si, bien que et aussi d'autres moyens commesi ce n'est que, quand bien même, quitte à, le gérondif, etc.</i></li> <li>- Conxuncións para expresar unha relación temporal: <i>avant que, jusqu'à ce que, pendant que, quand/lorsque, au moment où, après que, dès que, depuis que, aussi longtemps que, tant que, ne...pas (encore) que, lors de, durant, le temps de, etc., le gérondif</i>. Posición dos elementos do sintagma preposicional: caso particular de <i>durant</i> (ex. <i>Durant toute sa vie/toute sa vie durant.</i>)</li> </ul> <p>Abreviacións e outros: <i>accro, bio, super, etc.</i></p>	
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pronuncia dos diferentes tipos de enunciados.</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento da implicación dos signos de puntuación para o ritmo e a entoación.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender unha entrevista radiofónica.</li> <li>- Comprender un programa de radio.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender un artigo en Internet.</li> <li>- Comprender un artigo de xornal.</li> <li>- Comprender publicacións de blogs especializados.</li> </ul>	

<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar das novas tendencias en moda.</li> <li>- Presentar unha tendencia.</li> <li>- Describir os modos de consumo alimentario.</li> <li>- Falar das novas tendencias en moda.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir un mail informal.</li> <li>- Debater nun foro.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre modas e tendencias.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

<b>Unidade: 2</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estilo e contido dun libro.</li> <li>- Falar do patrimonio.</li> <li>- Falar de series e de rodaxes.</li> <li>- Falar da propiedade intelectual.</li> </ul>	<p>Dossier 2- Culture commune</p> <p>Unidades 2 e 3 do Cahier d'activités <i>Illico</i> 4.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os comparativos e os superlativos para comparar e establecer unha xerarquía.</li> <li>-Os pronomes relativos para evitar as repeticións (revisión dos simples e estudo dos compostos). A concordancia co verbo co pronome relativo "qui".</li> <li>-A "mise en relief" para destacar unha información. Funcións sintácticas do sintagma, mobilidade dos sintagmas. Concordancia do verbo no casa da mobilidade do suxeito.</li> <li>-Os pronomes "y" e "en" para evitar repeticións.</li> </ul>	<p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vogais nasais e desnasalización.</li> </ul>	

<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os rexistros da lingua: familiar, corrente e formal.</li> <li>- Uso do apóstofre para a transcripción de pronuncias coloquiais: <i>t'es fatiqué</i>.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender faladoiros de crítica literaria.</li> <li>- Comprender un debate radiofónico.</li> <li>- Comprender un programa de radio.</li> <li>- Comprender unha reportaxe.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos na prensa e en Internet.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresar preferencias literarias.</li> <li>- Participar nun debate.</li> <li>- Facer unha presentación dun libro.</li> <li>- Participar nunha entrevista sobre series e filmes.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir unha reseña dun libro.</li> <li>- Escribir un mail informal.</li> <li>- Participar nun foro.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre literatura e cinema.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

<b>Unidade: 3</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prefixos negativos para formar adxectivos.</li> <li>- Novas tecnoloxías e redes sociais</li> <li>- Prefixo re- para indicar unha repetición.</li> <li>- Conectores para expresar un razoamento: <i>certes, même si, d'autant que, ainsi, de ce point de vue, or, en effet</i>.</li> </ul>	<p>Dossier 3- Nouvelles technologies.</p> <p>Unidade 4 do Cahier d'activités <i>Illico</i> 4.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p>

<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os adxectivos compostos: concordancia (<i>vert pâle, aigre-doux</i>).</li> <li>- Os adxetivos coa función adverbial: <i>parler fort</i>.</li> <li>- O artigo: casos especiais</li> <li>- A inversión.</li> <li>- Expresar a duración: <i>il y a, depuis, cela fait...que, il y a ...que</i>.</li> <li>-Expresar a causa (<i>parce que, car, en raison de, puisque, grâce à, à cause de, à force de, du moment que, attendu que, ce n'est pas que, non (pas) que</i> e outras formas como <i>pour, par, le gérondif, etc.</i>) e a consecuencia(<i>donc, alors, c'est pour cela que, c'est la raison pour laquelle, c'est pourquoi, tellement/si...que, tant et si bien que...</i> e outras maneiras como <i>d'où, de là, du coup, etc.</i>).</li> <li>- Repaso tempos do pasado (para contar no pasado).</li> </ul>	<p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fonema e grafía das vogais [y] et [u] / [ø] et [œ] – [o] et [ɔ]</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A puntuación nun texto de opinión.</li> <li>- Uso das cursivas para títulos de obras artísticas, nomes de xornal (ex. <i>Le Monde</i>), para resaltar unha palabra ou unha parte do texto, para símbolos matemáticos.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender entrevistas radiofónicas.</li> <li>- Comprender avance informativo na radio.</li> <li>- Comprender un programa de radio.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> <li>- Comprender entradas nun blogue.</li> <li>- Comprender carteis.</li> <li>- Comprender extractos dun ensaio.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar da actualidade tecnolóxicas.</li> <li>- Comentar a evolución da tecnoloxía en relacións os medios de comunicación.</li> <li>-Comparar antes e agora: tempos pasado</li> <li>- Facer razoamentos de opinión.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participar nun foro.</li> <li>- Escribir un artigo de prensa.</li> <li>- Escribir un mail informal.</li> <li>- Tomar notas e facer un esquema...</li> </ul>	

<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre novas tecnoloxías.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	
-------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

<b>Unidade: 4</b>	<b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A nominalización.</li> <li>- A aprendizaxe das linguas.</li> <li>- Os estudos e o sistema educativo.</li> </ul>	<p>Dossier 4- Modèles éducatifs.</p> <p>Unidade 8 do Cahier d'activités <i>Illico 4</i>.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio complementario.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formación de nomes por formas verbais e locucións: ex. <i>Le qu'en-dira-t'on</i>. Xénero dos substantivos (con dous xéneros, con cambio de significado).</li> <li>- Nomes propios de marcas ou persoas convertidos en comúns (ex. <i>Kleenex</i>).</li> <li>- As proposicións relativas para expresar o desexo ou a finalidade. Emprego dos modos verbais na subordinada de relativo. Quiconque, relativas sen antecedente, casos especiais de colocación do pronome relativo con relación ao seu antecedente.</li> <li>- O valor do subxuntivo para a expresión da opinión e da probabilidade.</li> <li>- A negación: <i>ne...ni...ni...</i></li> <li>- O "Ne" expletivo.</li> </ul>	
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ton axeitado.</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valores discursivos dos signos de puntuación.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender entrevistas da radio.</li> <li>- Comprender debates.</li> <li>- Comprender reportaxes.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> <li>- Comprender extractos de ensaio.</li> </ul>	

<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Expor obxectivos a alcazar.</li> <li>- Presentar experiencias innovadoras.</li> <li>- Falar da aprendizaxe de linguas.</li> <li>- Debater sobre a utilidade dos títulos académicos.</li> <li>- Presentar unha iniciativa educativa.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir un estatuto.</li> <li>- Facer un resumo/ "<i>compte-rendu</i>".</li> <li>- Escribir nun foro.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre a aprendizaxe de linguas e os estudos.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

Os temas léxicos desta últimas 4 unidades son:

5. Goberno, política e sociedade: organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias.
6. Bens e servizos: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos ... / Compras e actividades comerciais: actividades de compra, venda.
7. Economía e industria: comercio, entidades e empresas, sistemas de produción.
8. Ciencia e tecnoloxía: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...

As unidades quedan distribuídas da seguinte maneira:

Unidade:5		Temporalización: 7 sesións (de dúas horas cada unha)
Competencias e contidos:		Recursos didácticos:
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O sistema de saúde.</li> <li>- Organizacións sociais.</li> <li>- O feminismo.</li> <li>- As institucións e a política.</li> <li>- Modas e tendencias sociais.</li> <li>- Emocións e sentimentos.</li> </ul>	<p>Dossier 5- Questions de société.</p> <p>Unidade 5 do Cahier d'activités <i>Illico 4</i>.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A voz pasiva. Casos particulares. Forma impersonal, verbos defectivos, concordancia do participio pasado.</li> <li>- Pronomes complementos con <i>faire + infinitif</i>, <i>laisser + infinitif</i>. Reflexivos e usos de <i>soi</i>. Recíprocos.</li> <li>- O subxuntivo para tomar posición.</li> <li>- Matizar unha comparación: Conxuncións e locucións conxuntivas: <i>d'autant plus/moins/mieux...que, aussi bien que, etc.</i> Outras maneiras de expresar a comparación: <i>autant, autant...etc.</i> Averbios de grao: <i>autrement, quasi, quasiment, etc.</i> Uso particular de <i>tout e bien</i>.</li> <li>- O subxuntivo para expresar unha alternativa (<i>Que...ou que...+subj.</i>). Posición dos elementos do sintagma.</li> <li>- Completivas introducidas <i>pour à ce que, de ce que, en ce que</i>.</li> </ul>	<p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p>Plataforma Moodle do curso con material de apoio e complementario.</p>



<b><u>Fonética e ortografía:</u></b>	- O s xordo e sonoro.	
<b><u>CO</u></b>	- Comprender un editorial da radio. - Comprender unha entrevista radiofónica.	
<b><u>CE</u></b>	- Comprender artigos de prensa. - Comprender unha páxina web. - Comprender declaracións e testemuños.	
<b><u>PO</u></b>	- Facer declaracións sobre problema sociais. - Debater sobre temas da sociedade actual. - Presentar feitos culturais ou políticos.	
<b><u>PE</u></b>	- Escribir nun foro. - Escribir correspondencia formal. - Comentar un gráfico.	
<b><u>Mediación</u></b>	-Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre organizacións sociais e institucións políticas. -Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.	

<b>Unidade: 6</b>	<b>Temporalización: 6 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	- Tipos de aloxamento. - Arrendamento ou compra – novas tendencias. - Servizos e transportes na cidade. - Cidades verdes e “intelixentes”	Dosier 6- Logement.  Material complementario de libros e gramáticas.
<b><u>Gramática:</u></b>	- Adverbios de lugar ( <i>en aval, en amont</i> ) - Adverbios de tempo: <i>tantôt, sur-le-champ, sur ces entrefaites</i> . - Adverbios de modo: <i>instamment, à mon insu, soi-disant...</i> - Adverbios en <i>-ment</i> . - Pronomes demostrativos <i>il/ce/cela/ça</i> (pronomes suxeito). Usos populares de <i>ça</i> (ex. <i>Un enfant, ça pleure</i> ) - Preposicións e locucións preposicionais. Repetición, Funcións sintácticas do sintagma preposicional ( <i>rêver à, de</i> ). - Finalidade: conxuncións ou locucións conxuntivas: <i>de façon/manière à ce que e</i>	Material complementario sacado de páxinas de Internet.  <i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.

	<p>outros como dans le but de, <i>dans l'espoir de, histoire de, etc.</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Tempos do subxuntivo pasado.</li> <li>- Plural irregular de substantivos: les Durand.</li> </ul>	
<b><u>Fonética e ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Distintos fonemas para unha mesma grafía.</li> <li>- Palabras homógrafas e homónimos.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender un programa de radio.</li> <li>- Comprender unha editorial</li> <li>- Comprender unha entrevista.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> <li>- Comprender testemuños en rede.</li> <li>- Comprender publicidades e folletos.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar do aloxamento.</li> <li>- Falar dos cambios nunha cidade.</li> <li>- Propoñer melloras de circulación nunha cidade.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir un "rapport"</li> <li>- Escribir correspondencia formal e informal.</li> <li>- Elaborar un folleto.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre aloxamento.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

<b>Unidade: 7</b>	<b>Temporalización: 7 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Economía e finanzas.</li> <li>- A biodiversidade.</li> <li>- Sistemas de produción.</li> <li>- A publicidade.</li> <li>- A muller na publicidade.</li> <li>- A solidaridade.</li> </ul>	<p>Dossier 7 - Faire évoluer la société.</p> <p>Unidade 6 do Cahier d'activités <i>Illico 4</i>.</p>

<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os artigos casos especiais de utilización ou omisión (pourcentages)</li> <li>- Expressar a condición. conxuncións ou locucións conxuntivas: <i>selon que, si tant est que, des fois que</i>, etc. Outras formas de expresar a condición: <i>autrement, sans ça, gérondif</i> ou outros.</li> <li>- O condicional para atenuar ou expresar feitos hipotéticos.</li> <li>- O condicional pasado para expresar un reproche ou arrepentimento.</li> <li>- Adxectivos e pronomes indefinidos (<i>autrui, nul...</i>)</li> <li>- Concordancia dos pronomes co verbo: pronomes indefinidos, suxeitos múltifles, termos colectivos (<i>beaucoup, plusieurs, la plupart</i>).</li> <li>- A concordancia do participio pasado co COD colocado antes do verbo.</li> </ul>	<p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- As “liaisons”.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender un programa de radio.</li> <li>- Comprender unha editorial.</li> <li>- Comprender unha entrevista.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> <li>- Comprender testemuños en rede.</li> <li>- Comprender extractos dunha novela.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Falar de economía.</li> <li>- Facer recomendacións.</li> <li>- Propoñer unha acción social.</li> <li>- Explicar un problema e propoñer solucións.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escribir nun foro.</li> <li>- Escribir un mail formal.</li> <li>- Escribir un artigo.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre economía, publicidade, solidaridade.</li> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

<b>Unidade: 8</b>	<b>Temporalización: 6 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b>		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencias profesionais.</li> <li>- Tecnoloxías no emprego.</li> <li>- O medio profesional.</li> <li>- Centros de investigación.</li> <li>- A muller na investigación.</li> </ul>	<p>Dosier 8 – Agir au travail.</p> <p>Unidade 7 do Cahier d'activités <i>Illico 4</i>.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario sacado de páxinas de Internet.</p> <p><i>Plataforma Moodle</i> do curso con material de apoio e complementario.</p>
<b><u>Gramática:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O discursos indirecto en presente e pasado. O discurso indirecto libre.</li> <li>- Demostrativos en exclamativas con valor de que</li> <li>- O dobre pronome.</li> <li>- Revisión concordancia do participio pasado con avoir.</li> </ul>	
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os homónimos.</li> </ul>	
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O rexistro formal e familiar.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender unha conferencia.</li> <li>- Comprender unha entrevista radiofónica.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos de prensa.</li> <li>- Comprender unha entrada de opinión nunha web.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entrevistar a alguén.</li> <li>- Comparar practicas profesionais.</li> <li>- Falar das competencias profesionais.</li> <li>- Falar do impacto das novas tecnoloxías no futuro do traballo.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tomar notas.</li> <li>- Escribir un mail formal.</li> <li>- Escribir un "rapport".</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre tecnoloxía e investigación.</li> <li>-Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

## NIVEL C1.2

### Obxectivos específicos

#### Actividades de comprensión de textos orais

**Comprender**, independentemente da canle, a información específica en declaracións, mensaxes, anuncios e avisos detallados, aínda que poidan ter mala ou baixa calidade ou un son distorsionado.

**Comprender** información complexa con condicións e advertencias, instrucións de funcionamento e especificacións de produtos, servizos, así como información sobre procedementos coñecidos ou menos habituais e sobre os asuntos relacionados coa súa profesión ou actividades académicas.

**Comprender** os detalles de conversacións e discusións de certa lonxitude entre terceiras persoas, mesmo sobre temas abstractos, complexos ou cos que non se está familiarizado/a, e captar a intención do que se di.

**Comprender**, sen demasiado esforzo, unha ampla gama de programas de radio, televisión, obras de teatro ou espectáculos e películas que poidan conter linguaxe coloquial ou expresións idiomáticas. Identificar pormenores e actitudes implícitas entre os e as falantes.

**Comprender** con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, coloquios, faladoiros e debates, sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico, entendendo en detalle os argumentos que se esgrimen.

**Comprender** conversacións de certa lonxitude nas que participa, aínda que non estean claramente estruturadas.

#### Actividades de produción e coprodución de textos orais

**Facer** declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo e usando a entoación para transmitir o significado con precisión.

**Realizar** presentacións claras e ben estruturadas, sobre un tema complexo, ampliando con subtemas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo puntos de vista con argumentos e exemplos adecuados, apartándose cando sexa necesario do texto preparado para continuar con aspectos propostos pola audiencia e rematar cunha conclusión apropiada, unha vez respondidas as preguntas finais.

**Participar** nunha entrevista, como entrevistador/a ou entrevistado/a, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas, utilizando mecanismos adecuados para manter o bo desenvolvemento do discurso.

**Participar** en conversacións formais ou informais, cunha ou varias persoas interlocutoras, que traten temas abstractos, complexos ou específicos. Facer un uso emocional ou humorístico do idioma, expresar as propias ideas e opinións con precisión, presentar liñas argumentais de maneira convincente e responder con eficacia.

### Actividades de comprensión de textos escritos

**Comprender** instrucións, indicacións, normativas, avisos ou outras informacións de carácter técnico e complexas, incluíndo algún detalle sobre condicións e advertencias, tanto se se relacionan coa propia especialidade coma se non, sempre que se poidan reler as seccións máis difíciles.

**Comprender** alusións en notas, mensaxes e correspondencia persoal, que poidan tratar sobre temas complexos e presentar trazos específicos na súa estrutura ou no léxico (formato non habitual, linguaxe coloquial, ton humorístico).

**Comprender** a información contida en correspondencia formal de carácter profesional ou institucional, identificando os niveis de formalidade e as actitudes ou opinións implícitas.

**Comprender** artigos, informes, actas, memorias e outros textos complexos do ámbito social, profesional ou académico e identificar detalles que denoten actitudes, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprender** en detalle a información contida en textos de consulta de carácter profesional ou académico, en calquera soporte, sempre que se poidan volver ler as seccións difíciles.

**Comprender** textos literarios contemporáneos, escritos nunha variedade de lingua estándar e captar a mensaxe, as ideas e as conclusións implícitas.

### Actividades de produción e coprodución de textos escritos

**Tomar** notas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, ou durante reunións no ámbito profesional, escribindo a información de maneira que as notas poderían ser útiles para outras persoas.

**Escribir** correspondencia persoal en calquera soporte e comunicarse en foros, relacionarse con flexibilidade e eficacia coas persoas destinatarias, incluíndo usos de carácter emocional, alusivo e humorístico.

**Escribir** correspondencia formal dirixida a institucións públicas ou privadas na que se fagan reclamacións ou demandas con certa complexidade e se empreguen os argumentos pertinentes para apoiar ou rebater posturas.

**Escribir** informes, memorias, artigos e ensaios claros e ben estruturados, sobre temas complexos en contornas de carácter público, académico ou profesional, resaltando as ideas principais, ampliando con subtemas e rematando cunha conclusión apropiada.

### Actividades de mediación

**Mediar** entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

**Adaptar** sen aparente dificultade o rexistro aos diferentes contextos de uso e manter unha expresión e entoación que permitan transmitir o significado e aclarar posibles confusións.

**Levar** a cabo transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos, facer concesións, utilizando unha linguaxe negociadora e afrontar dificultades imprevistas.

**Recoñecer** significados complexos, en textos orais ou escritos, e adaptar o formato e contido en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a e aclarar posibles confusións.

## Competencias e contidos

### Socioculturais e sociolingüísticos

Fan referencia ao coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade nos ámbitos académico e profesional, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Estes contidos deben enmarcarse nunha perspectiva intercultural e deberán estar integrados nas diferentes áreas temáticas á hora de elaborar os materiais didácticos.

Teranse en conta os marcadores lingüísticos das relacións sociais, normas de cortesía, estereotipos, modismos e rexistros nas seguintes áreas: os servizos públicos, as condicións de vida, as relacións persoais, as convencións sociais, os valores e as crenzas.

### Estratéxicos

Fan referencia á capacidade do alumnado para aprender autonomamente, resolver as dificultades que lle poidan xurdir e ser consciente da súa propia aprendizaxe, responsabilizándose do proceso dun xeito activo. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada

nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

**1. As estratexias de aprendizaxe** danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- **Explicar** o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo.
- **Planificar** a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.
- **Organizar** o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe, aplicacións móbiles, ferramentas en liña...).
- **Autoavaliar** o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.
- **Utilizar** todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as interlocutores/as...)
- **Repetir, recoñecer e usar** modelos de lingua etc.
- **Relacionar** a información nova con coñecementos previos.
- **Deducir** e establecer relacións entre as linguas coñecidas.
- **Resumir** para comprender e producir textos orais ou escritos.

**2. As estratexias de comunicación** permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- **Activar e procurar** coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...
- **Informarse**, se hai axudas visuais...
- **Identificar** o tipo de texto para adaptalo á audiencia.
- **Tomar** conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.
- **Establecer** hipóteses e inferir outros tipos de informacións a partir de elementos paratextuais (entoación, velocidade...) e extratextuais (imaxes, gráficos, fotografías...).
- **Restablecer** e anticipar posicións en relación ao que segue no texto (palabra, frase, resposta...).
- **Reformular** hipóteses sobre o contido e o contexto a partir da comprensión de novos elementos do propio texto, utilizando o seu coñecemento e experiencias.



- **Asegurar** a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.
- **Solicitar** repeticións, pedir que se explique unha palabra clave, dicir que non se entendeu.
- **Recoñecer** as dificultades de comprensión, debido a posibles factores de distorsión, á velocidade coa que se expresa ...

## Funcionais

Fan referencia aos expoñentes que o alumnado precisa para desenvolver as funcións comunicativas nos diferentes contextos. Os expoñentes das funcións que se relacionan a continuación deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Comprensión e expresión das seguintes funcións comunicativas ou actos de fala en contextos comunicativos específicos, tanto a través de actos de fala directos como indirectos, nunha ampla variedade de rexistros:

**Funcións ou actos de fala asertivos**, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, expresar unha opinión, formular unha hipótese, supoñer, predicir...

**Funcións ou actos de fala que impliquen compromiso**, relacionados coa expresión do ofrecemento, da intención, da vontade e da decisión: expresar a intención, a vontade e a decisión de facer ou non facer algo; ofrecer axuda; prometer e retractarse...

**Funcións ou actos de fala directivos**, que teñen como finalidade dar unha instrución: ofrecer consello, advertir, dar instrucións, dar ou negar permiso, previr a alguén en contra de algo ou de alguén, prohibir, recomendar, lembrarlle algo a alguén, restrinxir e suplicar...

**Funcións ou actos de fala fáticos e solidarios**, que se realizan para establecer ou manter o contacto persoal, social, académico e profesional e expresar actitudes con respecto aos/ás demais: aceptar ou declinar unha invitación, compadecerse, expresar condolencia, facer cumprimentos, interesarse por alguén ou por algo, pedir desculpas e rexeitar...

**Funcións ou actos de fala expresivos**, cos que se expresan actitudes e sentimentos como resposta ante determinadas situacións: expresar admiración, ledicia, aprecio, simpatía, (des)confianza, (des)aprobación, decepción, (des)interese, resignación, temor, exculpar, lamentar, reprochar...

## Discursivos

Fan referencia ao coñecemento, comprensión e aplicación das competencias discursivas que lle permitan ao alumnado producir e comprender textos coherentes con respecto ao contexto en que se producen e que presenten unha cohesión interna que facilite a súa comprensión. A complexidade da tipoloxía de textos que se relaciona deberá adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel, ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado e ás distintas actividades de lingua.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Instrucións e indicacións detalladas
- Conversas especializadas
- Reunións de traballo con vocabulario específico
- Entrevistas longas e complexas: de traballo, académicas...
- Entrevistas xornalísticas de carácter divulgativo
- Audiovisuais
- Conferencias, presentacións e declaracións públicas específicas e detalladas
- Cancións
- Representacións teatrais
- Podcasts
- Informativos
- Clases gravadas
- Páxinas web gobernamentais

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Textos extensos da súa especialidade ou doutros ámbitos
- Instrucións extensas
- Textos xornalísticos informativos e de opinión sobre temas de actualidade
- Textos literarios contemporáneos que poidan presentar certa complexidade lingüística, estrutural e temática
- Informacións, anuncios e slogans publicitarios
- Textos que poidan amosar trazos non normativos
- Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
- Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
- Textos ensaísticos

## Sintácticos

Fan referencia ás capacidades do alumnado á hora de seleccionar e usar estruturas de lingua en función da súa pertinencia para acadar a intención comunicativa en cada actividade de lingua. Os contidos que se relacionan deberán adaptarse ás características propias de cada idioma, á organización de cada nivel e ás necesidades e dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Consolidaranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidirase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- Formación de palabras: derivación e composición
- Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos
- Usos das formas verbais e nominais na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- Correlación temporal na construción de textos orais e escritos
- Usos sintácticos complexos
- Disposición dos constituíntes oracionais: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- Gramática textual: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- Uso de mecanismos de cohesión para a organización de textos orais e escritos.

## Gramaticais

<b>Unidade: 7</b>	<b>O ensino e a educación</b> <b>Temporalización: 8 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b> <b>Deducir</b> e establecer relacións entre as linguas coñecidas. <b>Informarse</b> se hai axudas visuais, etc. <b>Analizar</b> o discurso facendo fincapé nos subtemas correlativos. <b>Apreciar</b> diferentes variedades da lingua e cambios de rexistro e de estilo e sacar as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ensino, educación.</li> <li>- Tipos de ensino, de formación, de alumnado.</li> <li>- Integración e exclusión.</li> <li>- Linguaxe coloquial e argot.</li> <li>- Eufemismos.</li> <li>- Proverbios e sentencias, expresións idiomáticas.</li> </ul>	Fichas elaboradas polo profesor.  Material complementario de libros e gramáticas.  Material complementario audio, video, escrito sacado de páxinas de Internet.
<b><u>Gramática</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerundio, adxectivo verbal.</li> <li>- Pronomes indefinidos: <i>Quiconque, les uns les autres; divers, pas un...</i></li> <li>- Pronomes indefinidos + cantidades.</li> <li>- A necesidade, a vontade, a orde, o permiso, o consello, a intención.</li> <li>- Construcións co infinitivo, indicativo o subxuntivo.</li> </ul>	Carpeta de Google Drive con material de apoio e complementario.  <b>Édito C1</b> , A Bourmayan Livre de l'élève Cahier d'exercices
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entoación para expresar matices de significado.</li> <li>- Variedades fonético fonolóxicas estándares propias de lingua.</li> <li>- Revisión sistemática da pronuncia dos fonemas.</li> </ul>	<b>Alter Ego</b> Méthode de Français C1-C2 Michel Guilloux  <b>Illico 5</b> , C1-C2
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).</li> </ul>	Delphine Twardowski-Vieites Sylvain Capelli Emilie Mathieu-Benoit
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender variedades de acentos.</li> <li>- Comprender linguaxe coloquial et argot.</li> <li>- Comprender programas radiofónicos ou televisos sobre o tema da educación.</li> <li>- Comprender a temática do thriller dos filmes "Entre les</li> </ul>	

	<i>murs</i> “ <i>Lesgrands esprits</i> ” Film de Olivier Ayache-Vidal (2017)	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Comprender artigos sobre actualidade educativa e a igualdade das oportunidades.</li> <li>– Comprender artigos sobre a educación emocional.</li> <li>– Actividade de estrutura de argumentación en textos escritos.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Debater sobre temas prioritarios do sistema educativo actual.</li> <li>– Debater sobre a violencia nas aulas.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Redactar unha produción libre sobre a inclusión e a igualdade de oportunidade no ámbito educativo.</li> <li>– Producir un texto a partir de diversos textos fontes.</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Mediar entre falantes para trasladar oralmente ou por escrito a información de textos sobre a educación.</li> <li>– Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

<b>Unidade: 8</b>	<b>Política, Sociedade, linguas, culturas, era numérica</b>	
	<b>Temporalización: 7 sesións (de dúas horas cada unha)</b>	
<b>Competencias e contidos:</b> <b>Relacionar</b> a información nova con coñecementos previos. <b>Sintetizar</b> datos variados para formular novos supostos. <b>Analizar</b> o fío discursivo dun documento coa fin de detectar os subtemas implícitos. <b>Utilizar</b> estratexias precisas para organizar o seu discurso. <b>Explicar</b> e entender as semellanzas e diferenzas culturais, así como superar eventuais barreiras ou contextos adversos na comunicación.		<b>Recursos didácticos:</b>
<b><u>Léxico:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Lingua e francofonía, anglicismos.</li> <li>– Internet, redes sociais, seguridade dixital, desinformación.</li> <li>– Linguaxe familiar e argot.</li> <li>– Euphemismos.</li> <li>– Proverbios e sentencias.</li> <li>– Expresións idiomáticas coloquias.</li> </ul>	<p>Fichas elaboradas polo profesor.</p> <p>Material complementario de libros e gramáticas.</p> <p>Material complementario</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Conectores e marcadores referenciais.</li> </ul>	<p>audio, video, escrito sacado de páxinas de Internet.</p>
<b><u>Gramática</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xerundio, participio presente, adxectivo verbal.</li> <li>- A segunda forma da hipótese.</li> <li>- Segunda hipótese con subxuntivo introducida por "que".</li> <li>- Prefixos.</li> <li>- Discurso directo e indirecto en pasado.</li> <li>- A finalidade.</li> </ul>	<p>Carpeta de Google Drive con material de apoio e complementario. <b>Édito C1</b>, A Bourmaysan Livre de l'élève Cahier d'exercices</p>
<b><u>Fonética:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Entoación para expresar matices de significado.</li> <li>- Variedades fonético fonolóxicas estándares propias de lingua.</li> </ul>	<p><b>Alter Ego</b> Méthode de Français C1-C2 Michel Guilloux</p> <p><b>Illico 5</b>, C1-C2 Delphine Twardowski-Vieites, Sylvain Capelli, Emilie Mathieu-Benoit</p>
<b><u>Ortografía:</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Termos relacionados coa temática da unidade.</li> </ul>	
<b><u>CO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender variedades de acentos.</li> <li>- Comprender linguaxe coloquial et argot.</li> <li>- Comprender reportaxes, discursos, debates sobre o as linguas rexionais.</li> <li>- Comprender reportaxes sobre as redes sociais.</li> </ul>	
<b><u>CE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprender artigos sobre a relación da cidadanía e da clase política coas linguas rexionais.</li> <li>- Comprender un artigo sobre a desinformación.</li> </ul>	
<b><u>PO</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Debater sobre as contradicións unidas ás novas tecnoloxías.</li> </ul>	
<b><u>PE</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participar nun foro e contestar á pregunta: As novas tecnoloxías: amor ou odio?.</li> <li>- Redactar un informe sobre as contradicións unidas ás novas tecnoloxías. (illamento, desinformación...).</li> </ul>	
<b><u>Mediación</u></b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptar sen aparente dificultade o rexistro ao contexto.</li> </ul>	

Nas sesións restantes, faranse actividades de reforzo dos aspectos que máis dificultade supuxeron.

## METODOLOXÍA

No ensino das linguas, a metodoloxía é o conxunto de procedementos que se empregan para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, teranse en conta elementos clave como:

- O ensino do idioma desde unha perspectiva de uso.
- O fomento do emprego da lingua obxecto de estudo como vehículo de comunicación.
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento das actividades de lingua.
- O fomento da autonomía do alumnado e do desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe.

O obxectivo principal das aulas ten que ser a comunicación, utilizando desde o principio e na medida do posible a lingua estudada como vehicular, favorecendo o contacto constante do alumnado coa lingua. Por outra parte, o profesorado integrará dentro destas tarefas comunicativas, as actividades de lingua de comprensión, produción, coprodución e mediación, tanto orais como escritas. Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, o profesorado debe revisar a súa metodoloxía, así como actualizar os seus métodos, medios e materiais didácticos para facer da aula un lugar facilitador e motivador. Ao mesmo tempo, o alumnado debe implicarse de xeito activo na súa propia aprendizaxe e considerar o erro como un elemento necesario deste proceso.

## METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DE ENSIANZA-APRENDIZAXE

As ensinanzas de linguas parten dun modelo de lingua que ten unha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma. Trátase do enfoque orientado á acción que promulga o MECR e, na súa posta en práctica, terá como centro tarefas baseadas nos obxectivos de comunicación definidos neste currículo, tendo en conta as necesidades e intereses do alumnado.

Este enfoque metodolóxico posibilita que o alumnado se implique no proceso de aprendizaxe mediante tarefas deseñadas en función dos obxectivos fixados para as diferentes destrezas, de xeito que permita a convivencia de distintos estilos de aprendizaxe.

A finalidade deste enfoque será a activación da variedade de procesos e habilidades necesarios para levar a cabo tarefas nas que se realizarán actividades de comprensión, expresión e interacción e que englobarán todos os compoñentes curriculares (os obxectivos, os contidos, a metodoloxía e a avaliación). Non se trata de ver nas aulas os distintos contidos de forma illada. Aínda que, por razóns estruturais, estes aparezan no currículo separadamente, terán que ser integrados na realización

das diferentes tarefas e actividades, para preservar en todo momento o sentido comunicativo no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os alumnos de A1 e A1-A2 teñen un libro de texto. Aínda que a existencia deste libro ofrece indubidables vantaxes ao profesor e ao alumno, de ningún xeito será o único material utilizado, xa que sempre hai contidos da programación que o texto non cobre, xa sexan culturais, gramaticais, léxicos ou fonéticos. O resto de grupos traballaran con unidades didácticas elaboradas polos profesores, ademais contarán cun “*cahier d’activités*” para reforzar as diferentes destrezas traballadas na aula. O obxectivo primordial do profesor debe ser impartir todo o reflectido na programación para o curso de que se trate, e para iso organizará o tempo dispoñible e aportará cantos materiais complementarios sexan necesarios. As coordinacións xogarán un papel fundamental neste senso.

Cada estrutura nova que se presente abordarse tendo como instrumento e meta o uso das cinco destrezas (comprensión, expresión e mediación orais e escritas) dun modo integrador e significativo. A aprendizaxe será basicamente práctica, variada e flexible. As actividades basearanse na simulación de situacións reais, empregando materiais auténticos sempre que sexa posible, estimulando a adquisición de estratexias de aprendizaxe autónoma, autocorrección e autoavaliación, co obxectivo de preparar ao alumnado para ter as ferramentas necesarias para a consecución dunha tarefa final. Esta tarefa permitiralles pór en práctica todo o adquirido ao longo da unidade para resolver unha situación da vida cotiá, ben no eido oral ou escrito.

Sobre todo nos primeiros estadios da aprendizaxe, débese ofrecer ao alumno continuo reforzo positivo para así vencer o inhibidor medo ao erro. As incorreccións son inherentes ao proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira e han de integrarse como ferramenta útil para a revisión, a autocorrección e o reforzo. Os exercicios a estes niveis serán ao principio moi controlados e de natureza lúdica cando sexa posible, pasándose a actividades máis libres cando o alumno adquira suficiente confianza.

Considerando que a meta final é alcanzar a competencia correspondente a cada curso nas catro destrezas básicas, a actividade da aula debe traballar todas elas, sobre todo atendendo aquelas que o alumno non ten facilidade para practicar fóra da aula, é dicir, a comprensión e expresión orais. De ningún xeito un alumno será considerado apto se non alcanza o nivel suficiente na súa produción oral.

As clases se impartirán na lingua obxecto de estudo, coa excepción da etapa inicial de primeiro curso, en que se fará unha introdución do francés gradual e adaptada ao nivel do alumno. Esta adaptación será menor a medida que se pase a un curso superior.

Dado o carácter voluntario da asistencia, debemos esforzarnos por ofrecer un ensino de calidade, que combine o rigor científico coa amenidade e o goce.

## DESENVOLVEMENTO DAS CLASES TELEMÁTICAS

En caso de que se repetira unha situación sanitaria como a que vivimos, o profesorado e o alumnado traballarían coas plataformas Moodle e Webex. Co fin de familiarizarse coas novas tecnoloxías e estar preparados no caso de traballar de maneira telemática, traballárase nas clases presenciais con a plataforma Moodle para o desenvolvemento das clases diarias e Webex para a atención titorial, se o solicitase o alumnado ou o profesorado.

As clases telemáticas regularanse segundo as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) da escola.

Durante o mes de setembro, comprobarase que todo o alumnado sabe manexar a plataforma Moodle.

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

### IGUALDADE DE XÉNERO

Na elección dos libros de lectura consideramos oportuno darlle relevancia a autoras femininas, e así manter unha equidade de xénero nos autores e autoras. Alén disto, nas unidades didácticas engadíronse mulleres que destacaron e salientan polas súas achegas nos diferentes eidos.

### PLAN LECTOR

Nas clases de francés adoitamos dedicar un tempo á lectura, dado que é unha parte importante da nosa materia, porque permite traballar as cinco competencias e acercarse máis á cultura francesa e francófona.

### CLUBES DE LECTURA

Haberá tres clubs de lectura, un para o nivel A2-B1 os mércores de 13 a 14 horas e dous para o nivel C, os xoves ás 20.00. As obras que se traballarán son respectivamente, *Le petit Nicolas de Sempé et Goscinny*, *L'adversaire de Emmanuel Carrère* e *Regarde les lumières mon amour de Annie Ernaux*. Publicarase o calendario das sesións e tamén material fotográfico despois de cada sesión, nas ferramentas dixitais do departamento e do centro.

Por outra banda, a biblioteca da EOI dispón dun amplo catálogo de obras para cada nivel de aprendizaxe.

### **A1-A2**

Enquête capitale + CD audio MP3 – Marine de Courtis (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

La dernière nuit au phare + CD audio MP3 - Pascale Paoli (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

Mystère sur le Vieux-Port + CD audio MP3 – Pascale Paoli (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

Rémi et le mystère de Saint-Péray + CD audio – Annie Coutelle (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

Si c'était vrai... + CD audio – Sylvie Bataille (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

### **A2**

L'épave. Le voyage du Horla – Guy de Maupassant (Collection Évasion Classique – Santillana Français)

Le petit Nicolas - Sempé-Goscinny

Le tour du Monde en 80 jours + CD audio MP3 – Jules Verne (Lire en français facile – Hachette Français Langue Étrangère)

Lettres persanes – Montesquieu (Collection Évasion Classique – Santillana Français)

Train de nuit – Dominique Renaud (Collection Évasion lectures en français facile – Santillana Français)

Les bijoux de la Castafiore –Hergé

La tulipe noire – Alexandre Dumas.

### **B1-B2.1**

Silhouette – Jean-Claude Mourlevat

Hiroshima mon amour – Marguerite Duras.

La place – Annie Ernaux.

Je voudrais que quelqu'un m'attende quelque part – Anna Gavalda

Le liseur du 6h27 – Jean-Paul Didierlaurent

Le Petit Prince – Antoine de Saint-Exupéry

Monsieur Ibrahim et les Fleurs du Coran – Éric-Emmanuel Schmitt

Toutes ces choses qu'on ne s'est pas dites – Marc Levy

Fendre l'armure – Anna Gavalda

Paroles – Jacques Prévert

## **B2.2.-C1.1**

Silhouette – Jean-Claude Mourlevat

La délicatesse – David Foenkinos

La vérité sur l’Affaire Harry Quebert – Joël Dicker

La liste de mes envies – Grégoire Delacourt

Rien ne s’oppose à la nuit – Delphine de Vigan

Que serais-je sans toi? - Guillaume Musso

La première gorgée de bière – Philippe Delerm

Pedigree – Patrick Modiano

Petit pays - Gaël Faye

Un sac de billes – Joseph Joffo

Extase du selfie et autres gestes qui nous disent – Philippe Delerm

Le rouge et le noir – Sthendal.

La tresse – Laetitia Colombani

Le secret de Nina – Carole Mortimer

A la lumière de nos jours – Clarisse Sabard

Le bal – Diane Peylin

Plus on est de fous – Zoé Brisby

Un invincible été – Catherine Bardon

Kérozène – Adeline Dieudonné

Combat et métamorphose d’une Femme – Edouard Louis

Les papillons – Barcella

Les Enfants véritables – Thibault Bérard

Le parfum de l’exil – Ondine Khayat

La caresse du loup – Catherine Robert

Et ces êtres sans pénis ! – Chahdortt Djavann

Décomposée – Clémentine Beauvais

Comme des bêtes – Violaine Bérot

Celle que je suis – Claire Norton

## **C1.2**

L’adversaire – Emmanuel Carrère

Regarde les lumières mon amour – Annie Ernaux

Le pays des autres – Leïla Slimani

Madame Bovary – Gustave Flaubert



Chagrin d'école – Daniel Pennac

Elle s'appelait Sarah – Tatiana de Rosnay

L'élégance du hérisson – Muriel Barbery

L'étranger – Albert Camus

Rue des boutiques obscures – Patrick Modiano

Chanson douce – Leïla Slimani

La peste – Camus

Alcools – Guillaume Apollinaire

Poésie – Arthur Rimbaud

Les fleurs du mal – Charles Baudelaire

Les contemplations – Victor Hugo

Les amours – Ronsard

## ACTIVIDADES CULTURAIS

O departamento de francés da Escola Oficial de Idiomas de Lugo acorda propor as seguintes actividades culturais e de promoción do idioma.

O departamento de francés da Escola Oficial de Idiomas de Lugo acorda propor as seguintes actividades culturais e de promoción do idioma.

- **Semana do gusto. 16-20 outubro:** degustación e xogos arredor da temática da comida e dos sabores.
- **Semana da inmigración francófona. 5-11 novembro** actividades de intercambio co centro de Luxemburgo e coa Universidade de Sousse - Facultade das Letras et Ciencias Humanas.
- **Celebración do Nadal. Mércores 20 de decembro e xoves 21 de decembro.** Concurso gastronómico. Pediráse ao alumnado que traia unha sobremesa relacionada co Nadal así como a receita escrita que exporá aos asistentes. Serán valoradas por un xurado. Daráselle un agasallo aos gañadores.
- Haberá xogos e actividades lúdicas en torno a temática do Nadal. Por exemplo, o xogo “do amigo invisible” (o agasallo será simbólico, algo realizado polo propio alumnado ou algo usado...)

Prevedemos investir unha cantidade de **100 euros** até finais de decembro de 2023.

- **Celebración do Entroido. Mércores 15 de febreiro.** Organizarase a preparación de “crêpes” na aula co alumnado de A1, A1-A2 e A2 ademais dun concurso de disfraces relacionados coa cultura francófona.
- Por outra banda, aproveitando **a tradición do día dos namorados**, organizarase unha correspondencia. + un speed dating.
- **Semana de la lengua francófona. 14-24 de marzo.** Coincidindo coa **semana da prensa** en marzo e **coa festa de Pascua**, organizaranse actividades que teñan en conta esas celebracións. **21 mars:** Contacontos.
- **Coñecer o día dos inocentes. 1 de abril.** (inventar chistes, crear e detectar noticias falsas)
- **Maio:** para o día do traballo elaborar *un podcast* (cos cursos avanzados) sobre a situación laboral das mulleres / homes en Luxemburgo / España / Túnez, elaborando una noticia e un pequeno debate.

**Outras actividades que se poderán realizar:**

- **Viaxe** a Francia ou a un país francófono
- **Actividades lúdicas** (búsquedas do tesouro..) e/ou **visitas guiadas** fora do centro educativo.
- **Obradoiros** dentro e fora do centro
- **Conferencias-coloquios-espectáculos** sobre aspectos relacionados coa cultura e a sociedade francesa, dentro e fora do centro.
- **Actividades con centros da contorna.**

Visibilizaranse as devanditas actividades nas ferramentas virtuais da escola e do departamento.

Estas actividades pretenden manter o alumnado co espírito da aprendizaxe na escola oficial de idiomas baseado na incorporación continua de contidos culturais en diferentes soportes. Por outra banda, o manexo das distintas aplicacións contribuirá a reforzar as competencias dixitais do alumnado e do profesorado.

# RECURSOS

## Humanos

3 profesoras con horario completo.

## Materials

- Libros de texto de cada nivel:

### Niveau A1:

À propos A1 Livre de l'élève

Christine Andant, Catherine Metton, Annabelle Nachon, Fabienne Nugue PUG

À propos A1 Cahier d'exercices

Christine Andant, Catherine Metton, Annabelle Nachon, Fabienne Nugue PUG

### Niveau A2:

Saison 1 A1+ CAHIER D'ACTIVITÉS

Marion Alcaraz, Dorothée Escoufier.

### Niveau A1-A2:

Saison 1 A1+ METHODE DE FRANÇAIS

Marie-Noelle Cocton, Élodie Heu, Catherine Houssa, Émilie Kasazian Didier

Saison 1 A1+ CAHIER D'ACTIVITÉS

Marion Alcaraz, Dorothée Escoufier.

### Niveau B1:

Illico 2 A2 Méthode de français

Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot Hachette-Sgel

Illico 2 A2 Cahier d'activités

Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot Hachette-Sgel

### Niveau B2-1 :

Illico 3 B1 Méthode de français

Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot Hachette-Sgel

Illico 3 B1 Cahier d'activités

Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot Hachette-Sgel

**Niveau B2-2 :**

Édito B2      Livre de l'élève  
Didier- Français langue étrangère  
Édito B2      Cahier d'activités  
É. Heu-Boulhat, J. Mabilat  
Didier- Français langue étrangère

**Niveau C1-1 :**

Illico 4 B2      Méthode de français  
Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot      Hachette-Sgel  
Illico 4 B2      Cahier d'activités  
Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot      Hachette-Sgel

**Niveau C1-2 :**

Illico 5 C1-C2 Cahier d'activités perfectionnement  
Nathalie Hirschsprung et Tony Tricot      Hachette-Sgel

Material complementario:

- Encerados dixitais, libros dixitais, as contornas e comunidades virtuais, fragmentos de series/películas e música como material auténtico. As TIC (bitácora, aula virtual...)
- Materiais creados polo profesorado do departamento.
- Materiais existentes no centro á disposición do alumnado e do profesorado na biblioteca e na aula de autoaprendizaxe.
- Recursos en liña e repositorios.
- Dicionarios, material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros que detallamos a continuación:

Gramáticas recomendadas:

- JOB, B: *La grammaire du français: théorie et pratique*. Santillana (A2, B1, B2).
- DELATOUR, D. E outros: *Grammaire du français. Cours de Civilisation française de la Sorbonne*. Hachette (C1).

Gramáticas de consulta:

NIVEL A2 – B1- B2

- *La grammaire française: théories et pratique*, Beatriz Job. Edit. Santillana, 2002
- *La grammaire française: théories et pratique, corrigés*, Beatriz Job. Edit. Santillana, 2002
- *Cours de civilisation française de la Sorbonne*. Hachette, 1991

#### NIVEL C1

- *Le bon usage*, Grévisse, De Boeck/Duculot, 2001
- *Précis de grammaire française*, Grévisse, 1995
- Diccionarios :
- *Petit Robert 1, Dictionnaire de la langue française*. A Rey, J Rey-Debove, última edición
- *Larousse, Gran Diccionario Español/Francés Français/Espagnol* Ramón García Pelayo y Gross y Jean Testas. Última edición.

#### Bibliografía complementaria:

- o *Grammaire expliquée du français* CLE International
- o *Nouvelle grammaire du français* Hachette
- o *Grammaire pratique du français en 80 fiches* Hachette
- o *Exercices de grammaire A1* Collection « Je pratique » Didier
- o *Les clés du nouveau DELF Niveau A1* PUG
- o *Les exercices de grammaire A1* Hachette
- o *Exercices de grammaire en contexte niveau avancé* Hachette
- o *Grammaire expliquée du français* CLE International
- o *Activités pour le CECR Niveau A1* CLE International
- o *Le Nouvel Entraînez-vous DELF A1 200 activités* CLE International
- o *Vocabulaire expliqué du français Niveau Débutant* CLE International
- o *Vocabulaire progressif du français Niveau Débutant* CLE International
- o *Vocabulaire expliqué du français Niveau Intermédiaire* CLE International
- o *Vocabulaire progressif du français Niveau Intermédiaire* CLE International
- o *Vocabulaire expliqué du français Niveau Intermédiaire* CLE International
- o *Vocabulaire progressif du français Niveau Intermédiaire* CLE International
- o *Vocabulaire progressif du français Niveau avancé* CLE International
- o *Exerçons-nous 350 exercices de conjugaison* Hachette
- o *L'Expression française écrite et orale* PUG
- o *Guide pratique de la communication* de Chamberlain
- o *Manuel pratique de traduction* Arlette Véglia de Alhambra;

## AVALIACIÓN

Esta avaliación levarase a cabo seguindo os criterios establecidos no Decreto 81/2018 por lo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial; e na RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23. Dende a xefatura do departamento e coa colaboración dos seus membros, garantirase a adecuación das probas e da súa avaliación aos estándares establecidos.

### Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. Está prevista unha recolocación para aquel alumnado que non estea matriculado no nivel que lle corresponda, seguindo as instrucións recibidas para estes casos.

### Avaliación formativa e de progreso

A **avaliación formativa** refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A **avaliación formativa** ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261).

No departamento de francés desta escola, **a avaliación de progreso** levarase a cabo **en todos os grupos e niveis** de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe.

Mediante a realización de tarefas, na aula ou na casa, entregadas en man ou pola aula virtual, o alumnado poderá coñecer o seu progreso, en cada unha das actividades de linguas.

Algunhas tarefas realizadas na clase terán unha cualificación numérica. As que se realicen na casa poderán ter unha avaliación numérica ou simplemente unha explicación dos erros e propostas de corrección.

Para cada destreza, a suma das distintas tarefas acadará un valor sobre 25 puntos. Para avaliar as producións, coproducións e mediación escritas e orais, utilizaranse as taboas de avaliación dos niveis A2 (niveis A1 e A2)-B1-B2 (B2.1 e B2.2) -C1 (C1.1 e C1.2).

Publicaranse as cualificacións de cada destreza na plataforma CentrosNet.

O alumnado que non asista a clase obterá unha cualificación de NP na plataforma CentrosNet.

O alumnado que non realiza as tarefas propostas na aula nin entrega os traballos encomendados, obterá unha cualificación de NP por falta de información obxectiva acerca do seu progreso.

Ao alumnado que só realice algunhas tarefas, poñeráselle a cualificación correspondente ás devanditas tarefas.

Este seguimento do aproveitamento académico, serviralles tamén ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. Finalmente, esta avaliación favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

### **Avaliación certificadora**

Este tipo de avaliación levarase a cabo ao final do curso para obter os certificados dos niveis A2-B1-B2-C1. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

No deseño das probas de certificación tomaranse como referencia os obxectivos, as competencias, os contidos e os criterios de avaliación para cada nivel e actividade de lingua dos currículos establecidos no Decreto 81/2018, do 19 de xullo.



### Estructuras das probas

As probas correspondentes ao **niveis básicos A1, A1A2 e A2** estruturaránse en **catro** partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes aos **niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1** estruturaránse en **cinco** partes: comprensión de textos orais, produción e coprodución de textos orais, comprensión de textos escritos, produción e coprodución de textos escritos, e mediación.

A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaránse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinarase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

Desta forma, a actividade de mediación e as actividades de produción e coprodución, que se administrarán, con carácter xeral, conxuntamente, poderán extraerse para seren administradas por separado, se for preciso. En todo caso, cada unha das cinco actividades avaliarase de xeito independente.

### Administración das probas de certificación

As probas dos niveis, **básico A1, básico A2 e intermedio B1** serán administradas de acordo co calendario que estableza cada escola, despois da publicación pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do calendario das probas do resto dos niveis. Excepcionalmente, as probas da convocatoria ordinaria poderán realizarse nunha data distinta, previa autorización da xefatura territorial á vista do informe do servizo de inspección educativa correspondente.

As probas dos **niveis intermedio B2, avanzado C1** nas datas que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## Avaliación e cualificación das probas de certificación

Correspóndelle ao profesorado das escolas oficiais de idiomas a avaliación e cualificación das probas de certificación para a obtención dos certificados dos niveis básico A1, A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos que figuran no Decreto 81/2018 e no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.

Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

Para o **nivel básico A1 e A2**, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua. O alumnado que teña que presentarse á convocatoria extraordinaria conservará as cualificacións das competencias superadas na convocatoria ordinaria.

Para **os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1**, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba, será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba: 81,25/125.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir unha cualificación inferior a 16,25. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime

oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

### **Cursos de promoción**

As probas dos niveis, **intermedio B2.1 e avanzado C1.1** serán administradas de acordo co calendario que estableza cada escola, despois da publicación pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do calendario das probas do resto dos niveis. Excepcionalmente, as probas da convocatoria ordinaria poderán realizarse nunha data distinta, previa autorización da xefatura territorial á vista do informe do servizo de inspección educativa correspondente.

### **Avaliación e cualificación das probas de promoción**

Para **os niveis intermedio B2.1 e avanzado C1.1** a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba, será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba: 81,25/125.

O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%, é dicir unha cualificación inferior a 16,25. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Ademais, ao alumnado que obteña unha cualificación de Apto, poderáselle sumar até un 10% da avaliación formativa.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria.

O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

## **Instrumentos de avaliación**

Para as probas terminais de promoción e certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

## **Publicación dos resultados e procedementos de reclamación sobre as cualificacións**

Os resultados das probas faranse públicos conforme o que estableza a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A información que se lle facilite ao alumnado sobre o resultado das probas de certificación incluírá a puntuación de cada unha das partes que as compoñen e a súa correspondente cualificación parcial, así como a cualificación global correspondente á proba no seu conxunto.

O procedemento para formular reclamacións sobre os resultados da avaliación farase de acordo co establecido.

## **ATENCIÓN A DIVERSIDADE**

A capacidade humana para aprender linguas non está limitada, os alumnos deben de ser expostos ás linguas estranxeiras nun clima pedagóxico favorable.

O alumnado da Escola Oficial de Idiomas caracterízase pola súa heteroxeneidade. Os alumnos presentan diferentes características en canto á idade, ao nivel de formación, á profesión, á experiencia lingüística, á capacidade, etc. Ademais os seus intereses e os obxectivos didácticos que perseguen varían considerablemente en función de todas estas características.

Convén sinalar ademais que o ensino na Escola Oficial de Idiomas debe ter en conta as particularidades da educación de adultos, xa que estes son o seu público maioritario.

Resulta imprescindible identificar as características dos aprendices para empregar as estratexias máis axeitadas á diversidade do grupo e ás necesidades de cada alumno, dos que necesitan máis apoio e dos que son máis rápidos. Traballarase en grupo de xeito presencial e tentarase crear un clima favorable e motivador, co gallo de conseguir un grupo estable e cohesionado. Proporcionaranse ferramentas adecuadas e actividades complementarias específicas, a maior parte en liña, para favorecer a

autoaprendizaxe e que o alumno poida reforzar aquelas áreas nas que ten máis dificultades.

Por outra banda para compensar as faltas de asistencia, grazas á plataforma Moodle, o alumnado poderá realizar actividades de reforzo de todas as destrezas e consultar todas as unidades didácticas así como os documentos escritos, audio, video que se traballen na clase.

Ademais, algunhas dificultades físicas, cognitivas ou sensoriais poden requirir unha adaptación do proceso de ensino e de avaliación. Estas actuacións serán tratadas a través do departamento de francés e da Escola de Idiomas segundo a normativa establecida.

## AUTOAVALIACIÓN

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.
- A aprendizaxe lograda polo alumnado.
- As medidas de individualización do ensino.
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...).
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, metodolóxica...).
- A coordinación co resto do profesorado.

## AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen.

1. Avaliación dos obxectivos • Adecuación dos obxectivos xerais de nivel. • Se se relacionan con todos os niveis evolutivos do alumno. • Se os requirimentos se adaptan ós coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe. • Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.

2. Avaliación dos contidos • Concretízanse os obxectivos propostos. • Se se adaptan ao currículo vixente. • Se amosan unha lóxica interna. • Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe. • Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas).

3. Avaliación do conxunto da experiencia educativa

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno.

Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

1. Reunións de coordinación de departamento e de coordinación pedagóxica (CCP), presenciais ou en liña. Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.

2. Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflectindo na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.

3. Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos a reformar que se inclúan na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.

Esta programación foi elaborada e aprobada polos membros do departamento de francés.

Lugo, 22 de setembro de 2023

Marta García Martínez



Adrián Alfonso Ferverza



Blandine Mouret

